

Concello de Viveiro

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 4 DE SETEMBRO DE 2024.

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA

D^a MARÍA LOUREIRO GARCÍA

CONCELLEIROS

D. Jesús Fernández Fernández, D^a Lara Fernández Fernández Noriega, D^a Catalina Fernández Méndez, D^a Miriam Bermúdez García, D^a Iria Cotelo Cociña, D. Juan Ramón Martínez Castro, D^a María del Carmen Gueimunde González, D. Martín Vale Cobo, D. Domingo González López, D. Pablo Varela Sánchez, D^a Saray Ventura Fernández, D. Vicente Vázquez Chao, D^a Erea Rivera Vázquez e D. Manuel Galdo Dopico.

SECRETARIA XERAL

D^a. Mari Luz Balsa Rábade.

No salón de Sesións, sendo as 19:30 horas do día 4 de setembro de 2024, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico o acto. Por motivos técnicos para a gravación da presente sesión plenaria, demorase o acto de inicio ata a conexión por parte de todos os equipos dos membros asistentes.

Escusa a súa asistencia D. Bernardo Fraga Galdo.

Asiste telemáticamente D. Juan Ramón Martínez Castro.

Non asiste ao pleno a Interventora Municipal.

Comprobado pola Secretaria a existencia de quórum necesario, declárase aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

ASUNTOS TRATADOS NA SESIÓN PLENARIA

ORDE DO DÍA

1ª PARTE

PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 7 DE AGOSTO DE 2024.

2.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA, PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORAS ESTRUCTURAIAS PARA A REDUCIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓN DA ARPSI FLUVIAL RIO FONTECOVA (EXPTE.- 4997/2024)

3.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONVIVENCIA, LIMPEZA E RESIDUOS. (EXPTE.- 8917/2019)

2ª PARTE:

PARTE DECLARATIVA



Concello de Viveiro

1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO PARA INVESTIR EN LA RED DE ABASTECIMIENTO DE AUGA.

3ª PARTE: **PARTE DE CONTROL**

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

2.-ROGOS E PREGUNTAS.

1ª PARTE

PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 7 DE AGOSTO DE 2024.

Non existindo obxeccións apróbase por unanimidade a acta da sesión de data 07/08/2024.

2.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA, PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORAS ESTRUTURAIS PARA A REDUCIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓN DA ARPSI FLUVIAL RIO FONTECOVA (EXPTE.- 4997/2024)

Visto o expediente sobre o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación "Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)"

Vistos os informes obrantes no expediente.

Vista a proposta de Alcaldía, obrante no expediente, que se transcribe a continuación:

"Visto o escrito presentado por Augas de Galicia o pasado 22 de xullo solicitando a aprobación do texto do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación "Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)"

Visto que consta documento retención de crédito para a cantidade correspondente á anualidade 2024 e documento rc plurianual para as cantidades correspondentes aos exercicios 2025 e 2026.

Vistos os informes obrantes no expediente.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Acordar a aprobación do texto do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación "Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)".

Segundo.- Aprobar o gasto plurianual previsto no Convenio, acordando, en virtude do disposto no artigo 174.5 do TRLRFL, a modificación das porcentaxes previstas a que se refire o apartado 3 do referido artigo, en orde a aprobar os importes e anualidades previstos no Convenio; supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, co compromiso de incluír nos orzamentos correspondentes a cada anualidade a cantidade referida no texto do Convenio, segundo documento rc para a anualidade 2024 e rc plurianual para as anualidades posteriores polos importes recollidos no Convenio.



Concello de Viveiro

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a realización dos trámites necesarios para levar a a sinatura do referido convenio e calquera outro trámite posterior que derive da súa execución.”

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcaldesa explicando o convenio a aprobar.

Intervén D^a María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal Partido Popular de Viveiro, mostrándose a favor da aprobación do convenio.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do BNG, mostrándose a favor da aprobación do convenio.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, recordando que pasaron xa 6 anos e comenta que non quere deixar no esquecemento que unha parte importante dos danos están na ponte da Carreira e solicita que o Concello siga traballando na recuperación desa ponte que afecta ao funcionamento de dúas pequenas empresas do ámbito gandeiro que ven complicado o seu futuro.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do BNG, informando que ao respecto desa ponte hai un orzamento de daquela de 200.000 €, polo que se lle vai solicitar á Deputación que actualice ese orzamento para logo facelo chegar a Augas de Galicia e así intentar conseguir que colaboren con Concello no arranxo desa ponte que tamén se veu afectada pola riada.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, comentando que ese orzamento lle parece esaxerado.

Intervén a Sra. Alcaldesa sinalando que por parte do Concello no seu momento solicitouse que se recollesen todos os danos no proxecto, pero no seu día díxose que primeiro era recoller a actuación na zona do río para baixo, xa que consideran que a competencia autonómica é do río para baixo. Engade que se vai intentar conseguir unha segunda fase para a zona mencionada. Informa que é un convenio a tres bandas e lévase a pleno polo orzamento que ten, xa que os convenios cando superan unha cantidade débense aprobar polo pleno.

Non existindo mais debate sobre este asunto, procedese á votación, acordándose por unanimidade a súa aprobación, co seguinte contido:

Primeiro.- Acordar a aprobación do texto do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución da actuación "Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-170101 río Fontecova. Viveiro (Lugo)".

Segundo.- Aprobar o gasto plurianual previsto no Convenio, acordando, en virtude do disposto no artigo 174.5 do TRLRFL, a modificación das porcentaxes previstas a que se refire o apartado 3 do referido artigo, en orde a aprobar os importes e anualidades previstos no Convenio; supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, co compromiso de incluír nos orzamentos correspondentes a cada anualidade a cantidade referida no texto do Convenio, segundo documento rc para a anualidade 2024 e rc plurianual para as anualidades posteriores polos importes recollidos no Convenio.



Concello de Viveiro

Terceiro.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a realización dos trámites necesarios para levar a a sinatura do referido convenio e calquera outro trámite posterior que derive da súa execución.

3.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONVIVENCIA, LIMPEZA E RESIDUOS. (EXPTE.- 8917/2019)

Visto o expediente tramitado no Concello de Viveiro relativo á aprobación da “Ordenanza municipal reguladora da convivencia, limpeza e residuos”.

Resultando que en data 4 de agosto de 2020, se acordou polo Pleno da Corporación a aprobación inicial da referida Ordenanza, sendo exposta ao público por prazo de trinta días hábiles, tendose presentado nese prazo un total de 69 alegacións, as cales 10 foron estimadas total ou parcialmente (consta informe de resposta ás alegacións no expediente). Así mesmo e dado os cambios normativos a nivel estatal e autonómico producidos neste tempo, realizáronse adaptacións na redacción da ordenanza á nova lexislación, sin que supoñan un cambio sustancial no contido da mesma.

Vista a proposta de Alcaldía, obrante no expediente, resultando do debate da propia Comisión Informativa de Infraestructuras e obras no medio rural, medio ambiente e medio rural, na que se acordou a realización de cambios puntuais no texto, en orde a unha maior precisión normativa, tendo en conta as alegacións presentadas, así como a normativa actual e sen variar o contido esencial previsto no texto aprobado inicialmente, segundo consta na acta da referida Comisión Informativa, sendo ditaminado favorablemente, coa seguinte redacción, resultado da estimación e desestimación das alegacións presentadas e resultado dos cambios puntuais realizados referidos, segundo se transcribe a continuación: :

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONVIVENCIA, LIMPEZA E RESIDUOS.

INDICE

Exposición de Motivos.

TÍTULO I. Disposicións Xerais.

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Aplicación analóxica.

Artigo 3. Obriga de cumprimento e vixilancia.

Artigo 4. Definicións.

TÍTULO II. Limpeza viaria

Capítulo I. Da limpeza pública como consecuencia do uso común xeral dos cidadanos.

Artigo 5. Dereitos e obrigas dos cidadáns.

Artigo 6. Necesidades fisiolóxicas.

Artigo 7. Réxime de sancións.

Artigo 8. Consumo de bebidas na vía pública.

Artigo 9. Limpeza das vías públicas.

Artigo 10. Novas urbanizacións.

Capítulo II. Actividades susceptibles de ensuciar as vías públicas. Casos particulares.

Artigo 11. Establecementos e actividades comerciais.

Artigo 12. Organizadores privados de actos públicos en espazos de propiedade municipal.

Artigo 13. Actividades de transporte.

Artigo 14. Obras.

Artigo 15. Animais na vía pública.



Concello de Viveiro

Artigo 16. Elementos publicitarios.

Artigo 17. Pintadas

Artigo 18. Execución subsidiaria.

Capítulo III. Limpeza de soares e demais terreos de propiedade privada.

Artigo 19. Obrigas xerais.

Artigo 20. Titularidade.

Artigo 21. Comprobacións.

Artigo 22. procedemento

Artigo 23. Da limpeza das zonas próximas ás masas forestais.

Capítulo IV. Limpeza de espazos e inmobles privados.

Artigo 24. Disposicións xerais.

TITULO III. Residuos municipais.

Capítulo I. Recollida de residuos.

Artigo 25. Residuos municipais.

Artigo 26. Sistemas de recollida.

Artigo 27. Recollida separada e depósito de residuos.

Artigo 28. Sistemas de recollida de residuos domésticos e asimilados.

Artigo 29. Concienciación cidadá.

Artigo 30. Punto Limpo.

Artigo 31. Prohibición de botar residuos á rede de saneamento.

Capítulo II. Residuos municipais especiais.

Artigo 32. Animais domésticos mortos.

Artigo 33. Mobles e outros residuos voluminosos.

Artigo 34. Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

Artigo 35. Vehículos abandonados.

Artigo 36. Residuos procedentes de obras menores e reparacións domiciliarias.

Artigo 37. Recollida de restos de poda e xardinería.

Artigo 38. Residuos de pilas usadas.

Artigo 39. Residuos de aceites e graxas vexetais de orixe domiciliaria.

Artigo 40. Residuos sanitarios sin risco ou inespecíficos.

Artigo 41. Residuos textís (roupa, zapatos usados e outros textís do fogar)

Artigo 42. Residuos de medicamentos e os sus envases.

Artigo 43. Biorresiduos.

Artigo 44. Residuos comerciais non perigosos e domésticos xerados en industrias.

Artigo 45. Separación en orixe das fraccións de recollida separada obrigatoria en eventos públicos.

Artigo 46. Residuos excluídos da recollida municipal.

TITULO IV. Réxime sancionador.

Artigo 47. Fundamento.

Artigo 48. Potestade sancionadora.



Concello de Viveiro

Artigo 49. Relación co orde xurisdiccional penal.

Artigo 50. Responsables.

Artigo 51. Tipificación de infraccións.

Artigo 52. Sancións.

Artigo 53. Obriga de reparación, execución subsidiaria e multa coercitiva.

Artigo 54. Prescrición.

DISPOSICION TRANSITORIA

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. Entrada en vigor

Segunda. Derogatoria

EXPOSICION DE MOTIVOS

A actual preocupación social pola calidade de vida e a defensa do medio ambiente ten a súa acollida no artigo 45 da nosa Constitución, ao incorporar, coma un dos principios reitores da política social e económica, o dereito de todos a desfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo.

A efectividade da declaración constitucional require unha actuación positiva dos poderes públicos que o propio Artigo 45 lles esixe, ao encomendarlles velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

Esta tutela do medio ambiente, en canto dirixida “ao desenvolvemento da persoa”, demanda a necesaria protección de todo o marco e o entorno da vida humana e, por tanto principalmente, de aquel no que a maioría das persoas desenvolven hoxe a súa existencia, isto é, o medio urbano.

Sen prexuízo da necesaria articulación de competencias coas Administracións territoriais de ámbito superior -Estado e Comunidade Autónoma-, é notoria a responsabilidade dos concellos en materia de medio ambiente, cuxa protección se configura como unha das competencias “propias” das Entidades locais no Artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

A maior abundamento, o Artigo 26 da mesma Lei impón aos concellos a obrigaón de prestar unha serie de servizos, algúns de claro contido medioambiental, como a limpeza viaria e a recollida de residuos.

Na mesma orde de cousas, a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, atribúe ás Entidades locais, como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos na forma que se establece nas súas ordenanzas.

No exercicio das competencias que o ordenamento xurídico lle atribúe, o Concello de Viveiro quere garantir aos seus cidadáns un espazo público de calidade. Con esta finalidade se redacta a presente Ordenanza, que persegue ser un medio útil para o cumprimento, no seu propio ámbito, de aqueles deberes constitucionais de protección e mellora da calidade de vida, e da defensa e restauración do medio ambiente, en consonancia cos principios que rexen a economía circular

Tal obxectivo sería inalcanzable sen a colaboración activa da sociedade (“indispensable solidariedade colectiva”, di a Constitución), que ten que asumir como propia a cuota de responsabilidade que lle incumbe na protección do entorno. Pola súa parte, o Concello debe cumprir coa súa obrigaón protectora do medio ambiente a través de medidas de prevención, minimización, corrección dos efectos ou, no seu caso, prohibición das actuacións públicas ou privadas que poidan ter efectos prexudiciais sobre o medio ambiente e a calidade de vida.

Neste marco, a falta de limpeza e ausencia de mantemento polos propietarios dos soares, parcelas e terreos situados en solos urbanos e de núcleos rurais, así como os rústicos e urbanizables que lindan co dominio público, constitúe unha mala práctica e un incumprimento da obriga dos propietarios de conservación dos terreos e demais bens inmoables nos termos do artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, LSG, e 332 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, RLSG. Esta obriga abrangue a conservación da propiedade nas condicións legais para servir de soporte aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles. Asemade, constitúe obriga inexcusable dos propietarios dos terreos a conservación e mantemento do solo natural e, no seu caso, a masa



Concello de Viveiro

vegetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e demais condicións que se determinen na lexislación vixente.

Esta mala práctica é susceptible de poñer en perigo á poboación ou bens dos cidadáns por incidir no aumento de riscos para a salubridade e seguridade pública, ademais de supoñer un detrimento da imaxe do Concello incumprindo cos estándares mínimos de ornato público e derivando, en moitos casos, en problemas de convivencia veciñal.

Polo tanto, tamén constitúe obxecto da presente ordenanza a regulación da obriga de mantemento da propiedade en termos de limpeza nos solos clasificados pola normativa urbanística vixente no municipio de Viveiro como urbanos e de núcleo rural, por ser solos destinados principalmente á residencia e actividades produtivas nos que os valores de convivencia deben ser especialmente respectados, así como calquera tipo de solo que linde co dominio público, de uso común para todos os cidadás.

Con todo, exceptúanse de esta ordenanza as obrigas de conservación reguladas especificamente na normativa sectorial suxeitas a un procedemento específico. En concreto, as suxeitas ao procedemento específico regulado na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e o artigo 2.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, sen prexuízo do exercicio das competencias atribuídas ao Concello pola propia norma sectorial. No mesmo senso, queda excluída a regulación da obriga de conservación regulada expresamente pola Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Así, a Ordenanza configúrase como un instrumento que pretende articular a corresponsabilidade pública e privada na protección da contorna e a calidade medioambiental. Polo cal, moitas das súas normas presupoñen un espírito cooperativo por parte dos cidadáns, como nas estratexias de recollida selectiva de residuos ou de limpeza do municipio. En contrapartida, han de buscarse mecanismos a través dos cales o concello facilite á veciñanza o cumprimento de aquilo que lles encomenda, poñendo á súa disposición tanto información como medios que simplifiquen ó máximo as obrigas cidadás.

Finalmente, esta solidariedade colectiva que ten que inspirar todo o articulado da Ordenanza é á vez fundamento e expresión de principios medioambientais xa amplamente recoñecidos no ámbito comunitario, e acollidos na nosa normativa interna, tales como o de “quen contamina paga”. Este principio tivo reflexo en varios lugares da presente Ordenanza, e tradúcese na obriga que compete ao responsable de danos medioambientais de devolver os recursos naturais afectados ó seu estado orixinal, sufragando na súa totalidade os custos que isto supoña.

É tamén á luz da corresponsabilidade Administración-cidadáns na protección do medio ambiente, que temos que interpretar as normas da Ordenanza que limitan ou sancionan condutas, pois con elas perséguese, máis aló dunha finalidade punitiva ou represora, encauzar a crecente conciencia cívica sobre a perentoria necesidade de protexer a calidade do noso entorno, que, en canto ben xurídico de interese xeneral, haberán de supeditarse ós intereses particulares.

O fundamento legal desta Ordenanza atópase na normativa que se resume a continuación.

En primeiro lugar, a Directiva 2018/851, do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos,. A transposición desta Directiva ao noso ordenamento xurídico interno levase a cabo a través da lei 7/2022, de Residuos e Solos Contaminados.

Dentro da normativa estatal, é fundamento legal desta Ordenanza, ademais da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 7/2022, de Residuos e Solos Contaminados; Real Decreto 1055/2022, de envases e residuos de envases., e o Regulamento que a desenvolve; a Orden MAM/304/2002, de 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a Lista Europea de Residuos, o Real Decreto 265/2021, de 13 de abril, sobre os vehículos ó final da súa vida útil, o Real Decreto 110/2015, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, Real Decreto 27/2021, de 19 de xaneiro, polo que se modifican o Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos, e o Real Decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

En canto á normativa autonómica que fundamenta a presente Ordenanza, intégrase, eminentemente, a Lei 6/2021, de residuos e solos contaminados de Galicia e demais normativa sectorial aplicable e a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, do regulamento da Lei 2/2016, de solo de Galicia e demais lexislación sectorial aplicable.

ESTRUTURA.- A Ordenanza está estruturada en catro Títulos:-

O Título I, relativo a “Disposicións Xerais”, contén os Artigos 1 a 4, nos que se describen o obxecto perseguido pola Ordenanza e unhas regras xerais sobre a súa aplicación, engadindo unha lista de definicións para facilitar a interpretación do seu contido.



Concello de Viveiro

O **Título II** regula a limpeza das Vías Municipais, e ten por obxecto definir as condicións de limpeza nas que deben atoparse a vía pública e os elementos adxacentes coa mesma ou visibles dende ela, así como establecer as medidas preventivas, correctivas e reparadoras encamiñadas a manter tales condicións.

Este Título estruturase en tres Capítulos, relativos ás seguintes materias:

Capítulo I: Limpeza pública como consecuencia do uso común xeral dos cidadáns.

Capítulo II: Actividades susceptibles de xerar sucidade na vía pública (Casos particulares).

Capítulo III: limpeza de soares e demais terreos de propiedade privada.

O **Título III** adicase aos residuos municipais, e ten por obxecto regular as condicións nas que o Concello presta, e o usuario utiliza, os servizos destinados á recollida dos residuos domésticos e asimilados.

Este Título contén dous Capítulos:

Capítulo I: define os residuos e regula o seu depósito, así como os diferentes sistemas de recollida operativos no municipio.

Capítulo II: adicado a aqueles supostos que, pola súa especialidade (características dos residuos, ou o seu volume), escapan ás normas xerais, e requiren unha regulación específica na súa recollida.

O **Título IV** adicase ao Réxime Sancionador, establecendo, tras unhas disposicións de carácter xeral (fundamento xurídico do procedemento, regulación da potestade sancionadora e normas sobre responsabilidade), a tipificación de infraccións e sancións, así como certas medidas para a reparación dos danos causados.

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto.

Constitúe o obxecto da presente Ordenanza a regulación, no ámbito das competencias municipais, das seguintes actividades:

- a) A limpeza viaria e dos espazos públicos de propiedade municipal, así como a inspección e a realización subsidiaria, no seu caso, da limpeza dos soares e outros espazos de propiedade privada.
- b) Todas aquelas condutas e actividades dirixidas ao depósito e recollida de residuos municipais, respectando o principio de xerarquía, co obxecto de conseguir o mellor resultado ambiental global, mitigando os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente.
- c) Aquelas condutas que afecten á convivencia cidadá.

Artigo 2. Aplicación analóxica.

Nos supostos non regulados pola presente Ordenanza, pero que polas súas características ou circunstancias puideran estar comprendidos no obxecto ou ámbito de aplicación que lle é propio, serán aplicadas, por analoxía, as normas da mesma que garden similitude co caso contemplado, a excepción das restritivas de dereitos e as sancionadoras.

Artigo 3. Obriga de cumprimento e vixilancia.

1. A cidadanía está obrigada ao cumprimento puntual da presente Ordenanza e das disposicións complementarias que, nas materias que constitúen o seu obxecto, sexan adoptadas pola Alcaldía ou órgano competente no exercicio das súas facultades.

2. Así mesmo, como deber cívico, calquera persoa poderá denunciar ante o Concello aquelas infraccións que presencie ou das que teña coñecemento certo, quedando a Administración municipal obrigada a atender as reclamacións, denuncias e suxestións da cidadanía, mediante o exercicio das accións que proceda adoptar en cada caso.

3. Pola súa parte, compete á Administración vixiar activamente o cumprimento das normas municipais, para o cal a Policía Local, vixiantes e técnicos municipais poderán realizar inspeccións mediante a entrada en instalacións, locais ou recintos cantas veces sexa necesario e se autorice polos respectivos propietarios, arrendatarios, titulares, responsables ou encargados, sempre que a actividade de inspección teña por obxecto asegurar o cumprimento das prescricións da presente Ordenanza e da normativa ambiental en vigor. A falta de dita



Concello de Viveiro

autorización, tomaranse as medidas legais pertinentes para garantir o cumprimento desta normativa.

Artigo 4. Definicións.

Aos efectos desta Ordenanza entenderase por:

1. *Residuo*: calquera sustancia ou obxecto que o seu posuidor desbote ou teña a intención ou a obriga de desbotar.
2. *Residuos domésticos*: residuos perigosos ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas.

Así mesmo teñen tal consideración:

a) os similares en composición ou cantidade aos anteriores xerados en servizos e industrias, que non xeren como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria.

b) os que se xeran nos fogares de, entre outros, aceites de cociña usados, aparatos eléctricos e electrónicos, téxtil, pilas, acumuladores, mobles, enseres e colchóns, así coma os residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

c) os procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

d) Serán considerados como residuos domésticos aqueles que a lexislación defina como tales en cada momento.

3. *Residuos comerciais*: Residuos xerados pola actividade propia do comercio, ao por maior e ao por menor, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos.

4. *Residuos industriais*: os resultantes dos procesos de produción, fabricación, de transformación, de utilización, de consumo, de limpeza ou de mantemento xerados pola actividade industrial, excluídas as emisións á atmosfera reguladas na lei 34/2007, de 15 de novembro (de calidade do aire e de protección da atmosfera).

5. *Residuo perigoso*: aquel que presenta unha ou varias das características perigosas enumeradas no Anexo I de la Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados, así como o que poida aprobar o Goberno de conformidade co establecido na normativa europea ou nos convenios internacionais, así como os recipientes ou envases que os contiveran.

6. *Residuos municipais*:

1.º Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada de orixe doméstica, incluídos papel e cartón, vidro, metais, plásticos, biorresiduos, madeira, téxtiles, envases, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, residuos de pilas e acumuladores, residuos perigosos do fogar e residuos voluminosos, incluídos os colchóns e os mobles,

2.º os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada procedentes doutras fontes, cando eses residuos sexan similares en natureza e composición aos residuos de orixe doméstica.

Os residuos municipais non comprenden os residuos procedentes da produción, a agricultura, a silvicultura, a pesca, as fosas sépticas e a rede de saneamento e plantas de tratamento de augas residuais, incluídos os lodos de depuradora, os vehículos ao final da súa vida útil nin os residuos de construción y demolición.

7. *Biorresiduo*: residuo biodegradable de xardíns e parques, residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venta ó por menor, así como residuos comparables procedentes de plantas de procesado de alimentos.

8. *Produtor de residuos*: calquera persoa física ou xurídica cuxa actividade produza residuos (produtor inicial) ou calquera persoa que efectúe operacións de tratamento previo, de mistura ou de outro tipo, que ocasionen un cambio de natureza ou de composición destes residuos.

9. *Posuidor de residuos*: o produtor ou outra persoa física ou xurídica que estea en posesión de residuos. Considerará posuidor de residuos ao titular catastral da parcela na que se localicen residuos abandonados ou lixo disperso, sendo responsable administrativo de ditos residuos, salvo naqueles casos nos que sexa posible identificar ao autor material do abandono ou posuidor anterior



Concello de Viveiro

10. *Xestión de residuos: a recollida, transporte e tratamento dos residuos, incluída a vixilancia destas operacións.*

11. *Xestor de residuos: a persoa ou entidade, pública ou privada, rexistrada mediante autorización ou comunicación que realice calquera das operacións que compoñen a xestión dos residuos, sexa ou non o produtor dos mesmos.*

12. *Recollida: operación consistente no acopio de residuos, incluída a clasificación e almacenamento iniciais para o seu transporte a unha instalación de tratamento.*

13. *Recollida separada: a recollida na que un fluxo de residuos mantense por separado, segundo o seu tipo e natureza, para facilitar un tratamento específico.*

14. *Reutilización: calquera operación mediante a cal produtos ou compoñentes de produtos que non sexan residuos se utilizan de novo coa mesma finalidade para a que foron concibidos.*

15. *Tratamento: as operacións de valorización ou eliminación, incluída a preparación anterior á valorización ou eliminación.*

16. *Valorización: calquera operación cuxo resultado principal sexa que o residuo sirva a unha finalidade útil ó substituír a outros materiais, que de outro modo teríanse utilizado para cumprir unha función particular ou que o residuo sexa preparado para cumprir esa función na instalación ou na economía en xeral.*

17. *Reciclado: toda operación de valorización mediante a cal os materiais de residuos son transformados de novo en produtos, materiais o sustancias, tanto si é coa finalidade orixinal como con calquera outra finalidade. Inclúe a transformación do material orgánico, pero non a valorización enerxética nin a transformación en combustibles.*

18. *Eliminación: calquera operación que non sexa a valorización, incluso cando a operación teña como consecuencia secundaria o aproveitamento de sustancias ou enerxía.*

19. *Prevención: conxunto de medidas adoptadas na fase de concepción e deseño, de produción, de distribución e de consumo dunha sustancia, material ou produto, para reducir a cantidade de residuo, os impactos xerados sobre o medio ambiente e a saúde humana, e/ou o contido de sustancias nocivas en materiais e produtos.*

20. *Residuos voluminosos: Considéranse residuos voluminosos aqueles residuos municipais que polo seu tamaño, forma, volume, peso ou tipoloxía, non poden ser retirados polos servizos de recollida domiciliaria mediante contedores ubicados na vía pública, sendo necesaria a utilización doutros sistemas de recollida e transporte especiais para asegurar o seu correcto traslado, tratamento e eliminación. Son considerados residuos voluminosos: -Mobiliario doméstico. -Electrodomésticos e outros aparellos voluminosos. -Restos de embalaxes, palets e outros útiles similares de desfeito. Non se consideran residuos municipais os residuos voluminosos provenientes de organismos públicos, institucións ou industrias.*

21. *Residuos de construción e demolición: Os efectos desta Ordenanza, considéranse residuos municipais de construción e demolición os que se xeren como consecuencia de obras menores e pequenas reparacións domiciliarias, entendendo por tales as obras de construción e/ou demolición nun domicilio particular, comercio, oficina ou inmoble do sector servizos, de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica, que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións de uso común ou do número de vivendas e locais, e que non precisen de proxecto firmado por profesionais titulados. O resto de residuos de construción e demolición (residuos de natureza fundamentalmente inerte xerados en obras de escavación, nova construción, reparación, remodelación, rehabilitación e demolición non incluídas na definición anterior) non se consideran residuos municipais e están regulados pola normativa medioambiental específica.*

22. *Residuos de animais domésticos mortos: Defínese animal doméstico nos mesmos termos que no Artigo 3.3 e 4 da lei 8/2003, de 24 de abril, de Sanidade Animal, onde se establece que os animais domésticos son aqueles animais de compañía que teñan no seu poder as persoas, cuxa tenencia non teña como destino o seu consumo ou o aproveitamento das súas producións, ou non se leve a cabo, en xeral, con fins comerciais ou lucrativos, co fin de vivir en domesticidade no fogar, así coma os de acompañamento, condución e axuda de persoas cegas o con deficiencia visual grave o severa. Os cadáveres de animais domésticos cuxos propietarios residen no municipio de Viveiro, considéranse residuos municipais.*

23. *Residuos de aceites e graxas vexetais de orixe domiciliaria: A efectos de esta Ordenanza, son residuos municipais aqueles aceites usados provenientes dos procesos de cocción en domicilios particulares. Os provenientes de procesos de cocción en comedores, restaurantes, hoteis, cociñas industrias, se considerarán residuos industriais, en cuxo caso o titular do establecemento deberá xestionalos a través dos xestores autorizados.*



Concello de Viveiro

24. *Soar: A superficie de solo urbano apta para edificar que reúna os requisitos establecidos na lexislación urbanística para ter tal consideración.*

25. *Parcela ou predio: Unidade de solo, tanto na rasante coma no voo ou no subsolo, que teña atribuída edificabilidade e uso, ou só uso, urbanístico independente.*

26. *Terreo: Extensión de solo con independencia da súa clasificación urbanística, que pode estenderse a máis dunha parcela ou predio.*

27. *Solo urbano: Os clasificados como solo urbano consolidado ou non consolidado pola normativa urbanística vixente no municipio de Viveiro.*

28. *Solo de núcleo rural: Os clasificados como núcleo rural pola normativa urbanística vixente no municipio de Viveiro.*

29. *Condições de seguridade salubridade, accesibilidade e ornato público: Situación na que se encontra unha construción ou edificación, soar, terreo ou parcela, en tanto os donos ou posuidores cumpren a obrigaçión de limpeza e conservación previstas na normativa urbanística e nesta ordenanza.*

Entenderase en todo caso que incúmprese con estas obrigaçións cando os inmobles presenten na totalidade ou en parte dos mesmos maleza que alcance unha altura superior a 1,00 metro desde a rasante do terreo, aconsellando o seu descaroce, roce e limpeza por incumprimento das condicións de limpeza esixibles de conformidade con esta ordenanza.

30. *Limpeza: Por soares, parcelas e terreos limpos enténdense aqueles libres de residuos ou refugallos, con eliminación de capa vexetal (maleza). Implicará o mantemento da propiedade sen ningún resto orgánico ou mineral que poida alimentar ou albergar animais ou plantas portadoras ou transmisoras de enfermidades, producir malos cheiros; e daqueles materiais inflamables ou susceptibles de provocar incendios, debendo ademais velar pola recollida e eliminación dos devanditos restos e materiais. Igualmente, protexeranse ou eliminaranse os pozos ou desniveis que neles existan e todo tipo de elementos que poidan ser causa de accidente.*

Os solos regulados pola presente ordenanza non poderán albergar árbores que presenten risco de caída. Agás neste suposto, non se entenderá por limpeza a tala de masas arbóreas, ou de árbores illadas.

Permitirase en parcelas situadas en solo urbano ou de núcleo rural o amoreamento de madeira resultante para consumo propio en condicións de seguridade. Entenderase que se mantén en condicións de seguridade sempre que o amoreamento realícese mediante pilas ordenadas en construcións auxiliares ou instalacións habilitadas ao efecto, ou ben – no caso de solo de núcleo rural – mediante pilas ordenadas impedindo o seu deterioro e a proliferación de maleza ao seu redor. Neste último suposto, non poderán realizarse pilas de madeira a menos de 2 metros de calquera dos lindes de parcela.

31. *Maleza: Especies vexetais silvestres arbustivas e herbáceas de calquera especie cuxo crecemento xere espesura a partir dunha aglomeración destas, na totalidade ou parte dun soar, parcela ou terreo. Sinaladamente a constituída por breixos, carqueixas, xestas, silveiras, fentos e toxos.*

TITULO II

LIMPEZA VIARIA

Este título ten por obxecto regular no ámbito das competencias do Concello de Viveiro as seguintes situacións, actuacións e comportamentos:

a) *A limpeza da vía pública no que se refire ao uso común xeral da cidadanía, e as actividades susceptibles de ensuciar as vías públicas. A limpeza de soares e terreos de propiedade municipal; e a inspección e a realización subsidiaria da limpeza de soares e terreos de titularidade privada.*

b) *A prevención do estado de suciedade no termo municipal producida como consecuencia das manifestacións públicas na rúa, e a limpeza dos bens de dominio municipais no que respecta ao seu uso común especial e privativo.*

c) *O mantemento do estado xeral de limpeza e ornato dos espazos públicos e dos bens de dominio público municipal.*

d) *Velar polo mantemento do estado xeral de limpeza e ornato dos terreos en soares, parcelas ou terreos privados clasificados como urbanos ou de núcleo rural pola normativa urbanística vixente, así como parcelas ou terreos rústicos ou urbanizables privados que linden co dominio público.*

Capítulo I: Da limpeza como consecuencia do uso común xeral dos cidadáns.



Concello de Viveiro

Artigo 5. Dereitos e obrigas dos cidadáns.

1. *Todos as persoas teñen dereito a desfrutar dun ambiente adecuado e dun entorno limpo e libre de residuos.*
2. *En atención a este dereito, non está permitida, con carácter xeral, acción algunha que menoscabe a limpeza do municipio, empeore o seu aspecto ou vaia en detrimento do seu ornato, deixando a salvo as situacións autorizadas polo concello, previa adopción das medidas que este determine.*
3. *En concreto, quedan prohibidas as seguintes condutas:*
 - a) *Depositar, tirar ou abandonar calquera clase de produto, en estado sólido, líquido ou gaseoso, que poda alterar as condicións de limpeza que esixe a estética do concello, incluída a varredura da vía pública que recollan os particulares.*
 - b) *Abandonar na vía pública produtos do varrido e limpeza producidos por particulares.*
 - c) *A limpeza ou, de ser o caso, sacudida de alfombras, prendas ou calquera outro obxecto sobre a vía pública desde fiestras, balcóns ou terrazas, así coma tirar calquera tipo de residuo á vía pública dende fiestras, terrazas, balcóns, aberturas exteriores, etc., dos edificios, vivendas ou establecementos, incluso en bolsas ou calquera outro recipiente.*
 - d) *O vertido de augas procedentes de limpeza de calquera tipo sobre a vía pública ou na rede de sumidoiros.*
 - e) *Evacuar á rede de sumidoiros calquera tipo de residuo sólido ou pastoso.*
 - f) *O lavado e limpeza de vehículos e calquera outra operación de mantemento destes, agás reparacións de emerxencia. Neste caso deberá procederse á limpeza da zona afectada.*
 - g) *Tirar ó chan cáscaras, papeis, gomas de mascar, cabichas, envoltorios ou calquera outro desperdicio, que deberá depositarse nos contedores instalados para tal fin.*
 - h) *Non se permite regar as plantas instaladas no exterior dos edificios se a consecuencia desta operación se producen vertidos ou salpicaduras sobre a vía pública ou sobre os seus elementos. A rega farase coa debida precaución e coidado para non causarlles molestias nin prexuízos aos cidadáns e de acordo co horario establecido nesta ordenanza. Este horario será de 23:00 a 07:00.*
 - i) *Satisfacer as necesidades fisiolóxicas ou cuspir na vía pública.*
 - j) *Depositar nos contedores ou colectores de recollida de residuos cabichas de cigarros ou outros materias prendidos.*
 - k) *Dar de comer aos animais sen dono coñecido, e, en particular, a gaivotas, cans e gatos. A excepción daquelas persoas que contén coa autorización perceptiva.*
 - l) *Ensuciar a vía pública como consecuencia da tenza de animais.*
 - m) *Facer fogueiras, lumaradas ou queimas de calquera clase, salvo autorización expresa da administración competente para eventos sinalados, que indicará o lugar e as condicións en que estas accións se poden realizar.*
 - n) *Botar calquera tipo de desperdicio dende vehículos, tanto parados como en marcha.*
 - o) *As condutas vandálicas, agresivas ou negligentes no uso do mobiliario urbano que xeren situacións de risco ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas ou dos bens.*
 - p) *Tirar ao chan ou depositar recipientes de bebidas como latas, botellas, vasos, ou calquera outro obxecto.*
 - q) *Realizar calquera clase de pintadas e inscricións, tanto na vía pública, coma sobre o mobiliario urbano ou sobre muros, paredes de edificios, fachadas, estatuas, monumentos e, en xeral, calquera elemento integrante da cidade. Exceptúanse os graffitis realizados nos lugares expresamente autorizados para o efecto.*
 - r) *Abandonar mobles e aparellos particulares.*
 - s) *Prohíbese verter auga ou outros líquidos das máquinas climatizadoras ou similares directamente á vía pública.*
 - t) *Prohíbese colocar as rendixas de aire propulsado por motores, nas fachadas, coas lamas carón o chan, cando estas poidan afectar ós viandantes.*



Concello de Viveiro

4. A comisión dalgunha das condutas descritas, ou de calquera outra que supoña un menoscabo para a limpeza ou ornato do municipio, conlevará a obriga de reparar o dano causado na forma en que se determine polos Servizos Municipais competentes, sen prexuízo das sancións a que, no seu caso, houbera lugar.

Artigo 6. Necesidades fisiolóxicas.

Fundaméntase a regulación contida neste artigo na protección da saúde pública e da salubridade, do dereito a gozar dun espazo público limpo e non degradado e no respecto polas pautas de convivencia cidadá e civismo.

1. *Prohíbese satisfacer necesidades fisiolóxicas en calquera dos espazos públicos.*
2. *Será circunstancia agravante a realización da conduta descrita no apartado anterior cando se leve a cabo en espazos de concorrida afluencia de persoas ou frecuentado por menores ou cando se faga en monumentos, edificios ou espazos públicos catalogados ou protexidos.*

Artigo 7. Réxime de sancións.

1. *A conduta descrita no apartado primeiro do artigo precedente será constitutiva de infracción leve.*
2. *Constituirá infracción leve agravada a conduta descrita no apartado 2 do artigo precedente.*

Artigo 8. Consumo de bebidas na vía pública.

1. *Queda prohibido, conforme á Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, o consumo de bebidas na vía pública cando poida perturbar gravemente a tranquilidade cidadá. Para estes efectos, prodúcese perturbación cando concorran as circunstancias seguintes:*

- a) *Cando pola morfoloxía ou a natureza do lugar público, o consumo poida facerse de forma masiva por grupos de cidadáns/ás ou invite á aglomeración destes.*
- b) *Cando como consecuencia da acción do consumo se poida deteriorar a tranquilidade da contorna ou provocar nel situacións de insalubridade. A prohibición a que se refire este apartado quedará sen efecto nos supostos en que o consumo de bebidas teña lugar en establecementos e outros espazos reservados expresamente para esa finalidade, como terrazas e veladores, e cando dito consumo conte coa oportuna autorización que as autoridades competentes poden outorgar en casos puntuais*

2. *Prohíbese nas vías e zonas públicas, a distribución e administración de bebidas, incluso desde vehículos automóbiles, caravanas, carros barracas ou similares, se realicen a título oneroso ou gratuito excepto os supostos expresamente autorizado pola administración competente.*

3. *Igualmente, nos locais de hostalaría, prohíbese a distribución e venda de bebidas alcohólicas, independentemente do seu grao alcohólico, destinadas ao consumo fóra do propio establecemento de venda, entre as 22:00 e as 08:00 horas do día seguinte, agás nos supostos de veladores e terrazas de establecementos adicados á restauración ou hostalería, así como en festas, feiras, romarías e festexos populares previa autorización expresa do Concello.*

4. *Nos supostos referidos nos parágrafos anteriores, os axentes da autoridade poderán retirar e intervir cautelaramente as bebidas, os envases e os demais elementos obxecto das prohibicións, así como os materiais ou os medios empregados. As bebidas alcohólicas inservibles poderán ser destruídos inmediatamente por razóns hixiénico sanitarias.*

5. *Ademais dos supostos nos que así se prevea expresamente nesta Ordenanza, os axentes da autoridade poderán, en todo caso, decomisar os utensilios e xéneros obxecto de infraccións ou que serviron, directa ou indirectamente, para a comisión da mesma, así como o diñeiro, os froitos e os produtos obtidos coa actividade infractora, os cales quedarán baixo custodia municipal mentres sexa necesario para a tramitación do expediente sancionador ou, a falta deste, mentres perduren as circunstancias que provocaron o decomiso. De tratarse de bens funxibles, destruíranse ou se lles dará o destino adecuado. Os obxectos decomisados depositaranse a*



Concello de Viveiro

disposición do órgano sancionador competente para a resolución do expediente. Unha vez ditada resolución firme e transcorridos dous meses sen que o titular recupérase o obxecto, procederá a súa destrución ou entregárase gratuitamente a entidades sen ánimo de lucro con fins sociais.

6. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou nais, titores ou titoras, gardadores ou gardadoras polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsábeis directos e solidarios das infraccións cometidas por estes, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa o negligencia, incluída a simple inobservancia.

Artigo 9. Limpeza das vías públicas.

1. Considéranse vías públicas, sendo, por tanto, a súa limpeza de responsabilidade municipal, as rúas, prazas, camiños, calzadas, beirarrúas, zonas verdes e demais bens de propiedade municipal e uso público destinados directamente ao uso común xeral da cidadanía.

2. O Servizo de limpeza da vía pública prestarase por este concello, ben directamente cos seus propios medios, ou a través das formas de xestión indirecta previstas e autorizadas na vixente lexislación.

3. Os espazos públicos ou elementos ao servizo da cidadanía situados na vía pública que non sexan de responsabilidade municipal deberán ser obxecto de limpeza, conservación e mantemento por parte dos seus titulares administrativos, salvo que se dispoña outra cousa ao respecto nos oportunos acordos ou convenios de colaboración.

4. O mobiliario urbano (enténdese por mobiliario urbano os bancos, papeleiras, xogos, fontes, farois, árbores, sinalizacións, colectores de residuos urbanos, estatuas, esculturas, xardineiras, quioscos, marquesiñas e demais elementos colocados polo Concello na vía pública existente nos parques, xardíns, zonas verdes e vías públicas, no que se encontran comprendidos os bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalización e elementos decorativos tales como farois e estatuas) deberá manterse no máis axeitado e estético estado de limpeza e conservación.

4.1.- Non se permite o uso inadecuado dos bancos para fins distintos ao que están destinados. Prohíbese todo acto que prexudique ou deteriore a súa conservación e, en particular, arrincar aqueles que estean fixos, trasladar a unha distancia superior a dos metros os que non estean fixos, agrupalos de forma desordenada, realizar inscricións ou pinturas.

4.2.- Os xogos infantís serán utilizados por nenos coas idades sinaladas nos carteis indicadores que para ese efecto se establezan, prohibíndose a súa utilización por adultos ou por menores que non estean comprendidos na idade que se indique expresamente en cada sector ou xogo.

4.3.- As papeleiras están destinadas exclusivamente ao depósito de pequenos desperdicios derivados do consumo persoal en espazos públicos. Queda prohibida calquera manipulación que ensucie o espazo público e en particular, movelas, incendialas, envorcalas, arrincalas, realizar inscricións e adherir adhesivos nelas, así como outros actos que as deterioreen ou entorpezan o seu normal uso.

4.4.- Nas fontes ornamentais, queda prohibido realizar calquera manipulación nos condutos e elementos análogos, beber, introducirse nas súas augas, practicar xogos, realizar calquera tipo de manipulación nin arroxar obxectos ou calquera tipo de material.

Artigo 10. Novas urbanizacións.

Nas novas urbanizacións non se realizarán os servizos que comprende a limpeza viaria, se proceden, así como os de conservación e mantemento, mentres non se acredite a tramitación da comunicación previa da primeira ocupación ou, se é o caso, da correspondente acta de recepción da urbanización.

En tanto a urbanización non sexa aceptada polo Concello, de conformidade coa normativa urbanística, as obrigas de mantemento e limpeza serán asumidas polo seu promotor, serán de aplicación todos os puntos especificados nesta sección ao respecto das urbanizacións de titularidade privada, deberán facerse cargo da eliminación dos residuos que puidesen ser amoreados nos colectores e asumirán o seu custo. Cando o interesado falte ás obrigas establecidas o Concello procederá á execución subsidiaria, pasando os custos da xestión precisa ao responsable.

Capítulo II. Actividades susceptibles de ensuciar as vías públicas. Casos particulares.



Concello de Viveiro

Artigo 11. Establecementos e actividades comerciais.

1. As persoas titulares de establecementos comerciais están obrigadas a manter nas debidas condicións de limpeza os seus escaparates, portas, toldos, rótulos, etc., debendo realizar as operacións pertinentes coa precaución de non ensuciar a vía pública. Cando a súa actividade comercial afecte ás beirarrúas coidarán de que as mesmas permanezan sempre limpas. Os baixos comerciais sin actividade, deberán colocar vinilo translúcido nos seus escaparates e retirar os rótulos comerciais.

2. Os titulares de establecementos para os cales se realicen operacións de carga e descarga deberán proceder, cantas veces fora preciso, ao lavado das beirarrúas, para manter a vía pública nas debidas condicións de limpeza.

3. Cando no establecemento se desenvolvan actividades particularmente susceptibles de xerar sucidade na vía pública, os seus titulares quedan obrigados a vixiar e manter a limpeza do espazo público afectado pola súa actividade, debendo limpalo coa frecuencia que sexa precisa, e, en todo caso, diariamente ó cese daquela, retirando os materiais residuais resultantes. Esta obriga incumbe de maneira especial a:

- Titulares de terrazas de cafés, bares, restaurantes e establecementos análogos.
- Titulares de quioscos, estancos, expenderías de loterías e demais locais en que se vendan artigos con envoltorios desbotables ou similares.
- Vendedores en mercados ou mercadoíños.

Estes establecementos deberán dispor nos seus locais de papeleiras, cinceiros e outros elementos de contención para a recollida dos residuos que xeren.

4. Os titulares da autorización municipal para o exercicio de actividades na vía pública tales como mercados, feiras de diversa índole, circos, etc., deberán velar en todo momento para que o espazo público en que desenvolven a súa actividade e o seu contorno próximo nun radio mínimo de cinco metros non se ensucien e os seus elementos urbanos ou arquitectónicos non se deteriorenen, quedando obrigados, se é o caso, á correspondente reparación, reposición, limpeza, etc.

5. Os titulares de talleres ou actividades de reparación, mantemento e limpeza de vehículos, os de pasaxes e aparcadoiros, así como os concesionarios de aparcadoiros públicos, deberán manter limpas as beirarrúas e rampas de acceso a eles, en especial no referente a graxas, aceites e carburantes. Igual obriga incumbe ós titulares de espazos públicos reservados para o estacionamento de camiións, camionetas ou alugamento de vehículos e similares.

6. As operacións de limpeza que deban efectuarse polo Servizo Municipal de limpeza en substitución do titular da actividade, por causa do incumprimento das obrigacións citadas, serán obxecto de cuantificación económica e liquidación ó responsable polo procedemento previsto para as execucións subsidiarias.

Artigo 12. Organizadores privados dun acto público en espazos de propiedade municipal, a excepción daquelas entidades sen ánimo de lucro.

1. Os organizadores privados dun acto público en espazos de propiedade municipal deberán solicitar a cesión do uso do espazo público e a correspondente autorización da actividade no caso que proceda; indicando ó concello o lugar, percorrido e horario do acto que pretenda celebrarse, quedando responsabilizados da limpeza dos espazos afectados unha vez finalizado.

2. O concello esixirá aos organizadores privados dun acto público en espazos de propiedade municipal, a constitución dunha fianza en función dos previsibles traballos extraordinarios de limpeza que, no seu caso, deberán efectuarse a consecuencia da sucidade producida pola celebración do acto. De encontrarse o espazo afectado e o da súa influencia en perfectas condicións de limpeza, a fianza será devolta. En caso contrario, deducirase da mesma o importe dos traballos extraordinarios a realizar.

A fianza calcularase en función da afluencia ou aforo previstos para o acto, tendo en conta o custo estimado para a limpeza, establecéndose os seguintes importes:

Para aforos entre 100 a 200 persoas: 445€

Para aforos entre 200 e 500 persoas: 1.200€

Para aforos superiores a 500 persoas: 2.650€



Concello de Viveiro

3. Se como consecuencia directa da celebración dun acto público, houbera deterioro na vía pública ou no seu mobiliario, serán responsables os seus organizadores ou promotores, quen deberán aboar os gastos de reparación ou reposición, con independencia das sancións a que houbera lugar.

Artigo 13. Actividades de transporte.

Os propietarios e condutores de vehículos que transporten terras, carbóns, entullos, materiais en po, cartóns, papeis ou calquera outro material similar, observarán escrupulosamente o establecido no Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, e en calquera caso acondicionarán a carga de forma que se evite a caída da mesma, adoptando para elo as precaucións que foran necesarias, cubríndoa totalmente con toldo ou malla.

Artigo 14. Obras.

1. Quen realice obras na vía pública ou lugares adxacentes deberá adoptar as medidas necesarias para que as zonas próximas á execución das obras se manteñan limpas e libres de pó. En concreto, deberán tomarse as medidas pertinentes para a limpeza das rodas dos vehículos que se despracen dende as zonas afectadas polas obras.

2. En xeral, todas as operacións relacionadas coa execución das obras, así como as de subministro de materiais e de recollida de residuos, deberán realizarse no interior do recinto da obra ou dentro da zona acoutada da vía pública debidamente autorizada como auxiliar da obra.

3. Os residuos procedentes das obras, depositaranse nos elementos de contención previa autorización do concello. Prohíbese o abandono, vertido ou depósito directo na vía pública, soares ou descampados, de calquera material residual de obras ou actividades viarias. Estes residuos deberán ser retirados das obras polos seus responsables e xestionados de maneira adecuada.

4. O transporte de formigón con vehículo formigoneira requirirá o peche da boca de descarga cun dispositivo apto para impedir o vertido de formigón na vía pública. A limpeza das formigoneiras deberá ter lugar na propia planta de formigado ou no punto de destino do formigón, e en ningún caso na vía pública. Do incumprimento do anterior serán responsables solidariamente o propietario e o condutor do vehículo, quedando obrigados á limpeza do formigón que se vertera e da vía pública afectada, sen prexuízo das sancións que correspondan.

5. Os promotores e os contratistas das obras de edificios en construción, rehabilitación, reforma ou derribo serán solidariamente responsables da limpeza da área da vía pública que se vexa afectada por aquelas.

Artigo 15. Animais na vía pública.

1. A tenencia de animais na vía pública deberá axustarse ás prescricións contidas na correspondente Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais, así como a calquera outra disposición que a modifique ou substitúa. Considéranse animais domésticos os afectados pola citada ordenanza.

2. Necesidades fisiolóxicas:

2.a) En ningún caso se permitirá que os animais realicen as súas necesidades fisiolóxicas sobre fachadas, portais, mobiliario público (farois, bancos, papeleiras) monumentos, edificios ou espazos públicos catalogados ou protexidos.

2.b) A persoa condutora ou propietaria de cans ou outros animais, está obrigada a impedir que estes fagan as súas deposicións sobre as rúas, beirarrúas, calzadas, zonas verdes e demais espazos públicos. En último extremo, de non terse cumprido as indicacións anteriores, deberán recollerse as deposicións do animal en bolsa que, unha vez pechada, se depositará nas papeleiras ou nos contedores, así como proceder á limpeza (con disolución xabonosa ou con auga nos espazos verdes) da zona que con tal motivo, se tivera ensuciado.

3. As persoas propietarias son as responsables dos danos ou afeccións a persoas e cousas e de calquera acción que ocasione suciedade na vía pública por animais da súa pertenza. En ausencia da persoa propietaria, será responsable subsidiaria a persoa que conducise ó animal no momento de producirse a acción.

4. Ante a situación de que un animal causase suciedade na vía pública, e con independencia das sancións a que dese lugar, a autoridade municipal está facultada en todo momento para esixir do propietario ou condutor do



Concello de Viveiro

animal a reparación de seguido da afección causada.

5. En aras a ineludibles consideracións de índole sanitaria e limpeza urbana, queda prohibida a dispensación de alimentos na vía pública a animais sin dono coñecido, e, en particular, a gaivotas, cans e gatos. Agás as persoas autorizadas para elo.

6. Queda prohibida a limpeza e o aseo de animais na vía pública, así como o abandono de animais mortos.

Artigo 16. Elementos publicitarios.

1. Carteis.

Prohíbese fixar carteis ou adhesivos publicitarios, salvo en lugares, e nas condicións, previamente sinalados polo concello.

Prohíbese esgazar, ensuciar ou arrancar aqueles carteis ou anuncios situados os lugares ou emprazamentos autorizados para o efecto.

A colocación de carteis ou de pancartas na vía pública sen autorización poderá dar lugar á súa inmediata retirada, coa imposición de sancións e cargo dos gastos ocasionados pola limpeza aos responsables, entendendo por tales ós anunciantes.

2. Distribución de panfletos ou similares.

Prohíbese espallar e arroxar sobre a vía pública toda clase de panfletos, textos impresos ou materiais similares.

Os servizos municipais correspondentes procederán a limpar a parte do espazo urbano que se vise afectado pola distribución ou dispersión de panfletos ou folletos, e imputaráselles aos responsables o custo dos servizos extraordinarios prestados, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan.

A distribución de publicidade nos edificios deberá facerse utilizando os medios con que contén estes. Prohíbese de xeito expreso a distribución de publicidade que implique, dalgún xeito, o amoreamento temporal na vía pública ou na parte exterior ás portas dos portais de entrada aos edificios.

Queda dispensada da prohibición contida no presente artigo a propaganda efectuada en tempo de campaña electoral. O concello de Viveiro habilitará, durante os períodos electorais lexislativos, naqueles espazos públicos máis estratéxicos das parroquias do concello, soportes temporais (paneis, taboleiros, etc.) ou permanentes, acordos coa estética da contorna, para que os partidos e/ou agrupacións políticas que se presentan ás convocatorias electorais podan colocar a súa propaganda e/ou publicidade electoral, con suxeición, en todo caso, ás disposicións do concello e demais administracións competente.

Artigo 17. Pintadas

1. Prohíbense toda clase de pintadas na vía pública, tanto sobre os seus elementos estruturais, rúas, beirarrúas e mobiliario urbano, como sobre os muros, paredes, estatuas, monumentos e calquera elemento externo da cidade.

2. Serán excepción, en relación co apartado 1 anterior:

a) As pinturas murais feitas sobre os valados dos terreos edificables, peches de obra, paredes medianeiras vistas e elementos con carácter provisorio, para as que será preciso a previa autorización do seu propietario.

b) Aquelas feitas sobre elementos expresamente dispostos para este fin polo Concello.

3. En calquera momento, a través dos servizos municipais correspondentes, o Concello poderá proceder ao borrado ou eliminación das pintadas que non contén con autorización.

4. Será responsabilidade das persoas propietarias dos edificios, muros, ou elementos en xeral, a limpeza das pintadas realizadas sobre eles, aínda que non estean relacionados coa autoría, e con independencia das posibles reclamacións ou denuncias que poidan interpoñer contra os seus autores.

Artigo 18. Execución subsidiaria.



Concello de Viveiro

Sen prexuízo da imposición das sancións que procedan por incumprimento das normas que se establecen nos precedentes artigos, o concello poderá realizar subsidiariamente os traballos que non executen os obrigados, a costa destes.

Capítulo III.- Limpeza de soares e demais terreos de propiedade privada.

Artigo 19. Obrigas xerais.

1. Os propietarios de terreos situados no termo municipal, sen prexuízo das obrigas que estableza a normativa urbanística ou de prevención de incendios, deberán mantelos limpos, libres de desfeitos, maleza e residuos e nas debidas condicións de hixiene, accesibilidade, salubridade, seguridade e ornato público. Para iso, realizarán as tarefas de mantemento necesarias co fin de que permanezan limpos de maleza, plásticos ou basoira e outro tipo de residuos, evitando que as augas de escorrentías e as ramas das árbores afecten ao espazo público.

Esta obriga comprende tamén a esixencia de desratización e desinfección dos citados terreos, cando estean próximos ás vivendas.

En solos clasificados como solo urbano ou de núcleo rural, os soares, parcelas ou terreos deberán manterse permanentemente limpos.

En calquera tipo de solo que linde co dominio público, deberá manterse o seu estado vexetal de xeito que non invada o dominio público. Deberá quedar, en todo caso, expedito o voo sobre o dominio público nunha altura mínima de 4 metros, permitindo o paso de vehículos de emerxencia.

2. Nos soares sen edificar o Concello poderá ordenar o peche perimetral cunha valla, cando se detecte que a ausencia do dito peche provoca o incumprimento das obrigas de conservación da propiedade establecidas no apartado anterior.

Artigo 20. Titularidade.

Para os efectos desta ordenanza, salvo proba en contra e sen prexuízo da inscrición contida no Rexistro da Propiedade, considéranse propietarios dos terreos os titulares catastrais. En caso de discrepancia entre o titular catastral e o que conste inscrito no Rexistro da Propiedade, terase en conta a titularidade que resulte do Rexistro, agás que a data de inscrición sexa anterior á da recollida no Catastro.

En caso de que o propietario do terreo resulte descoñecido ou ben que, intentada a notificación a este, resulte imposible a súa práctica, por motivos de interese público, o Concello poderá proceder á limpeza e/ou peche, repercutindo, se é o caso, ao propietario o custo que tal actuación xere.

Artigo 21. Comprobacións.

1. Constitúe persoal da Inspección Municipal:

- a) Os axentes e mandos da Policía Local, polo seu carácter de axentes da autoridade.*
- b) Os funcionarios e traballadores dos servizos técnicos municipais de obras, urbanismo e medio ambiente, que, no referido ás prescricións desta Ordenanza, actúan coma axentes da autoridade.*
- c) Os funcionarios con atribucións de inspección tributaria, que teñen a consideración de axentes da autoridade, condición que se estende ás funcións derivadas desta Ordenanza.*

2. A Policía Local e os vixiantes e técnicos municipais, poderán inspeccionar de oficio ou por pedimento dun particular os terreos do termo municipal para os efectos de comprobar o disposto nos artigos anteriores.

Artigo 22. Procedemento.



Concello de Viveiro

O Concello, nos supostos recollidos neste título e atendendo á normativa vixente que resulte de aplicación e logo do trámite de audiencia aos interesados, requiriralles para que, no prazo que se lles indique, realicen as obras ou operacións necesarias para manter os terreos nas debidas condicións de hixiene, accesibilidade, seguridade, salubridade, ornato público, e, de ser o caso, valado.

O incumprimento da orde de execución municipal determinará a execución subsidiaria ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr a execución do ordenado, sen prexuízo, se cómpre, da apertura do correspondente expediente sancionador.

En caso de emerxencia debidamente acreditada, o Concello poderá proceder á limpeza e á adopción das medidas provisionais oportunas, sen prexuízo dos trámites e das sancións que correspondan.

Artigo 23. Da limpeza das zonas próximas ás masas forestais.

Os propietarios das masas forestais e dos terreos lindantes con estas estarán obrigados a adoptar as medidas de prevención de incendios forestais establecidas na normativa estatal, autonómica e municipal que resulte de aplicación nesta materia.

Capítulo IV.- Limpeza de espazos e inmobles privados.

Artigo 24. Disposicións xerais.

1. As persoas propietarias de inmobles ou, subsidiariamente, as persoas usuarias, sen prexuízo das obrigas establecidas na normativa urbanística, teñen a obriga de mantelos nas debidas condicións de seguridade, accesibilidade, salubridade, limpeza e ornato público.

2. É responsabilidade das persoas propietarias manter nas debidas condicións de limpeza, accesibilidade, seguridade, salubridade e ornato público as beirarrúas, patios interiores, patios de luces, galerías comerciais, rúas e zonas verdes de urbanizacións privadas, soares e terreos e, en xeral, todas aquelas zonas de dominio e uso particular, en especial todas aquelas partes das edificacións ou instalacións visibles desde a vía pública, en especial, fachadas, entradas, escaleiras de acceso e medianeiras. Para estes efectos, as persoas propietarias deberán proceder aos traballos de mantemento, limpeza, revocado e estucado ou pintado, cando por motivos de ornato público sexan necesarios ou así o ordene a Autoridade Municipal, previo informe dos servizos municipais competentes.

3. Así mesmo, é obriga da propiedade do inmovible manter en condicións adecuadas as chemineas, baixantes e canles de auga, acometidas de saneamento, tellados, antenas de televisor, pararraios e calquera outra instalación complementaria.

4. O Concello exercerá o control sobre estas obrigas e poderá esixir aos seus titulares a adopción das medidas necesarias. Así mesmo, poderá previo trámite de audiencia aos interesados, requiririlles para que, no prazo que se sinale, realicen as obras ou reparacións necesarias advertíndolles que, en caso de incumprimento da orde de execución das obrigas previstas nesta ordenanza, se procederá á execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr a execución do ordenado, sen prexuízo, se é o caso, da apertura do correspondente expediente sancionador.

5. No caso de ausencia das persoas propietarias e cando existan razóns de interese público, derivados das condicións de insalubridade dos terreos, o persoal acreditado do Concello poderá acceder á parcela e solicitará, de ser o caso, a previa autorización xudicial. Os servizos municipais imputarán aos propietarios os custos das operacións de mantemento, reparación e limpeza dos elementos e partes exteriores dos inmobles, a carga, retirada, transporte e eliminación dos materiais residuais abandonados así coma cantas operacións fosen precisas para a conservación e mantemento de bens de natureza privada, así coma as que se deriven da devolución ao seu estado inicial e a sanción correspondente por incumprimento e abandono.

No suposto de incumprimento das obrigas establecidas neste artigo, así como nas previstas ao respecto na lexislación en materia urbanística, levaranse a cabo en cada caso os correspondentes procedementos establecidos na normativa vixente de aplicación.



TITULO III

RESIDUOS MUNICIPAIS

Capítulo I. Recollida de residuos.

Artigo 25. Residuos municipais.

1. *Considéranse residuos de competencia municipal os residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos, así como, cando así o estableza o concello, os comercias non perigosos.*

2. *Corresponde ó concello:*

- *a recollida dos residuos municipais xerados e depositados no municipio na forma establecida na presente Ordenanza e nos termos previstos na lexislación de residuos estatal e autonómica e na lexislación de réxime local; así coma o seu traslado e descarga na instalacións de xestión adecuadas.*

- *a potestade de vixilancia e inspección e a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.*

3. *O concello poderá:*

- *aprobar, no ámbito das súas competencias, e en coordinación co plan nacional marco e os plans autonómicos de xestión de residuos, o seu propio programa de xestión de residuos e/ou o seu programa de prevención de residuos.*

- *xestionar os residuos comerciais non perigosos e os domésticos xerados en areas industrias, nos termos que se establecen na presente Ordenanza.*

4. *No caso de que non se cumpran os obxectivos establecidos na presente ordenanza ou os previstos na normativa de residuos vixente respecto aos residuos competencia municipal, o Concello poderá proceder á modificación das medidas establecidas en esta ordenanza para garantir que se cumpran os mesmo.*

Artigo 26. Sistemas de recollida.

Segundo a orixe e a clase de residuos, así como as características urbanísticas das diferentes zonas do municipio, a recollida de residuos realizarase dalgunha das seguintes formas:

- *Recollida por medio de contedores instalados na vía pública.*
- *Recollida por medio de contenerización soterrada.*
- *Recollida mediante sistema quita e pon*
- *Recollida porta a porta comercial*

Artigo 27. Recollida separada e depósito de residuos.

1. *O concello ten implantada e fomentará, mediante campañas informativas e cantas actuacións foran precisas, a recollida separada de residuos.*

Así mesmo realizará campañas en materia de hábitos de consumo e redución na xeración de residuos, sobre as consecuencias negativas para o medio ambiente do consumo excesivo de bolsas e materias plásticas dun solo uso e as consecuencias do seu abandono.

A tal fin procurará, entre outros medios, subscribir convenios e acordos de colaboración con suxeitos públicos e privados, tales como organizacións sen ánimo de lucro u outras entidades que teñan entre os seus fins a protección ambiental, sistemas colectivos de xestión de residuos ou asociacións de produtores.

2. *Os usuarios que xeren residuos municipais deberán separar en orixe as diferentes clases de residuos:*

- *envases lixeiros*
- *vidro.*
- *papel e cartón (envases de papel-cartón e papel non envase).*
- *biorresiduos*



Concello de Viveiro

- aceites vexetais usados.
- roupa e zapatos usados.
- residuos de medicamentos e os seus envases.
- pilas.
- fracción resto.
- animais mortos.
- voluminosos: mobles ou enseres.
- residuos de aparellos eléctricos ou electrónicos.
- vehículos ó final da súa vida útil.
- residuos de construción e demolición procedentes de obras menores.
- residuos sanitarios asimilables a domésticos.
- podas e outros residuos de xardinería

A anterior clasificación poderá ser modificada polo concello co obxecto de mellorar o tratamento dos residuos, e/ou para dar cumprimento ós cambios normativos.

3. O depósito das distintas fraccións nas que se teñan separado os residuos, farase segundo se indica:

- a) A fracción “resto” depositarase en contedor, ou contedor de recollida soterrada de color verde.
- b) Os envases depositaranse en bolsa e pregados, en contedor ou de recollida soterrada de color amarelo.
- c) O papel e o cartón depositarase pregado ó máximo posible en iglú ou buzón de recollida soterrada de color azul,
- d) O vidro depositar en contedor de color verde con forma de iglú ou buzón de recollida soterrada.
- e) Os biorresiduos depositaranse en bolsa compostable no contedor de color marrón, con uso de chave.
- f) As pilas depositaranse nos contedores destinados ó efecto, ubicados, ben na vía pública ou no Punto Limpo, ou contedores de interior ubicados en centros administrativos e outros.
- g) A roupa e o calzado depositará nos contedores de téxtil ubicados na rúa ou no Punto Limpo.
- h) Os residuos de medicamentos e os seus envases depositaranse nos puntos SIGRE das farmacias.
- i) O aceite vexetal usado de orixe domiciliario depositarase nos contedores de color verde e laranxa.

4. Obrigas dos usuarios:

-Manter en adecuadas condicións de hixiene e seguridade os residuos mentres permanezan no seu poder e ata o momento do seu depósito na forma regramentada.

-Depositarse os residuos urbanos dentro dos contedores, seguindo as normas establecidas, e, en particular, contidos en bolsas ou recipientes debidamente cerrados.

- Reducir o volume dos residuos e depositalos de xeito que se aproveite ao máximo a capacidade das bolsas e contedores. Comprimir e pregar, na medida do posible, as caixas e obxectos voluminosos que se depositen nos contedores.

- Os residuos de papel e cartón deberán depositarse limpos, e o máis pregados que sexa posible. En particular, as caixas de cartón serán cortadas e dobradas de forma adecuada para a súa introdución e disposición nos contedores. Previo ó depósito de papel ou cartón, deberá eliminarse todo resto metálico, de plástico ou parte sucia do mesmo.

- Respectar os horarios de depósito dos residuos establecidos no Artigo 28.6.

-Ante a presenza dun contedor cheo, deberán absterse de efectuar o depósito dos residuos nese contedor concreto ou na vía pública, debendo en tal caso levar os residuos aos contedores máis cercanos da fracción correspondente, ou agardar ao seu vaciado.

5. Prohibese:

- O abandono de residuos na vía pública.



Concello de Viveiro

-O depósito de residuos en contedores distintos ós específicos de cada clase, así como a mistura con outro tipo de materiais ou residuos, e calquera acto ou omisión que dificulte ou impida a finalidade propia da recollida selectiva.

-O depósito a granel nos contedores dos residuos.

-O vertido de residuos líquidos ou susceptibles de licuarse.

-O depósito de residuos nos contedores cando, polo seu tamaño, bloquee a boca de recepción.

-O depósito de obxectos metálicos ou doutra clase que poidan obstaculizar o normal funcionamento do sistema mecánico dos vehículos de recollida.

- Manipular contedores e/ou desplazarlos fóra das súas ubicacións.

6. Si, como consecuencia dun manexo ou depósito inadecuado dos residuos por parte dos usuarios, se produciran vertidos, o causante será responsable da limpeza da suciedade ocasionada dos danos producidos.

7. Cando o usuario deba desprenderse de residuos obxecto de recollidas domiciliarias en cantidades maiores ás que constitúen a produción usual diaria, non poderá depositalos xuntamente cos residuos habituais. Neste caso deberá poñerse en contacto cos Servizos Municipais, para asegurar o correcto depósito e traslado daqueles.

8. Unha vez depositados os residuos nos contedores, aqueles pasan a ser de propiedade municipal, quedando prohibido retiralos dos contedores excepto si se dispón de licencia expresa outorgada polo concello.

Artigo 28. Sistemas de recollida de residuos domésticos e asimilados.

1. Recollida mediante contedores.

Os contedores utilizados para a recollida de residuos domésticos e asimilados instalaranse na vía pública. No caso da recollida de Biorresiduos, ésta levase a cabo mediante contedores con chave.

A determinación do número de unidades a empregar en cada zona e a súa ubicación corresponde ó concello, baseándose no informe dos servizos técnicos, quen así mesmo poderá establecer reservas de espazos ou retranqueos nas beirarrúas para a ubicación dos contedores. En ningún caso os usuarios poderán manipular os contedores, nin alterar a súa colocación.

Tampouco se permite o estacionamento de vehículos en lugares que dificulten o traslado dos contedores ou as operacións de carga e descarga dos mesmos.

O concello procurará que a colocación dos contedores teña lugar onde resulte menos molesta para os usuarios, tendo como premisa que entre os colectores e os domicilios ou lugares de produción exista a menor distancia posíbel atendendo sempre ás características urbanísticas, paisaxísticas e de poboación de cada zona, así como á operatividade dos servizos de recollida.

Todas as parroquias deberán contar como mínimo cun colector de cada tipoloxía.

2. Limpeza e mantemento de contedores.

- O Concello realizará as labores de limpeza, conservación e mantemento dos colectores de uso colectivo, dos seus elementos de suxeición e dos espazos que ocupan a través das correspondentes empresas concesionarias coa periodicidade precisa.

- A limpeza e desinfección de colectores para a fracción resto e envases lixeiros, será realizada periodicamente durante todo o ano (tres veces no verán, e cinco veces distribuídas proporcionalmente no resto do ano), e tamén se realizará puntualmente cando algunha circunstancia especial así o determine. Para os outros tipos de colectores será, cando menos, unha vez ao ano.

- A limpeza realizarase de acordo coa normativa vixente.

- Nos casos demostrados de fin de vida útil dos elementos ou desaparición, falta ou deterioro grave dalgún deles -como rodas, tapas ou suxeicións- serán repostos coa maior brevidade posíbel por parte do Concello.

Pola súa parte, os usuarios e cidadáns en xeral deben observar unha conducta adecuada para a conservación e mantemento dos contedores nas debidas condicións de hixiene e seguridade, sendo responsables do deterioro



Concello de Viveiro

que os recipientes poidan sufrir por a súa culpa, negligencia ou imprudencia. A mesma obrigaón se establece respecto das barras protectoras, pivotes, barrotos, etc., e marcas fixadas das zonas de recollida se as houbera.

3. Contedores de uso exclusivo.

No caso de establecerse nalgunha zona do Concello o sistema de recollida de residuos denominado “porta a porta”, as comunidades de propietarios de cada inmoble ou, no seu caso, os residentes no mesmo e os titulares dos establecementos de negocio disporán de contedores ou cubos para os residuos da fracción orgánica e “varios ou resto” dentro do propio edificio, nun recinto ou lugar axeitado para eles. Será responsabilidade das comunidades de propietarios de cada inmoble o, no seu caso, dos residentes e os titulares dos establecementos de negocio sitios no mesmo, sacar os contedores ou cubos á rúa unha hora antes da fixada para o paso do vehículo de recollida, así como de retiralo posteriormente ó interior dos recintos. Nesta caso, as vivendas de nova construción deberán dispor dunha reserva de espazo no que poida construírse un almacén de contedores para o suposto de que algunha das fraccións de residuos pasase a recollese polo sistema de “porta a porta”, de conformidade co disposto no Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

Os grandes e medianos establecementos comerciais, así coma os establecementos de negocio que xeren gran cantidade de residuos e aqueles especializados en bens de consumo cotiá con clasificación de autoservizo, supermercado e hipermercado, así como aqueles outros que o concello puidera determinar, salvo que teñan optado por xestionar os seus residuos por sí mesmos, depositaranos en contedores o cubos de uso exclusivo, os cales albergarán en recintos do propio establecemento debidamente acondicionados para elo e que cumpran coa normativa aplicable.

Nas zonas peonís onde non se permita a circulación rodada, e por tanto non sexa posible o acceso do vehículo de recollida ós portais, os contedores haberán de emprazarse en lugares accesibles ó vehículo.

4. Sistema de recollida de residuos mediante contenerización soterrada.

O concello poderá aumentar as zonas con sistema de recollida de residuos urbanos e asimilados mediante contenerización soterrada. Para a recollida de residuos neste sistema, utilizaranse os seguintes colectores:

- Colector con listón verde, para os residuos orgánicos e outros restos de residuos domiciliarios, que se depositarán en bolsas cerradas de tamaño adecuado ó da boca do buzón.
- Colector con listón amarelo, destinado a residuos de envases lixeiros.
- Colector con listón azul, para os residuos de papel, que, no seu caso, deberán ser pregados o troceados adaptando o seu tamaño ó da boca do buzón.
- Colector con listón verde, para os residuos de vidro.

5. Sistema de recollida de residuos mediante “QUITA E PON”.

Dentro do Casco Histórico a recollida realízase polo sistema de quita e pon, todos os días a partires das 18:00 horas colocaranse ós contedores nos puntos sinalados, e serán retirados a partires das 06:00. A recollida da fracción resto será diaria, e as fraccións de biorresiduo, papel-cartón e envases lixeiros iranse intercalando ao longo sa semana.

6. Condicións

Os residuos domiciliarios deberanse colocar nos colectores da vía pública para a súa recollida polo servizo municipal a partir das 21.00 horas no verán e das 20:00 horas no inverno.

O Concello poderá establecer horarios especiais en virtude de convenios de colaboración con determinados sectores ou colectivos.

Os residuos das fraccións de papel-cartón, envases lixeiros e pilas poderán depositarse a calquera hora do día nos colectores específicos dispostos na vía pública para este fin.

O vidro poderá depositarse ao longo do día, entre as 8.00 e as 22.00 horas, nos colectores específicos situados na vía pública para esta tipoloxía de residuos.

Calquera modificación no horario fixado adoptárase mediante Bando da Alcaldía, e será comunicada ós usuarios polos medios que faciliten a maior difusión posible.



Concello de Viveiro

Artigo 29 .- Concienciación Cidadá.

1.- O Concello promoverá a colaboración cidadá para a óptima separación en orixe e recollida selectiva de residuos municipais mediante campañas informativas e divulgativas, dirixidas tanto á poboación en xeral como a colexios, institucións, asociacións veciñais, colectivos, comunidades de propietarios, etc.

2.- O Concello Impulsará medidas de concienciación e da posta en práctica da compostaxe doméstica.

3.- Así mesmo, o Concello elaborará guías de boas prácticas dirixidas tanto ao público en xeral como ao comercio, hostalería e outros sectores de actividades económicas representativas.

4.- Sí mesmo realizará campañas en materia de hábitos de consumo e redución na xeración de residuos, e sobre as consecuencias negativas para o medio ambiente do consumo excesivo de bolsas e materias plásticas dun solo uso e as consecuencias do seu abandono.

A tal fin procurará, entre outros medios, subscribir convenios e acordos de colaboración con suxeitos públicos e privados, tales como organizacións sen ánimo de lucro u outras entidades que teñan entre os seus fins a protección ambiental, sistemas colectivos de xestión de residuos ou asociacións de produtores.

Artigo 30. Punto Limpo.

1. O Punto Limpo é un centro de recollida, clasificación e almacenamento temporal dos residuos xerados nos fogares que polo seu volume ou outras características non puideran ser depositados nos sistemas de recollida da vía pública, ou cuxa eliminación mediante tal sistema ou mediante o vertido á rede de saneamento, puidera dar lugar a deterioro nas instalacións de tratamento e/o eliminación, ou danos ó medio ambiente.

2. O concello determinará, mediante a correspondente ordenanza, a relación exacta de residuos que poden depositarse no Punto Limpo, así como o volume ou cantidade de cada residuo que pode ser admitido a través deste sistema. Estarase ó disposto na correspondente ordenanza.

Artigo 31. Prohibición de arroxar residuos á rede de saneamento.

Queda prohibida a evacuación de ningún tipo de residuo sólido a través da rede de saneamento. Igualmente prohibese a instalación de trituradores domésticos ou industriais que, polas súas características, evacúen os residuos triturados á rede de saneamento.

Capítulo II. Residuos municipais especiais.

Artigo 32. Animais domésticos mortos.

1. Serán considerados animais domésticos mortos os cadáveres ou restos de animais de compañía que convivan no fogar co mesmo obxecto. Quedan excluídos desta ordenanza os cadáveres ou restos de animais mortos procedentes de vacarizas, cortes, cuadras e currais de gando e aves; nestes casos, os seus propietarios ou posuidores están obrigados a xestionalos consonte o disposto na normativa correspondente.

2. Queda expresamente prohibido:

2.1 Abandonar ou depositar cadáveres ou restos de animais de calquera especie na vía pública, en soares e en calquera clase de terreo público ou privado.

2.2 Depositar cadáveres de animais nos colectores de residuos ou nos de obras, e nas súas proximidades, así como nas papeleiras.

3. Os posuidores de animais domésticos mortos, deberán xestionar ditos residuos mediante a súa entrega a xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado.

3. Deberá comunicarse o Concello se se atopa un animal morto na vía pública, ben a través da Policía Local ou mediante aviso ao Departamento de Medio Ambiente.

Artigo 33. Recollida de residuos voluminosos.

1. Enténdense por tales os residuos domésticos integrados polos, mobles, colchóns, somieres e utensilios vellos que proveñen das actividades domésticas de reparación ou substitución do equipamento da vivenda que polo seu tamaño ou características morfolóxicas especiais non poden ser retirados polo servizo de recollida convencional, sendo necesario un servizo de recollida específico. Quedan excluídos dos residuos anteriormente indicados os que como consecuencia dunha normativa de orde superior teñan regulada unha xestión ou recollida diferente.



Concello de Viveiro

Clasifícanse en:

- Voluminosos de liña branca: lavadoras, lavalouzas, neveiras e similares.
- Voluminosos de liña gris: televisores, ordenadores e similares.
- Voluminosos de liña marrón: colchóns, somieres, sofás, armarios e demais mobiliario e equipamento

2. A cidadanía poderá depositar estes residuos no punto limpo ou instalación intermedia fixa que se determine. No punto limpo serán admisibles este tipo de residuos nas condicións de entrega que para iso se establezan. O Concello poderá establecer unha taxa fiscal pola utilización deste servizo.

3. As persoas que desexen desprenderse de residuos domésticos voluminosos poderá comunicalo á empresa concesionaria do servizo, acordando en cada caso, e previamente, os detalles da recollida, que se tratará de acomodar, na medida do posible, ás posibilidades do servizo e á dispoñibilidade do particular.

3.1 O usuario do servizo colocará os residuos sobre a beirarrúa, ao lado dos colectores domiciliarios colectivos máis próximos e nos horarios acordados coa empresa concesionaria do servizo, para que poidan ser retirados.

3.2 Non se permite o depósito daqueles elementos que para o seu manexo sexa necesario o emprego de medios mecánicos tales como guindastres, poleas, etc., ou aqueles que non están preparados para o seu inmediato traslado. Nestes casos, o seu propietario ou posuidor deberá xestionalos pola súa conta.

3.3 Queda expresamente prohibido o depósito destes residuos na vía pública sen comunicación previa e confirmación por parte empresa concesionaria do servizo. Tal feito será considerado como falta grave.

3.4 Queda prohibido o abandono deste tipo de residuos na vía pública ou en soares ou terreos tanto públicos como privados, agás os que estean á espera de seren retirados polo servizo especial de recollida.

4. A recollida de electrodomésticos realizarase segundo o disposto no artigo 34.

Artigo 34. Recollida de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

1. Estes residuos son os provenientes de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs), así como os seus materiais, compoñentes, consumibles ou subconxuntos que os compoñen. Sólo poden ter a consideración de residuos municipais os dalgunha das seguintes clases:

- Grandes electrodomésticos.
- Pequenos electrodomésticos.
- Equipos de informática e telecomunicacións.
- Aparellos eléctricos de consumo.
- Ferramentas eléctricas ou electrónicas.
- Xoguetes ou equipos deportivos e de tempo libre.

2. Segundo a súa procedencia, os RAEEs poden ser:

a) De orixe particular, cando procedan de domicilios particulares e de fontes comerciais, institucionais e doutro tipo que, pola súa natureza e cantidade, son similares ós procedentes de fogares particulares, polo que teñen a consideración de residuos domésticos de responsabilidade municipal.

O posuidor de residuos desta natureza pode depositalos no Punto Limpo ou facer uso do sistema de recollida domiciliaria.

b) De orixe profesional, cando empresas, locais, oficinas, etc., decidan renovar ou desfacerse de aparellos eléctricos ou electrónicos que se atopen deteriorados e/ou obsoletos, que pola súa natureza ou cantidade non



Concello de Viveiro

podan ser considerados como procedentes de fogares particulares, así como os de distribuidores ou fabricantes que ofrezan entre os seus servizos a retirada dos RAEEs dos seus clientes. Non son considerados residuos municipais, polo tanto a súa xestión deberá realizarse a través de xestores autorizados.

Artigo 35. Vehículos abandonados.

1. *Queda prohibido o abandono de vehículos en calquera tipo de terreo do término municipal.*
2. *A efectos do establecido nesta Ordenanza, presumirase que un vehículo está abandonado, adquirindo a condición de residuo doméstico dacordo coa Lei 7/2022 e co Real Decreto 265/2021, nos seguintes casos:*
 - a) *Vehículos na vía pública, cando permanezan estacionados por un período superior a un mes no mesmo lugar e presenten desperfectos que faigan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lles falten as placas de matriculación.*
 - b) *Cando se encuentre en situación de baixa administrativa e estea situado na vía pública.*
 - c) *Vehículos en depósito municipal, cando transcorran máis de dous meses dende que o vehículo fora depositado trala súa retirada da vía pública pola autoridade competente; e o titular non tivera presentado alegacións.*
2. *A autoridade municipal poderá proceder, dacordo co establecido na lexislación vixente, si o obrigado non o fixera, á retirada do vehículo da vía e o seu depósito, nos seguintes casos:*
 - *Cando constitúa perigo ou cause graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns ou ó funcionamento dalgún servizo público ou deteriore o patrimonio ou ornato público.*
3. *O titular dun vehículo queu vaia desprenderse do mesmo queda obrigado a entregalo nun centro autorizado para o tratamento de vehículos ao final da súa vi útil (CAT), ben directamente ou a través dunha instalación de recepción que acredite que o seu destino final foi un CAT.*
4. *O concello recollerá os vehículos abandonados e os entregará a un CAT para a súa descontaminación e tratamento, sen perxuízo do cumprimento da normativa sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.*
4. *En todo caso, os propietarios dos vehículos ou dos restos destes deberán soportar os custos de recollida, transporte, e depósito e tratamento de descontaminación a que sexan sometidos os mesmos e os custos derivados das operacións de limpeza da vía pública, de ser o caso.*
5. *Estarase nestes supostos, en todo caso, ao establecido na normativa vixente de aplicación.*

Artigo 36. Residuos procedentes de obras menores e reparacións domiciliarias.

1. *Considéranse residuos domésticos aqueles residuos inertes procedentes de pequenas reparacións domiciliarias, cuxa xestión será, en consecuencia, de competencia do concello.*
2. *Estes residuos poderán depositarse no Punto Limpo, previa presentación de copia, ou resguardo de pago da taxa correspondente, da licenza obra ou título habilitante. Salvo so residuos que conteñan amianto, queu serán entregados a xestor autorizado.*
3. *O resto de residuos de obra (fundamentalmente os xerados en obras de excavación, nova construción, reparación, remodelación, rehabilitación e demolición), así como as terras procedentes de vaciados ou movementos de terras, non se consideran residuos domésticos ou municipais, e deberán ser xestionados directamente polos seus produtores, que os tratarán e eliminarán nas instalacións especificamente autorizadas para este fin. A xestión deste tipo de residuos deberá acomodarse ás normas contidas no Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.*

Se a xestión deste tipo de residuos requirira a instalación de contedores na vía pública, ésta terá lugar previa a obtención da pertinente autorización municipal, debendo situarse diante da obra á que serven ou o máis preto dela que fora posible.

O emprazamento dos contedores terá que cumprir coas instrucións da Policía Local, sen que en ningún caso se obstaculicen bocas de incendios, tapas de rexistro, contedores ou buzóns de residuos urbanos, ou mobiliario urbano en xeral, nin se interfira no normal desenvolvemento dos servizos públicos.

os contedores para residuos de obras de construción e demolición non poderá depositarse ningún outro tipo de residuos, debendo o produtor efectuar a selección e separación previa de aqueles que non teñan este carácter, en particular os perigosos, os cales terán que xestionar dacordo coa normativa que lles sexa aplicable. A carga de residuos non excederá do borde superior do contenedor e deberán utilizarse coas proteccións necesarias para que o seu contido non se esparza por ningunha circunstancia, incluídas as atmosféricas.



Concello de Viveiro

Os contedores non deberán permanecer cheos por prazo superior a 48 horas, e con carácter xeral, retiraranse da vía pública cando así o requira o concello por razóns xustificadas (Semana Santa, Navidades, carnaval...)

Artigo 37. Recollida de restos de poda e xardinería.

Os propietarios e responsables de pequenas áreas axardinadas poderán optar entre depositalos no contedor marrón para a fracción orgánica, sempre que o seu volume non exceda de 20 litros, de superarse este volume deberán ser trasladalos ó Punto Limpo.

Artigo 38. Residuos de pilas usadas.

1. As pilas usadas deberán segregarse do fluxo de residuos convencional e depositarse:

- a) Nos colectores específicos para este tipo de residuos situados en centros comerciais e centros colaboradores do Concello para este fin.
- b) Nos colectores específicos situados na vía pública.
- c) No punto limpo.

2. Calquera establecemento comercial de venda de artigos que impliquen o uso de pilas, institucións públicas, centros educativos, asociacións e similares poderán solicitar ao Concello a súa consideración como centros colaboradores.

O Concello subministrará gratuitamente os colectores axeitados, que serán recollidos, unha vez cheos, logo do aviso telefónico á empresa concesionaria do servizo.

Artigo 39. Residuos de aceites e graxas vexetais de orixe domiciliaria.

1. Consideran como tales os definidos no Artigo 4 (número 23) da presente Ordenanza.
2. Os usuarios poderán desprenderse dos residuos deste tipo procedentes dos fogares, previamente contidos en botella de plástico perfectamente cerrada, utilizando os contedores de color verde e laranxa ubicados na vía pública, ou no Punto Limpo.
3. Queda prohibido o depósito de residuos de aceites e graxas vexetais nos contedores de recollida domiciliaria, ou o seu vertido na rede de saneamento.

Artigo 40. Residuos sanitarios sen risco ou inespecíficos.

1.- Enténdese por actividades sanitarias produtoras de residuos sanitarios as desenvolvidas en clínicas, hospitais, consultas médicas, centros sociosanitarios, laboratorios de análises clínicas, de investigación ou de saúde pública, centros de atención primaria e de planificación familiar, centros podolóxicos e calquera outro que teña relación coa saúde humana. Inclúense tamén as correspondentes a centros, servizos e establecementos veterinarios asistenciais e centros de investigación animal.

2.- Consonte a clasificación destes residuos e ao abeiro da actual normativa autonómica, os residuos de clase I serán considerados, para os efectos da súa xestión, como residuos ordinarios e deberán ser separados nas correspondentes fraccións de orgánico ou restos, papel-cartón e vidro para a súa recollida e posterior tratamento. Son residuos municipais e non requiren esixencias especiais de xestión nin dentro nin fóra do centro xerador.

Este grupo de residuos inclúe materiais como cartón, papel, envases baleiros de plástico, vidro, metal, e materia orgánica. É dicir, son os que non proceden directamente das actividades asistenciais.

3.- Os residuos sanitarios pertencentes as clases II, III e IV deberán ser directamente xestionados polos seus produtores ou posuidores a través dos correspondentes xestores autorizados.

Artigo 41. Residuos textís (roupa, zapatos usados e outros textís do fogar)

A cidadanía depositará obrigatoriamente os residuos textís nalgún dos seguintes puntos para a súa recollida



Concello de Viveiro

separada, reutilización e valorización.

- a) Nos contedores dispostos polo concello ou por determinadas organizacións sen ánimo de lucro autorizadas por este.
- b) Facendo entrega dos mesmos no Punto Limpo, fixo ou móvil).
- c) Nos locais de entidades públicas ou privadas, preferentemente entidades de economía social, sempre que éstas estean autorizadas polo concello, sen perxuízo do resto de exigencias requeridas pola Lei 7/2022.

Artigo 42. Residuos de medicamentos e os seus envases.

Os restos de medicamentos, medicamentos caducados e os seus envases deberán segregarse do fluxo de residuos convencionais e depositarse nos colectores especiais situados nas farmacias denominados "puntos SIGRE". A súa xestión é responsabilidade dese sistema integrado de xestión.

Artigo 43. Biorresiduos.

1. Os produtores de biorresiduos deberás separalos obrigatoriamente en orixe e alternativamente:

- a) realizar o tratamento "in situ" dos birresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou compostaxe comunitaria.
- b) Depositar os biorresiduos en bolsas compostable no contedor amrrón

Artigo 44. Residuos comerciais non perigosos e residuos domésticos xerados en industrias.

1. Os produtores deste tipo de residuos poderán utilizar o servizo público de recollida dos mesmos prestado polo concello, ou ben optar por asumir a súa xestión, por sí mesmos ou encomendándolla a xestor autorizado.

2. De optar por acollerse ó sistema público de recollida, o produtor quedará obrigado a cumprir coas instrucións sobre forma e horarios de entrega dos residuos que lle sexan indicados polos servizos municipais, así como, no seu caso, a abonar a contraprestación económica que o concello poida establecer pola prestación deste servizo.

3. Os produtores e posuidores destes residuos, cuxa recollida non sexa realizada polo servizo de recollida de residuos municipais, son igualmente responsables da súa correcta xestión. A tal fin, deberán:

- a) Manter os residuos en condicións adecuadas de hixiene e seguridade mentres estean no seu poder.
- b) Entregar os residuos nas condicións adecuadas de separación por fraccións ós xestores de residuos, dacordo co que dispoña a normativa aplicable.
- c) Dispoñer do documento acreditativo da correcta recollida e xestión de residuos.

4. En caso de incumprimento polo produtor ou posuidor das súas obrigacións, o concello poderá asumir subsidiariamente a xestión e repercutir ó obrigado o custe real da mesma, sen perxuízo das responsabilidades en que aquel poida ter incorrido.

Artigo 45. Separación en orixe das fraccións de recollida separada obrigatoria en eventos públicos.

Na organización de eventos públicos de carácter puntual que, a xuízo do Concello, impliquen a cocntración dun elevado número de persoas, resultará obrigatoria elaborar un plan para a prevención e adecuada xestión dos residuos que se xeneren durante a celebración do evento. Neste plan incluírase como mínimo, o número, tipo e ubicación dos contedores, ou sistemas equivalentes

Artigo 46. Residuos excluídos da recollida municipal

Quedan excluídos do servizo obrigatorio de recollida de residuos domiciliarios as seguintes categorías de residuos:

- Os residuos sanitarios non asimilables a domésticos.
- Os residuos industriais que pola súa cantidade ou pola súa calidade non sexan asimilables a domiciliarios.
- Os envases ou residuos de envases procedentes de actividades industriais ou comerciais que non sexan asimilables ós de formato doméstico, salvo que, no caso dos comerciais, os seus produtores se tiveran acollido ó sistema público de xestión.
- Os residuos procedentes de excavacións, derrumbes, gabias, demolicións, obras de construción de todo tipo de infraestruturas e inmobles.



Concello de Viveiro

- Os residuos perigosos, e calquera outro material residual (líquido ou sólido) que, en función do seu contido ou forma de presentación poida calificarse de perigoso segundo a lexislación en vigor.

TITULO IV REXIME SANCIONADOR

Artigo 47. Fundamento.

O incumprimento dos preceptos previstos na presente Ordenanza determinará o inicio do expediente administrativo sancionador, tramitado de conformidade co disposto na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais normas que a complementen ou substitúan. Estarase así mesmo ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como nos Regulamentos de aplicación en materia sancionadora.

Artigo 48. Potestade sancionadora.

1. Corresponde á Alcaldía a resolución dos expedientes administrativos sancionadores, no exercicio da competencia que lle é atribuída a tal fin polo Artigo 21.1.n) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

2. A potestade sancionadora exercerase conforme ós principios previstos no Título IV de Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 49. Relación coa orde xurisdiccional penal.

O procedemento administrativo sancionador está supeditado á orde xurisdiccional penal, de modo que, cando exista identidade de suxeito, feito e fundamento, terá preferencia o enxuciamiento penal, debendo o órgano administrativo, no seu caso, suspender a tramitación do procedemento, actuando segundo o establecido na normativa vixente.

Artigo 50. Responsables.

Sen prexuízo dos supostos concretos de atribucións de responsabilidade contemplados nalgún dos preceptos desta Ordenanza, rexirán, con carácter xeral, as seguintes normas sobre responsabilidade:

1. Serán responsables directos das infraccións a esta Ordenanza os seus autores materiais, excepto nos casos nos que sexan menores de idade ou concorran neles algunha causa legal de inimputabilidade, en cuxo caso responderán por eles os pais, titores ou quen teña a súa custodia legal.

2. A responsabilidade será solidaria cando sexan varios os responsables e no sexa posible determinar o grado de participación de cada un deles. Igualmente serán responsables solidarios dos danos causados as persoas físicas ou xurídicas sobre as que recaía o deber legal de previr as infraccións administrativas que outros poidan cometer.

3. Cando os danos causados se produzan por acumulación de actividades debidas a diferentes persoas, poderá imputarse individualmente esta responsabilidade e os seus efectos económicos sempre que fose posible coñecer o grado de implicación de cada unha.

4. Cando se trate de obrigas de carácter colectivo, como a limpeza, mantemento e conservación de zonas comúns dos inmobles, a responsabilidade exixirase á correspondente comunidade de propietarios, ou ó conxunto de habitantes do inmovle se aquela non estivese constituída.

Artigo 51. Tipificación de infraccións.

Os actos ou omisións que contraveñan o establecido nesta Ordenanza terán a consideración de infraccións administrativas. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

1. Infraccións leves.

Consideraranse infraccións leves a efectos da presente Ordenanza, sen prexuízo do resto de infraccións tipificadas na Lei 7/2022, de 8 de abril e demais normativa sectorial de aplicación:

a) En xeral:

- Todas aquelas condutas que non estean tipificadas na presente Ordenanza como infraccións graves ou moi graves.

b) En materia de convivencia e limpeza viaria:



Concello de Viveiro

- Arroxar á vía pública residuos tales como cabicha, papeis, chicles, envoltorios ou calquera outro desperdicio similar.
 - Non limpar o tramo de vía pública contiguo a quioscos ou establecementos susceptibles de producir residuos.
 - Non manter limpa a superficie da vía pública que se ocupe con veladores ou cadeiras de terrazas de cafés, bares, restaurantes e establecementos análogos.
 - Non recoller os vendedores de mercados e mercadillos os residuos xerados pola súa actividade.
 - Non limpar as partes que sexan visibles dende a vía pública de edificios, fincas, vivendas e establecementos de dominio particular.
 - Sacudir alfombras, roupas, escobas ou similares sobre a vía pública.
 - Tender roupa en balconadas, ventás ou espazos orientados á vía pública.
 - Regar plantas ou macetas colocadas nos balcóns, fiestras ou terrazas si con elo se producen encharcamentos ou goteos sobre a vía pública ou sobre calquera dos seus elementos.
 - Cuspir, ouriñar ou defecar na vía pública.
 - Non recoller as feces dos animais domésticos cando estes as realicen sobre as rúas, beirarrúas, calzadas, zonas verdes e demais espazos públicos.
 - Non limpar con disolución xabonosa (ou con auga nas zonas verdes) os espazos ensuciados como consecuencia dos excrementos e **ouriños** dos animais.
 - Dispensar alimentos a animais sen dono coñecido, e, en particular, a gaivotas, pombas, cans ou gatos.
 - Realizar calquera operación que poida ensuciar a vía pública e, de forma especial, o lavado e limpeza de vehículos ou maquinaria, a manipulación ou selección de chatarras ou residuos urbanos, o vertido de augas procedentes de calquera tipo de limpeza ou as reparacións de vehículos na vía pública.
 - O almacenamento de materiais ou produtos de calquera tipo na vía pública. No caso de terrazas en vía pública estarase ao disposto na ordenanza municipal correspondente.
 - Non respectar as obrigas de limpeza e de evitar a produción de polvo establecidas nos casos de execución de obras.
 - A realización de actividades de transporte, carga e descarga sen respectar a obriga de limpeza que se exige.
 - Colocar calquera tipo de cartel, pancarta ou adhesivo en lugares non autorizados, cando non supoña unha infracción grave.
 - Realizar calquera das condutas sinaladas nos artigos 8 e 9, a excepción de que a conduta se atope contemplada como infracción grave ou moi grave.
- c) En materia de xestión de residuos municipais:
- Apropiarse de calquera clase de residuo depositados nos contedores públicos, salvo que se conte coa autorización do concello.
 - Realizar calquera tipo de manipulación nos contedores situados na vía pública.
 - A invasión, por parte de calquera vehículo alleo ó servizo de recollida de residuos, de vados ou reservas previstos polo concello para a colocación de contedores de residuos, así como estacionar en lugares que dificulten as operacións de carga e descarga dos mesmos.
 - Depositar residuos dentro dos contedores situados na vía pública fóra das horas previstas.
 - Depositar os residuos domiciliarios nos contedores colocados para a contención dos residuos procedentes de obras.
 - Depositar dentro dos contedores colocados na vía pública para a recollida selectiva de residuos calquera tipo de residuos diferentes ós que corresponda.
 - Depositar os residuos sen efectuar a separación de fraccións de recollida selectiva.
 - Abandonar calquera tipo de residuo fora dos recipientes colocados polo concello na vía pública para a súa recollida, salvo nos casos en que exista autorización previa do propio concello.
 - Depositar nos contedores situados na vía pública contedores que conteñan residuos líquidos ou susceptibles



Concello de Viveiro

de licuarse.

- Non depositar os residuos orgánicos en recipientes adecuados.
- O libramento, sen autorización do concello, de residuos en cantidades anormais.
- O incumprimento das súas obrigas polos produtores e/ou posuidores de residuos a que se refire o Artigo 35.

2. Infraccións graves.

Consideraranse infraccións graves, a efectos da presente Ordenanza, sen prexuízo do resto de infraccións tipificadas na Lei 7/2022, de 28 de xullo e demais normativa sectorial de aplicación:

a) Con carácter xeral:

- Todas aquelas infraccións da presente Ordenanza que, sen constituír infracción moi grave, teñan atentado contra a integridade física de terceiros e/ou a seguridade ou salubridade públicas.
- A reincidencia en infraccións leves (tres leves no prazo dun ano).
- Impedir ou obstaculizar as labores de inspección propias do concello que teñan por obxecto asegurar o cumprimento das prescricións da presente Ordenanza.

b) En materia de convivencia e limpeza viaria:

- Permitir que os animais realicen as súas necesidades fisiolóxicas sobre fachadas, portais, mobiliario público (farois, bancos, papeleiras) monumentos, edificios ou espazos públicos catalogados ou protexidos.
- Colocación masiva de carteis ou adhesivos en lugares non autorizados, entendendo por tal a colocación de máis de cincuenta elementos na vía pública, debidamente acreditada mediante informe da Policía Local ou vixiantes; así como a colocación non autorizada ou en lugares especialmente sensibles (entorno de monumentos ou lugares de interese turístico) de pancartas ou elementos de gran tamaño.
- Guindar material publicitario, octavillas ou similares na vía pública, ou a súa colocación nos vehículos aparcados.
- Non limpar o espazo público utilizado para a celebración de actos ou eventos.
- Realizar pintadas na vía pública sobre elementos estruturais, calzadas, beirarrúas, mobiliario urbano, muros e paredes.
- Realizar cambios de aceite ou doutros líquidos nos vehículos ou efectuar calquera reparación que conleve o vertido de combustibles, aceites ou calquera outro produto de carácter perigoso á vía pública.
- Incumprir, os propietarios ou titulares de establecementos, as obrigas sinaladas no artigo 8.
- Non manter permanentemente limpos os soares, parcelas ou terreos de propiedade privada situados en solo urbano ou de núcleo rural, incluídas beirarrúas, pasaxes, prazas, patios o calquera outra zona común das urbanizacións de dominio e uso privado.
- A invasión do dominio público desde parcelas privadas polo seu estado vexetal e non respectar a obriga de manter expedito o voo sobre o dominio público nunha altura mínima de 4 metros.

c) En materia de xestión de residuos municipais:

- Queimar residuos, desperdicios, ou material de calquera tipo.
- Depositarse dentro das papeleiras ou dos contedores materiais en combustión ou a unha temperatura tan elevada que poidan deterioralos.
- Depositarse residuos voluminosos na vía pública sen comunicación previa e confirmación por parte empresa concesionaria do servizo.
- Depositarse nos contedores obxectos metálicos ou outros materiais que poidan avariar o poñer en perigo o sistema mecánico dos vehículos de recollida.
- Deteriorar, en xeral, calquera tipo de elemento situado na vía pública para o depósito de residuos urbanos.
- O abandono de animais mortos ou a súa inhumación en terreos de dominio público.



Concello de Viveiro

- O abandono incontrolado de residuos de construción e demolición.

3. Infraccións moi graves.

Consideraranse infraccións moi graves, sen prexuízo do resto de infraccións tipificadas na Lei 7/2022, de 28 de xullo e demais normativa sectorial de aplicación:

a) En Xeral:

- A reincidencia en infraccións graves (Dous graves nun ano).

- Calquera infracción das normas da presente Ordenanza nos que se constate que causaron danos ou deterioros graves para o medio ambiente ou puxeron en perigo grave a saúde ou a seguridade das persoas.

b) En materia de limpeza:

- Ensuciar a vía pública durante as actividades de manipulación, carga e transporte dos residuos perigosos ou dos residuos industriais.

c) En materia de residuos:

- A creación e/ou utilización de vertedoiros incontrolados.

- O abandono, vertido, enterramento ou incineración de residuos perigosos en lugares non autorizados para elo o seu depósito en conteres de residuos municipais.

- Non respetar as normas de xestión previstas para os residuos de servizos médicos, veterinarios ou de investigación asociada.

- A mistura de residuos de parques e xardíns con outros residuos que poidan dificultar unha posterior xestión e, en particular, con residuos perigosos que supoñan un risco na manipulación ou afecten negativamente nos distintos tratamentos a seguir nas Plantas de Tratamento de Residuos.

- Abandonar ou almacenar en lugares non autorizados para elo, así como enterrar ou incinerar calquera tipo de residuo industrial, salvo que exista autorización previa do órgano competente.

Artigo 52. Sancións.

1. As infraccións ós preceptos da presente Ordenanza serán punibles da seguinte forma, sen prexuízo das sancións establecidas na lexislación sectorial aplicable, que deberían tramitarse segundo o establecido na mesma.

-infraccións leves: multa de 50,00 hasta 750,00 €.

-infraccións graves: multa de 751,00 a 1.500,00 €.

-infraccións moi graves: multa de 1.501,00 a 3.000,00 €.

2. Para graduar a contía e o alcance das sancións, atenderase ós seguintes criterios:

- A gravidade da infracción.

- O perxurio causado; a súa repercusión ou transcendencia na saúde ou seguridade das persoas, no medio ambiente ou outros bens ou intereses legalmente protexidos.

- As circunstancias do responsable, tales como a importancia ou categoría da súa actividade económica, ou a súa capacidade económica, así como o seu grado de culpabilidade, intencionalidade ou participación.

- O beneficio obtido: na imposición da sanción terase en conta que, en todo caso, a comisión da infracción non resulte mais beneficiosa que o cumprimento das normas infrinxidas.

- A reincidencia, pola comisión no termo dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así teña sido declarada por resolución firme.

- A reiteración, pola comisión no prazo de dous anos anteriores a que se cometa ou comezara a cometerse a infracción, dunha infracción da mesma norma e distinta natureza, cando así teña sido sancionada por unha resolución firme.



Concello de Viveiro

- Terán a consideración de atenuantes a adopción espontánea, por parte do responsable da infracción, de medidas correctoras con anterioridade á incoación do expediente sancionador, así coma o cese da actividade infractora de modo voluntario.

-Terán tamén a condición de agravantes ou atenuantes os establecidos expresamente para cada infracción na presente ordenanza.

Artigo 53. Obrigación de reparación, execución subsidiaria e multa coercitiva.

1. Sen perxuízo da sanción que se impoña, os infractores estarán obrigados á reposición e restauración das cousas ó estado en que se encontraban con anterioridade á infracción cometida, na forma e condicións que determine o órgano competente para sancionar.

2. Se os infractores non procederan á reposición ou restauración dacordo co establecido no apartado anterior, os órganos competentes poderán acordar a imposición de multas coercitivas con arranxo ó Artigo 117 da lei 7/2022, de Residuos e Solos Contaminados, en relación co artigo 103 da lei 39/2015, unha vez transcorridos os prazos sinalados no requirimento correspondente. A contía de cada unha das multas non superará un terzo da sanción fixada pola infracción cometida. En función do tipo de conducta, para a imposición de multas coercitivas estarase á normativa sectorial que resulte de aplicación.

3. En caso de incumprimento dos deberes que lles corresponden, e sen prexuízo das multas que se lles puideran impor, tras requirimento ó efecto, poderase efectuar a execución subsidiaria polos Servizos Municipais, por conta dos responsables.

4. Non será necesario requirimento previo, podendo procederse de modo inmediato á execución, cando da persistencia da situación puidera derivarse un perigo inminente para a saúde humana ou o medio ambiente.

Artigo 54. Prescrición.

1. As infraccións descritas prescribirán polo transcurso dos seguintes prazos:

- As infraccións leves prescriben ós 6 meses.

- As infraccións graves prescriben ós 2 anos.

- As infraccións moi graves prescriben ós 3 anos.

Para as infraccións tipificadas pola Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados, seguiranse os prazos de prescrición regulados na mesma. Para o suposto de infraccións previstas en normativa específica seguirase o establecido na normativa de aplicación.

2. As sancións prescribirán polo transcurso dos seguintes prazos:

- Moi graves: 3 anos.

- Graves: 2 anos.

- Leves: 1 ano.

Para as sancións previstas na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados, seguiranse os prazos de prescrición regulados na mesma. Para o suposto de sancións previstas en normativa específica seguirase o establecido na normativa de aplicación.

3. En relación coas infraccións, a prescrición interrompese coa iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.

4. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. A prescrición interrompese, neste caso, pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo si aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó infractor.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

A entrada en vigor do artigo 5, apartado 3-d) da presente ordenanza queda aprazada por un período de seis meses dende a entrada en vigor da presente ordenanza, con fin de facilitar a adaptación previa necesaria para o sue cumprimento. Finalizado o aprazamento, o artigo entrará en vigor con plena eficacia.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Unha vez aprobado definitivamente este regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto integro no BOP de Lugo e transcorra o prazo de 15 días a que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da LBRL.



Concello de Viveiro

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. *Quedan derogadas cantas disposicións de carácter municipal contradigan o disposto na presente Ordenanza.*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a Primeira Tenente de Alcaldía.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, explicando a ordenanza. Comenta que o obxectivo é mellorar a calidade de vida dos veciños, protexer o medio ambiente e conservar un entorno limpo e saudable. Alude aos tres tipos de sancións que regula a ordenanza e informa que o Concello de Viveiro ten 3739 cans censados con chip e 1084 nenos de 0 a 19 anos, polo que considera que procede tomar medidas para a limpeza viaria que se xera pola tenza de animais e pasa a enumerar as infraccións ao respecto, facendo referencia a que se contempla como infracción grave realizar as necesidades en fachadas, bens de interese cultural, entre outras... Con respecto ao abandono de enseres na vía pública tamén comenta as infraccións que regula a ordenanza considerándose falta grave e recorda que hai un servizo de recollida de enseres e un punto limpo. Informa sobre a limpeza de fincas privadas reguladas na ordenanza, tipificándose como falta grave non manter permanentemente limpos os solares en núcleo rural ou zona urbana. Menciona a regulación con respecto ás cabichas, sinalando que se contempla como falta leve tiralas ao chan ou ao sumidoiro de pluviais xa que van directamente á ría. Remata facendo mención ao uso incorrecto dos contedores, informando dos horarios e uso correcto do depósito de lixo nos mesmos.

Intervén D^a María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal Partido Popular de Viveiro, mostrándose a favor da ordenanza, recordando o consenso que houbo na súa elaboración na comisión informativa e a colaboración que fixo o seu grupo a dita ordenanza. Alude, non obstante, á preocupación por quen vai controlar e vixiar a súa aplicación, solicitando que se faga algo ao respecto da policía municipal entendendo que de nada serve facer ordenanzas se non hai quen sancione se non se cumpren, recordando que con algunha actuación ponse en perigo o patrimonio histórico. Tamén solicita unha habilitación dunha zona onde se poidan levar os cans a facer as súas necesidades dentro do Casco Histórico, entendendo que os xardíns como tal non son unha zona habilitada para levar os cans a facer as súas necesidades polo que se deberían habilitar espazos, recordando que a diario se pode ver esta acción nos xardíns. Entende que a cifra de cans é considerable e considera que para completar esta ordenanza falta esa parte.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, mostrando o seu acordo co texto da ordenanza e entende que cando a Policía Local vaia dándose de alta irase concienciando aos veciños e facendo campañas de sensibilidade para o cumprimento da ordenanza, aludindo a que os donos dos cans non lles permiten aos cans facer na casa o que lles permiten facer na rúa. Entende que a ordenanza igual xa ven algo tarde pero recorda que houbo 44 escritos con 69 alegacións á aprobación provisional e parte delas tivéronse en conta para a redacción do texto definitivo e outras desestimáronse, quedando redactado o texto segundo consta na proposta.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, manifestando que están a favor da ordenanza matizando que a ordenanza é moi necesaria e tamén é moi necesario o cumprimento da mesma.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcalde, matizando que se está ultimando a redacción da ordenanza de tenza de animais na que se regularán os espazos de esparcemento canino buscando os espazos máis adecuados para suplir esa necesidade de quen ten animais.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procedese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación definitiva da referida ordenanza, atendendo ao ditame da Comisión Informativa:



Concello de Viveiro

Primeiro.- Acordar a aprobación definitiva da “Ordenanza municipal reguladora da convivencia, limpeza e residuos” co seguinte texto definitivo, resultado da estimación, estimación parcial ou desestimación das alegacións presentadas, e cambios puntuais realizados segundo consta no ditame da Comisión Informativa:

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONVIVENCIA, LIMPEZA E RESIDUOS.

INDICE

Exposición de Motivos.

TÍTULO I. Disposicións Xerais.

- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Aplicación analóxica.
- Artigo 3. Obriga de cumprimento e vixilancia.
- Artigo 4. Definicións.

TÍTULO II. Limpeza viaria

Capítulo I. Da limpeza pública como consecuencia do uso común xeral dos cidadáns.

- Artigo 5. Dereitos e obrigas dos cidadáns.
- Artigo 6. Necesidades fisiolóxicas.
- Artigo 7. Réxime de sancións.
- Artigo 8. Consumo de bebidas na vía pública.
- Artigo 9. Limpeza das vías públicas.
- Artigo 10. Novas urbanizacións.

Capítulo II. Actividades susceptibles de ensuciar as vías públicas. Casos particulares.

- Artigo 11. Establecementos e actividades comerciais.
- Artigo 12. Organizadores privados de actos públicos en espazos de propiedade municipal.
- Artigo 13. Actividades de transporte.
- Artigo 14. Obras.
- Artigo 15. Animais na vía pública.
- Artigo 16. Elementos publicitarios.
- Artigo 17. Pintadas
- Artigo 18. Execución subsidiaria.

Capítulo III. Limpeza de soares e demais terreos de propiedade privada.

- Artigo 19. Obrigas xerais.
- Artigo 20. Titularidade.
- Artigo 21. Comprobacións.
- Artigo 22. procedemento
- Artigo 23. Da limpeza das zonas próximas ás masas forestais.

Capítulo IV. Limpeza de espazos e inmobles privados.

Artigo 24. Disposicións xerais.



Concello de Viveiro

TITULO III. Residuos municipais.

Capítulo I. Recollida de residuos.

- Artigo 25. Residuos municipais.
- Artigo 26. Sistemas de recollida.
- Artigo 27. Recollida separada e depósito de residuos.
- Artigo 28. Sistemas de recollida de residuos domésticos e asimilados.
- Artigo 29. Concienciación cidadá.
- Artigo 30. Punto Limpo.
- Artigo 31. Prohibición de botar residuos á rede de saneamento.

Capítulo II. Residuos municipais especiais.

- Artigo 32. Animais domésticos mortos.
- Artigo 33. Mobles e outros residuos voluminosos.
- Artigo 34. Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
- Artigo 35. Vehículos abandonados.
- Artigo 36. Residuos procedentes de obras menores e reparacións domiciliarias.
- Artigo 37. Recollida de restos de poda e xardinería.
- Artigo 38. Residuos de pilas usadas.
- Artigo 39. Residuos de aceites e graxas vexetais de orixe domiciliaria.
- Artigo 40. Residuos sanitarios sin risco ou inespecíficos.
- Artigo 41. Residuos textís (roupa, zapatos usados e outros textís do fogar)
- Artigo 42. Residuos de medicamentos e os sus envases.
- Artigo 43. Biorresiduos.
- Artigo 44. Residuos comerciais non perigosos e domésticos xerados en industrias.
- Artigo 45. Separación en orixe das fraccións de recollida separada obrigatoria en eventos públicos.
- Artigo 46. Residuos excluídos da recollida municipal.

TITULO IV. Réxime sancionador.

- Artigo 47. Fundamento.
- Artigo 48. Potestade sancionadora.
- Artigo 49. Relación co orde xurisdiccional penal.
- Artigo 50. Responsables.
- Artigo 51. Tipificación de infraccións.
- Artigo 52. Sancións.
- Artigo 53. Obriga de reparación, execución subsidiaria e multa coercitiva.
- Artigo 54. Prescrición.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA



Concello de Viveiro

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. Entrada en vigor

Segunda. Derogatoria

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual preocupación social pola calidade de vida e a defensa do medio ambiente ten a súa acollida no artigo 45 da nosa Constitución, ao incorporar, coma un dos principios reitores da política social e económica, o dereito de todos a desfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo.

A efectividade da declaración constitucional require unha actuación positiva dos poderes públicos que o propio Artigo 45 lles esixe, ao encomendarlles velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

Esta tutela do medio ambiente, en canto dirixida “ao desenvolvemento da persoa”, demanda a necesaria protección de todo o marco e o entorno da vida humana e, por tanto principalmente, de aquel no que a maioría das persoas desenvolven hoxe a súa existencia, isto é, o medio urbano.

Sen prexuízo da necesaria articulación de competencias coas Administracións territoriais de ámbito superior -Estado e Comunidade Autónoma-, é notoria a responsabilidade dos concellos en materia de medio ambiente, cuxa protección se configura como unha das competencias “propias” das Entidades locais no Artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

A maior abundamento, o Artigo 26 da mesma Lei impón aos concellos a obrigaón de prestar unha serie de servizos, algúns de claro contido medioambiental, como a limpeza viaria e a recollida de residuos.

Na mesma orde de cousas, a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, atribúe ás Entidades locais, como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos na forma que se estableza nas súas ordenanzas.

No exercicio das competencias que o ordenamento xurídico lle atribúe, o Concello de Viveiro quere garantir aos seus cidadáns un espazo público de calidade. Con esta finalidade se redacta a presente Ordenanza, que persegue ser un medio útil para o cumprimento, no seu propio ámbito, de aqueles deberes constitucionais de protección e mellora da calidade de vida, e da defensa e restauración do medio ambiente, en consonancia cos principios que rexen a economía circular

Tal obxectivo sería inalcanzable sen a colaboración activa da sociedade (“indispensable solidariedade colectiva”, di a Constitución), que ten que asumir como propia a cuota de responsabilidade que lle incumbe na protección do entorno. Pola súa parte, o Concello debe cumprir coa súa obrigaón protectora do medio ambiente a través de medidas de prevención, minimización, corrección dos efectos ou, no seu caso, prohibición das actuacións públicas ou privadas que poidan ter efectos prexudiciais sobre o medio ambiente e a calidade de vida.

Neste marco, a falta de limpeza e ausencia de mantemento polos propietarios dos soares, parcelas e terreos situados en solos urbanos e de núcleos rurais, así como os rústicos e urbanizables que lindan co dominio público, constitúe unha mala práctica e un incumprimento da obriga dos propietarios de conservación dos terreos e demais bens inmoables nos termos do artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, LSG, e 332 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, RLSG. Esta obriga abrangue a conservación da propiedade nas condicións legais para servir de soporte aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles. Asemade, constitúe obriga inescusable dos propietarios dos terreos a conservación e mantemento do solo natural e, no seu caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e demais condicións que se determinen na lexislación vixente.



Concello de Viveiro

Esta mala práctica é susceptible de poñer en perigo á poboación ou bens dos cidadáns por incidir no aumento de riscos para a salubridade e seguridade pública, ademais de supoñer un detrimento da imaxe do Concello incumprindo cos estándares mínimos de ornato público e derivando, en moitos casos, en problemas de convivencia veciñal.

Polo tanto, tamén constitúe obxecto da presente ordenanza a regulación da obriga de mantemento da propiedade en termos de limpeza nos solos clasificados pola normativa urbanística vixente no municipio de Viveiro como urbanos e de núcleo rural, por ser solos destinados principalmente á residencia e actividades produtivas nos que os valores de convivencia deben ser especialmente respectados, así como calquera tipo de solo que linde co dominio público, de uso común para todos os cidadáns.

Con todo, exceptúanse de esta ordenanza as obrigas de conservación reguladas especificamente na normativa sectorial suxeitas a un procedemento específico. En concreto, as suxeitas ao procedemento específico regulado na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e o artigo 2.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, sen prexuízo do exercicio das competencias atribuídas ao Concello pola propia norma sectorial. No mesmo senso, queda excluída a regulación da obriga de conservación regulada expresamente pola Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Así, a Ordenanza configúrase coma un instrumento que pretende articular a corresponsabilidade pública e privada na protección da contorna e a calidade medioambiental. Polo cal, moitas das súas normas presupoñen un espírito cooperativo por parte dos cidadáns, como nas estratexias de recollida selectiva de residuos ou de limpeza do municipio. En contrapartida, han de buscarse mecanismos a través dos cales o concello facilite á veciñanza o cumprimento de aquilo que lles encomenda, poñendo á súa disposición tanto información como medios que simplifiquen ó máximo as obrigas cidadáns.

Finalmente, esta solidariedade colectiva que ten que inspirar todo o articulado da Ordenanza é á vez fundamento e expresión de principios medioambientais xa amplamente recoñecidos no ámbito comunitario, e acollidos na nosa normativa interna, tales como o de “quen contamina paga”. Este principio tivo reflexo en varios lugares da presente Ordenanza, e tradúcese na obriga que compete ao responsable de danos medioambientais de devolver os recursos naturais afectados ó seu estado orixinal, sufragando na súa totalidade os custos que isto supoña.

É tamén á luz da corresponsabilidade Administración-cidadáns na protección do medio ambiente, que temos que interpretar as normas da Ordenanza que limitan ou sancionan condutas, pois con elas perséguese, máis aló dunha finalidade punitiva ou represora, encauzar a crecente conciencia cívica sobre a perentoria necesidade de protexer a calidade do noso entorno, que, en canto ben xurídico de interese xeneral, haberán de supeditarse ós intereses particulares.

O fundamento legal desta Ordenanza atópase na normativa que se resume a continuación.

En primeiro lugar, a Directiva 2018/851, do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos,. A transposición desta Directiva ao noso ordenamento xurídico interno levase a cabo a través da lei 7/2022, de Residuos e Solos Contaminados.

Dentro da normativa estatal, é fundamento legal desta Ordenanza, ademais da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 7/2022, de Residuos e Solos Contaminados; Real Decreto 1055/2022, de envases e residuos de envases., e o Regulamento que a desenvolve; a Orden MAM/304/2002, de 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a Lista Europea de Residuos, o Real Decreto 265/2021, de 13 de abril, sobre os vehículos ó final da súa vida útil, o Real Decreto 110/2015, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, Real Decreto 27/2021, de 19 de xaneiro, polo que se modifican o Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos, e o Real Decreto 110/2015, de 20 de febreiro, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

En canto á normativa autonómica que fundamenta a presente Ordenanza, intégrase, eminentemente,



Concello de Viveiro

a Lei 6/2021, de residuos e solos contaminados de Galicia e demais normativa sectorial aplicable e a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, do regulamento da Lei 2/2016, de solo de Galicia e demais lexislación sectorial aplicable.

ESTRUTURA.- A Ordenanza está estruturada en catro Títulos:

O **Título I**, relativo a “Disposicións Xerais”, contén os Artigos 1 a 4, nos que se describen o obxecto perseguido pola Ordenanza e unhas regras xerais sobre a súa aplicación, engadindo unha lista de definicións para facilitar a interpretación do seu contido.

O **Título II** regula a limpeza das Vías Municipais, e ten por obxecto definir as condicións de limpeza nas que deben atoparse a vía pública e os elementos adxacentes coa mesma ou visibles dende ela, así como establecer as medidas preventivas, correctivas e reparadoras encamiñadas a manter tales condicións.

Este Título estruturase en tres Capítulos, relativos ás seguintes materias:

Capítulo I: Limpeza pública como consecuencia do uso común xeral dos cidadáns.

Capítulo II: Actividades susceptibles de xerar sucidade na vía pública (Casos particulares).

Capítulo III: limpeza de soares e demais terreos de propiedade privada.

O **Título III** adicase aos residuos municipais, e ten por obxecto regular as condicións nas que o Concello presta, e o usuario utiliza, os servizos destinados á recollida dos residuos domésticos e asimilados.

Este Título contén dous Capítulos:

Capítulo I: define os residuos e regula o seu depósito, así como os diferentes sistemas de recollida operativos no municipio.

Capítulo II: adicado a aqueles supostos que, pola súa especialidade (características dos residuos, ou o seu volume), escapan ás normas xerais, e requiren unha regulación específica na súa recollida.

O **Título IV** adicase ao Réxime Sancionador, establecendo, tras unhas disposicións de carácter xeral (fundamento xurídico do procedemento, regulación da potestade sancionadora e normas sobre responsabilidade), a tipificación de infraccións e sancións, así como certas medidas para a reparación dos danos causados.

TITULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto.

Constitúe o obxecto da presente Ordenanza a regulación, no ámbito das competencias municipais, das seguintes actividades:

- a) A limpeza viaria e dos espazos públicos de propiedade municipal, así como a inspección e a realización subsidiaria, no seu caso, da limpeza dos soares e outros espazos de propiedade privada.
- b) Todas aquelas condutas e actividades dirixidas ao depósito e recollida de residuos municipais, respectando o principio de xerarquía, co obxecto de conseguir o mellor resultado ambiental global, mitigando os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente.
- c) Aquelas condutas que afecten á convivencia cidadá.



Concello de Viveiro

Artigo 2. Aplicación analóxica.

Nos supostos non regulados pola presente Ordenanza, pero que polas súas características ou circunstancias puideran estar comprendidos no obxecto ou ámbito de aplicación que lle é propio, serán aplicadas, por analogía, as normas da mesma que garden similitude co caso contemplado, a excepción das restritivas de dereitos e as sancionadoras.

Artigo 3. Obriga de cumprimento e vixilancia.

1. A cidadanía está obrigada ao cumprimento puntual da presente Ordenanza e das disposicións complementarias que, nas materias que constitúen o seu obxecto, sexan adoptadas pola Alcaldía ou órgano competente no exercicio das súas facultades.

2. Así mesmo, como deber cívico, calquera persoa poderá denunciar ante o Concello aquelas infraccións que presencie ou das que teña coñecemento certo, quedando a Administración municipal obrigada a atender as reclamacións, denuncias e suxestións da cidadanía, mediante o exercicio das accións que proceda adoptar en cada caso.

3. Pola súa parte, compete á Administración vixiar activamente o cumprimento das normas municipais, para o cal a Policía Local, vixiantes e técnicos municipais poderán realizar inspeccións mediante a entrada en instalacións, locais ou recintos cantas veces sexa necesario e se autorice polos respectivos propietarios, arrendatarios, titulares, responsables ou encargados, sempre que a actividade de inspección teña por obxecto asegurar o cumprimento das prescricións da presente Ordenanza e da normativa ambiental en vigor. A falta de dita autorización, tomaranse as medidas legais pertinentes para garantir o cumprimento desta normativa.

Artigo 4. Definicións.

Aos efectos desta Ordenanza entenderase por:

1. Residuo: calquera sustancia ou obxecto que o seu posuidor desbote ou teña a intención ou a obriga de desbotar.

2. Residuos domésticos: residuos perigosos ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas.

Así mesmo teñen tal consideración:

a) os similares en composición ou cantidade aos anteriores xerados en servizos e industrias, que non se xeren como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria.

b) os que se xeran nos fogares de, entre outros, aceites de cociña usados, aparatos eléctricos e electrónicos, téxtil, pilas, acumuladores, mobles, enseres e colchóns, así coma os residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

c) os procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

d) Serán considerados como residuos domésticos aqueles que a lexislación defina como tales en cada momento.

3. Residuos comerciais: Residuos xerados pola actividade propia do comercio, ao por maior e ao por menor, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos.

4. Residuos industriais: os resultantes dos procesos de produción, fabricación, de transformación, de



Concello de Viveiro

utilización, de consumo, de limpeza ou de mantemento xerados pola actividade industrial, excluídas as emisións á atmosfera reguladas na lei 34/2007, de 15 de novembro (de calidade do aire e de protección da atmosfera).

5. Residuo perigoso: aquel que presenta unha ou varias das características perigosas enumeradas no Anexo I de la Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados, así como o que poida aprobar o Goberno de conformidade co establecido na normativa europea ou nos convenios internacionais, así como os recipientes ou envases que os contiveran.

6. Residuos municipais:

1.º Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada de orixe doméstica, incluídos papel e cartón, vidro, metais, plásticos, biorresiduos, madeira, téxtiles, envases, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, residuos de pilas e acumuladores, residuos perigosos do fogar e residuos voluminosos, incluídos os colchóns e os mobles,

2.º os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada procedentes doutras fontes, cando eses residuos sexan similares en natureza e composición aos residuos de orixe doméstica.

Os residuos municipais non comprenden os residuos procedentes da produción, a agricultura, a silvicultura, a pesca, as fosas sépticas e a rede de saneamento e plantas de tratamento de augas residuais, incluídos os lodos de depuradora, os vehículos ao final da súa vida útil nin os residuos de construción y demolición.

7. Biorresiduo: residuo biodegradable de xardíns e parques, residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venta ó por menor, así como residuos comparables procedentes de plantas de procesado de alimentos.

8. Produtor de residuos: calquera persoa física ou xurídica cuxa actividade produza residuos (produtor inicial) ou calquera persoa que efectúe operacións de tratamento previo, de mestura ou de outro tipo, que ocasionen un cambio de natureza ou de composición destes residuos.

9. Posuidor de residuos: o produtor ou outra persoa física ou xurídica que estea en posesión de residuos. Considerará posuidor de residuos ao titular catastral da parcela na que se localicen residuos abandonados ou lixo disperso, sendo responsable administrativo de ditos residuos, salvo naqueles casos nos que sexa posible identificar ao autor material do abandono ou posuidor anterior

10. Xestión de residuos: a recollida, transporte e tratamento dos residuos, incluída a vixilancia destas operacións.

11. Xestor de residuos: a persoa ou entidade, pública ou privada, rexistrada mediante autorización ou comunicación que realice calquera das operacións que compoñen a xestión dos residuos, sexa ou non o produtor dos mesmos.

12. Recollida: operación consistente no acopio de residuos, incluída a clasificación e almacenamento iniciais para o seu transporte a unha instalación de tratamento.

13. Recollida separada: a recollida na que un fluxo de residuos mantense por separado, segundo o seu tipo e natureza, para facilitar un tratamento específico.

14. Reutilización: calquera operación mediante a cal produtos ou compoñentes de produtos que non sexan residuos se utilizan de novo coa mesma finalidade para a que foron concibidos.

15. Tratamento: as operacións de valorización ou eliminación, incluída a preparación anterior á valorización ou eliminación.

16. Valorización: calquera operación cuxo resultado principal sexa que o residuo sirva a unha finalidade útil ó substituír a outros materiais, que de outro modo teríanse utilizado para cumprir unha función particular ou que o residuo sexa preparado para cumprir esa función na instalación ou na economía en xeral.



Concello de Viveiro

17. Reciclado: toda operación de valorización mediante a cal os materiais de residuos son transformados de novo en produtos, materiais o sustancias, tanto si é coa finalidade orixinal como con calquera outra finalidade. Inclúe a transformación do material orgánico, pero non a valorización enerxética nin a transformación en combustibles.

18. Eliminación: calquera operación que non sexa a valorización, incluso cando a operación teña como consecuencia secundaria o aproveitamento de sustancias ou enerxía.

19. Prevención: conxunto de medidas adoptadas na fase de concepción e deseño, de produción, de distribución e de consumo dunha sustancia, material ou produto, para reducir a cantidade de residuo, os impactos xerados sobre o medio ambiente e a saúde humana, e/ou o contido de sustancias nocivas en materiais e produtos.

20. Residuos voluminosos: Considéranse residuos voluminosos aqueles residuos municipais que polo seu tamaño, forma, volume, peso ou tipoloxía, non poden ser retirados polos servizos de recollida domiciliar mediante contedores ubicados na vía pública, sendo necesaria a utilización doutros sistemas de recollida e transporte especiais para asegurar o seu correcto traslado, tratamento e eliminación. Son considerados residuos voluminosos: -Mobiliario doméstico. -Electrodomésticos e outros aparellos voluminosos. -Restos de embalaxes, palets e outros útiles similares de desfeito. Non se consideran residuos municipais os residuos voluminosos provenientes de organismos públicos, institucións ou industrias.

21. Residuos de construción e demolición: Ós efectos desta Ordenanza, considéranse residuos municipais de construción e demolición os que se xeren como consecuencia de obras menores e pequenas reparacións domiciliarias, entendendo por tales as obras de construción e/ou demolición nun domicilio particular, comercio, oficina ou inmovible do sector servizos, de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica, que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións de uso común ou do número de vivendas e locais, e que non precisen de proxecto firmado por profesionais titulados. O resto de residuos de construción e demolición (residuos de natureza fundamentalmente inerte xerados en obras de escavación, nova construción, reparación, remodelación, rehabilitación e demolición non incluídas na definición anterior) non se consideran residuos municipais e están regulados pola normativa medioambiental específica.

22. Residuos de animais domésticos mortos: Defínese animal doméstico nos mesmos termos que no Artigo 3.3 e 4 da lei 8/2003, de 24 de abril, de Sanidade Animal, onde se establece que os animais domésticos son aqueles animais de compañía que teñan no seu poder as persoas, cuxa tenencia non teña como destino o seu consumo ou o aproveitamento das súas producións, ou non se leve a cabo, en xeral, con fins comerciais ou lucrativos, co fin de vivir en domesticade no fogar, así coma os de acompañamento, condución e axuda de persoas cegas o con deficiencia visual grave o severa. Os cadáveres de animais domésticos cuxos propietarios residan no municipio de Viveiro, considéranse residuos municipais.

23. Residuos de aceites e graxas vexetais de orixe domiciliar: A efectos de esta Ordenanza, son residuos municipais aqueles aceites usados provenientes dos procesos de cocción en domicilios particulares. Os provenientes de procesos de cocción en comedores, restaurantes, hoteis, cocinas industriais, se considerarán residuos industriais, en cuxo caso o titular do establecemento deberá xestionalos a través dos xestores autorizados.

24. Soar: A superficie de solo urbano apta para edificar que reúna os requisitos establecidos na lexislación urbanística para ter tal consideración.

25. Parcela ou predio: Unidade de solo, tanto na rasante coma no voo ou no subsolo, que teña atribuída edificabilidade e uso, ou só uso, urbanístico independente.

26. Terreo: Extensión de solo con independencia da súa clasificación urbanística, que pode estenderse a máis dunha parcela ou predio.

27. Solo urbano: Os clasificados como solo urbano consolidado ou non consolidado pola normativa urbanística vixente no municipio de Viveiro.



Concello de Viveiro

28. Solo de núcleo rural: Os clasificados como núcleo rural pola normativa urbanística vixente no municipio de Viveiro.

29. Condiciones de seguridade salubridade, accesibilidade e ornato público: Situación na que se encontra unha construción ou edificación, soar, terreo ou parcela, en tanto os donos ou posuidores cumpren a obrigaón de limpeza e conservación previstas na normativa urbanística e nesta ordenanza.

Entenderase en todo caso que incúmprese con estas obrigaóns cando os inmobles presenten na totalidade ou en parte dos mesmos maleza que alcance unha altura superior a 1,00 metro desde a rasante do terreo, aconsellando o seu descaroce, roce e limpeza por incumprimento das condicións de limpeza esixibles de conformidade con esta ordenanza.

30. Limpeza: Por soares, parcelas e terreos limpos enténdense aqueles libres de residuos ou refugallos, con eliminación de capa vexetal (maleza). Implicará o mantemento da propiedade sen ningún resto orgánico ou mineral que poida alimentar ou albergar animais ou plantas portadoras ou transmisoras de enfermidades, producir malos cheiros; e daqueles materiais inflamables ou susceptibles de provocar incendios, debendo ademais velar pola recollida e eliminación dos devanditos restos e materiais. Igualmente, protexeranse ou eliminaranse os pozos ou desniveis que neles existan e todo tipo de elementos que poidan ser causa de accidente.

Os solos regulados pola presente ordenanza non poderán albergar árbores que presenten risco de caída. Agás neste suposto, non se entenderá por limpeza a tala de masas arbóreas, ou de árbores illadas.

Permitirase en parcelas situadas en solo urbano ou de núcleo rural o amoreamento de madeira resultante para consumo propio en condicións de seguridade. Entenderase que se mantén en condicións de seguridade sempre que o amoreamento realícese mediante pilas ordenadas en construcións auxiliares ou instalacións habilitadas ao efecto, ou ben – no caso de solo de núcleo rural – mediante pilas ordenadas impedindo o seu deterioro e a proliferación de maleza ao seu redor. Neste último suposto, non poderán realizarse pilas de madeira a menos de 2 metros de calquera dos lindes de parcela.

31. Maleza: Especies vexetais silvestres arbustivas e herbáceas de calquera especie cuxo crecemento xere espesura a partir dunha aglomeración destas, na totalidade ou parte dun soar, parcela ou terreo. Sinaladamente a constituída por breixos, carqueixas, xestas, silveiras, fentos e toxos.

TITULO II

LIMPEZA VIARIA

Este título ten por obxecto regular no ámbito das competencias do Concello de Viveiro as seguintes situacións, actuacións e comportamentos:

- a) A limpeza da vía pública no que se refire ao uso común xeral da cidadanía, e as actividades susceptibles de ensuciar as vías públicas. A limpeza de soares e terreos de propiedade municipal; e a inspección e a realización subsidiaria da limpeza de soares e terreos de titularidade privada.
- b) A prevención do estado de sucidade no termo municipal producida como consecuencia das manifestacións públicas na rúa, e a limpeza dos bens de dominio municipais no que respecta ao seu uso común especial e privativo.
- c) O mantemento do estado xeral de limpeza e ornato dos espazos públicos e dos bens de dominio publico municipal.
- d) Velar polo mantemento do estado xeral de limpeza e ornato dos terreos en soares, parcelas ou terreos privados clasificados como urbanos ou de núcleo rural pola normativa urbanística vixente, así como parcelas ou terreos rústicos ou urbanizables privados que linden



Concello de Viveiro

co dominio público.

Capítulo I: Da limpeza como consecuencia do uso común xeral dos cidadáns.

Artigo 5. Dereitos e obrigas dos cidadáns.

1. Todos as persoas teñen dereito a desfrutar dun ambiente adecuado e dun entorno limpo e libre de residuos.
2. En atención a este dereito, non está permitida, con carácter xeral, acción algunha que menoscabe a limpeza do municipio, empeore o seu aspecto ou vaia en detrimento do seu ornato, deixando a salvo as situacións autorizadas polo concello, previa adopción das medidas que este determine.
3. En concreto, quedan prohibidas as seguintes condutas:
 - a) Depositar, tirar ou abandonar calquera clase de produto, en estado sólido, líquido ou gaseoso, que poda alterar as condicións de limpeza que esixe a estética do concello, incluída a varredura da vía pública que recollan os particulares.
 - b) Abandonar na vía pública produtos do varrido e limpeza producidos por particulares.
 - c) A limpeza ou, de ser o caso, sacudida de alfombras, prendas ou calquera outro obxecto sobre a vía pública desde fiestras, balcóns ou terrazas, así coma tirar calquera tipo de residuo á vía pública dende fiestras, terrazas, balcóns, aberturas exteriores, etc., dos edificios, vivendas ou establecementos, incluso en bolsas ou calquera outro recipiente.
 - d) O vertido de augas procedentes de limpeza de calquera tipo sobre a vía pública ou na rede de sumidoiros.
 - e) Evacuar á rede de sumidoiros calquera tipo de residuo sólido ou pastoso.
 - f) O lavado e limpeza de vehículos e calquera outra operación de mantemento destes, agás reparacións de emerxencia. Neste caso deberá procederse á limpeza da zona afectada.
 - g) Tirar ó chan cáscaras, papeis, gomas de mascar, cabichas, envoltorios ou calquera outro desperdicio, que deberá depositarse nos contedores instalados para tal fin.
 - h) Non se permite regar as plantas instaladas no exterior dos edificios se a consecuencia desta operación se producen vertidos ou salpicaduras sobre a vía pública ou sobre os seus elementos. A rega farase coa debida precaución e coidado para non causarles molestias nin prexuízos aos cidadáns e de acordo co horario establecido nesta ordenanza. Este horario será de 23:00 a 07:00.
 - i) Satisfacer as necesidades fisiolóxicas ou cuspir na vía pública.
 - j) Depositar nos contedores ou colectores de recollida de residuos cabichas de cigarros ou outros materias prendidos.
 - k) Dar de comer aos animais sen dono coñecido, e, en particular, a gaivotas, cans e gatos. A excepción daquelas persoas que contén coa autorización perceptiva.
 - l) Ensuciar a vía pública como consecuencia da tenza de animais.
 - m) Facer fogueiras, lumaradas ou queimas de calquera clase, salvo autorización expresa da administración competente para eventos sinalados, que indicará o lugar e as condicións en que estas accións se poden realizar.
 - n) Botar calquera tipo de desperdicio dende vehículos, tanto parados como en marcha.
 - o) As condutas vandálicas, agresivas ou negligentes no uso do mobiliario urbano que xeren situacións de risco ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas ou dos bens.
 - p) Tirar ao chan ou depositar recipientes de bebidas como latas, botellas, vasos, ou calquera



Concello de Viveiro

outro obxecto.

- q) Realizar calquera clase de pintadas e inscricións, tanto na vía pública, coma sobre o mobiliario urbano ou sobre muros, paredes de edificios, fachadas, estatuas, monumentos e, en xeral, calquera elemento integrante da cidade. Exceptúanse os graffitis realizados nos lugares expresamente autorizados para o efecto.
- r) Abandonar mobles e aparellos particulares.
- s) Prohíbese verter auga ou outros líquidos das máquinas climatizadoras ou similares directamente á vía pública.
- t) Prohíbese colocar as rendixas de aire propulsado por motores, nas fachadas, coas lamas carón o chan, cando estas poidan afectar ós viandantes.

4. A comisión dalgunha das condutas descritas, ou de calquera outra que supoña un menoscabo para a limpeza ou ornato do municipio, conlevará a obriga de reparar o dano causado na forma en que se determine polos Servizos Municipais competentes, sen prexuízo das sancións a que, no seu caso, houbera lugar.

Artigo 6. Necesidades fisiolóxicas.

Fundaméntase a regulación contida neste artigo na protección da saúde pública e da salubridade, do dereito a gozar dun espazo público limpo e non degradado e no respecto polas pautas de convivencia cidadá e civismo.

- 1. Prohíbese satisfacer necesidades fisiolóxicas en calquera dos espazos públicos.
- 2. Será circunstancia agravante a realización da conduta descrita no apartado anterior cando se leve a cabo en espazos de concorrida afluencia de persoas ou frecuentado por menores ou cando se faga en monumentos, edificios ou espazos públicos catalogados ou protexidos.

Artigo 7. Réxime de sancións.

- 1. A conduta descrita no apartado primeiro do artigo precedente será constitutiva de infracción leve.
- 2. Constituirá infracción leve agravada a conduta descrita no apartado 2 do artigo precedente.

Artigo 8. Consumo de bebidas na vía pública.

1. Queda prohibido, conforme á Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, o consumo de bebidas na vía pública cando poida perturbar gravemente a tranquilidade cidadá. Para estes efectos, prodúcese perturbación cando concorran as circunstancias seguintes:

- a) Cando pola morfoloxía ou a natureza do lugar público, o consumo poida facerse de forma masiva por grupos de cidadáns/ás ou invite á aglomeración destes.
- b) Cando como consecuencia da acción do consumo se poida deteriorar a tranquilidade da contorna ou provocar nel situacións de insalubridade. A prohibición a que se refire este apartado quedará sen efecto nos supostos en que o consumo de bebidas teña lugar en establecementos e outros espazos reservados expresamente para esa finalidade, como terrazas e veladores, e cando dito consumo conte coa oportuna autorización que as



Concello de Viveiro

autoridades competentes poden outorgar en casos puntuais

2. Prohíbese nas vías e zonas públicas, a distribución e administración de bebidas, incluso desde vehículos automóbiles, caravanas, carros barracas ou similares, se realicen a título oneroso ou gratuito excepto os supostos expresamente autorizado pola administración competente.
3. Igualmente, nos locais de hostalaría, prohíbese a distribución e venda de bebidas alcohólicas, independentemente do seu grao alcohólico, destinadas ao consumo fóra do propio establecemento de venda, entre as 22:00 e as 08:00 horas do día seguinte, agás nos supostos de veladores e terrazas de establecementos adicados á restauración ou hostalería, así como en festas, feiras, romarías e festexos populares previa autorización expresa do Concello.
4. Nos supostos referidos nos parágrafos anteriores, os axentes da autoridade poderán retirar e intervir cauteladamente as bebidas, os envases e os demais elementos obxecto das prohibicións, así como os materiais ou os medios empregados. As bebidas alcohólicas inservibles poderán ser destruídos inmediatamente por razóns hixiénico sanitarias.
5. Ademais dos supostos nos que así se prevea expresamente nesta Ordenanza, os axentes da autoridade poderán, en todo caso, decomisar os utensilios e xéneros obxecto de infraccións ou que serviron, directa ou indirectamente, para a comisión da mesma, así como o diñeiro, os froitos e os produtos obtidos coa actividade infractora, os cales quedarán baixo custodia municipal mentres sexa necesario para a tramitación do expediente sancionador ou, a falta deste, mentres perduren as circunstancias que provocaron o decomiso. De tratarse de bens funxibles, destruíranse ou se lles dará o destino adecuado. Os obxectos decomisados depositaranse a disposición do órgano sancionador competente para a resolución do expediente. Unha vez ditada resolución firme e transcorridos dous meses sen que o titular recuperase o obxecto, procederáse a súa destrución ou entregárase gratuitamente a entidades sen ánimo de lucro con fins sociais.
6. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou nais, tutores ou titoras, gardadores ou gardadoras polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsábeis directos e solidarios das infraccións cometidas por estes, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa o negligencia, incluída a simple inobservancia.

Artigo 9. Limpeza das vías públicas.

1. Considéranse vías públicas, sendo, por tanto, a súa limpeza de responsabilidade municipal, as rúas, prazas, camiños, calzadas, beirarrúas, zonas verdes e demais bens de propiedade municipal e uso público destinados directamente ao uso común xeral da cidadanía.
2. O Servizo de limpeza da vía pública prestarase por este concello, ben directamente cos seus propios medios, ou a través das formas de xestión indirecta previstas e autorizadas na vixente lexislación.
3. Os espazos públicos ou elementos ao servizo da cidadanía situados na vía pública que non sexan de responsabilidade municipal deberán ser obxecto de limpeza, conservación e mantemento por parte dos seus titulares administrativos, salvo que se dispoña outra cousa ao respecto nos oportunos acordos ou convenios de colaboración.
4. O mobiliario urbano (enténdese por mobiliario urbano os bancos, papeleiras, xogos, fontes, farois, árbores, sinalizacións, colectores de residuos urbanos, estatuas, esculturas, xardineiras, quioscos, marquesiñas e demais elementos colocados polo Concello na vía pública existente nos parques, xardíns, zonas verdes e vías públicas, no que se encontran comprendidos os bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalización e elementos decorativos tales como farois e estatuas) deberá manterse no máis axeitado e estético estado de limpeza e conservación.
 - 4.1.- Non se permite o uso inadecuado dos bancos para fins distintos ao que están destinados. Prohíbese todo acto que prexudique ou deteriore a súa conservación e, en particular, arrincar aqueles que estean fixos, trasladar a unha distancia superior a dos metros os que non estean fixos, agrupalos de forma desordenada, realizar inscricións ou



Concello de Viveiro

pinturas.

4.2.-Os xogos infantís serán utilizados por nenos coas idades sinaladas nos carteis indicadores que para ese efecto se establezan, prohibíndose a súa utilización por adultos ou por menores que non estean comprendidos na idade que se indique expresamente en cada sector ou xogo.

4.3.-As papeleiras están destinadas exclusivamente ao depósito de pequenos desperdicios derivados do consumo persoal en espazos públicos. Queda prohibida calquera manipulación que ensucie o espazo público e en particular, movelas, incendialas, envorcalas, arrincalas, realizar inscricións e adherir adhesivos nelas, así como outros actos que as deterioren ou entorpezan o seu normal uso.

4.4.- Nas fontes ornamentais, queda prohibido realizar calquera manipulación nos condutos e elementos análogos, beber, introducirse nas súas augas, practicar xogos, realizar calquera tipo de manipulación nin arroxar obxectos ou calquera tipo de material.

Artigo 10. Novas urbanizacións.

Nas novas urbanizacións non se realizarán os servizos que comprende a limpeza viaria, se proceden, así como os de conservación e mantemento, mentres non se acredite a tramitación da comunicación previa da primeira ocupación ou, se é o caso, da correspondente acta de recepción da urbanización.

En tanto a urbanización non sexa aceptada polo Concello, de conformidade coa normativa urbanística, as obrigas de mantemento e limpeza serán asumidas polo seu promotor, serán de aplicación todos os puntos especificados nesta sección ao respecto das urbanizacións de titularidade privada, deberán facerse cargo da eliminación dos residuos que puidesen ser amoreados nos colectores e asumirán o seu custo. Cando o interesado falte ás obrigas establecidas o Concello procederá á execución subsidiaria, pasando os custos da xestión precisa ao responsable.

Capítulo II. Actividades susceptibles de ensuciar as vías públicas. Casos particulares.

Artigo 11. Establecementos e actividades comerciais.

1. As persoas titulares de establecementos comerciais están obrigadas a manter nas debidas condicións de limpeza os seus escaparates, portas, toldos, rótulos, etc., debendo realizar as operacións pertinentes coa precaución de non ensuciar a vía pública. Cando a súa actividade comercial afecte ás beirarrúas coidarán de que as mesmas permanezan sempre limpas. Os baixos comerciais sin actividade, deberán colocar vinilo translúcido nos seus escaparates e retirar os rótulos comerciais.

2. Os titulares de establecementos para os cales se realicen operacións de carga e descarga deberán proceder, cantas veces fora preciso, ao lavado das beirarrúas, para manter a vía pública nas debidas condicións de limpeza.

3. Cando no establecemento se desenvolvan actividades particularmente susceptibles de xerar sucidade na vía pública, os seus titulares quedan obrigados a vixiar e manter a limpeza do espazo público afectado pola súa actividade, debendo limpalo coa frecuencia que sexa precisa, e, en todo caso, diariamente ó cese daquela, retirando os materiais residuais resultantes. Esta obriga incumbe de maneira especial a:

- Titulares de terrazas de cafés, bares, restaurantes e establecementos análogos.
- Titulares de quioscos, estancos, expenderías de loterías e demais locais en que se vendan



Concello de Viveiro

artigos con envoltorios desbotables ou similares.

- Vendedores en mercados ou mercadiños.

Estes establecementos deberán dispor nos seus locais de papeleiras, cinceiros e outros elementos de contención para a recollida dos residuos que xeren.

4. Os titulares da autorización municipal para o exercicio de actividades na vía pública tales como mercados, feiras de diversa índole, circos, etc., deberán velar en todo momento para que o espazo público en que desenvolven a súa actividade e o seu contorno próximo nun radio mínimo de cinco metros non se ensucien e os seus elementos urbanos ou arquitectónicos non se deteriores, quedando obrigados, se é o caso, á correspondente reparación, reposición, limpeza, etc.

5. Os titulares de talleres ou actividades de reparación, mantemento e limpeza de vehículos, os de pasaxes e aparcadoiros, así como os concesionarios de aparcadoiros públicos, deberán manter limpas as beirarrúas e rampas de acceso a eles, en especial no referente a graxas, aceites e carburantes. Igual obriga incumbe ós titulares de espazos públicos reservados para o estacionamento de camiós, camionetas ou alugamento de vehículos e similares.

6. As operacións de limpeza que deban efectuarse polo Servizo Municipal de limpeza en substitución do titular da actividade, por causa do incumprimento das obrigacións citadas, serán obxecto de cuantificación económica e liquidación ó responsable polo procedemento previsto para as execucións subsidiarias.

Artigo 12. Organizadores privados dun acto público en espazos de propiedade municipal, a excepción daquelas entidades sen ánimo de lucro.

1. Os organizadores privados dun acto público en espazos de propiedade municipal deberán solicitar a cesión do uso do espazo público e a correspondente autorización da actividade no caso que proceda; indicando ó concello o lugar, percorrido e horario do acto que pretenda celebrarse, quedando responsabilizados da limpeza dos espazos afectados unha vez finalizado.

2. O concello esixirá aos organizadores privados dun acto público en espazos de propiedade municipal, a constitución dunha fianza en función dos previsibles traballos extraordinarios de limpeza que, no seu caso, deberán efectuarse a consecuencia da sucidade producida pola celebración do acto. De encontrarse o espazo afectado e o da súa influencia en perfectas condicións de limpeza, a fianza será devolta. En caso contrario, deducirase da mesma o importe dos traballos extraordinarios a realizar.

A fianza calcularase en función da afluencia ou aforo previstos para o acto, tendo en conta o custo estimado para a limpeza, establecéndose os seguintes importes:

Para aforos entre 100 a 200 persoas: 445€

Para aforos entre 200 e 500 persoas: 1.200€

Para aforos superiores a 500 persoas: 2.650€

3. Se como consecuencia directa da celebración dun acto público, houbera deterioro na vía pública ou no seu mobiliario, serán responsables os seus organizadores ou promotores, quen deberán aboar os gastos de reparación ou reposición, con independencia das sancións a que houbera lugar.

Artigo 13. Actividades de transporte.

Os propietarios e condutores de vehículos que transporten terras, carbóns, entullos, materiais en po, cartóns, papeis ou calquera outro material similar, observarán escrupulosamente o establecido no Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, e en calquera caso acondicionarán a carga de forma que se evite a caída da mesma, adoptando para elo as precaucións que foran necesarias, cubríndoa totalmente con toldo ou malla.



Concello de Viveiro

Artigo 14. Obras.

1. Quen realice obras na vía pública ou lugares adxacentes deberá adoptar as medidas necesarias para que as zonas próximas á execución das obras se manteñan limpas e libres de pó. En concreto, deberán tomarse as medidas pertinentes para a limpeza das rodas dos vehículos que se despracen dende as zonas afectadas polas obras.
2. En xeral, todas as operacións relacionadas coa execución das obras, así como as de subministro de materiais e de recollida de residuos, deberán realizarse no interior do recinto da obra ou dentro da zona acoutada da vía pública debidamente autorizada como auxiliar da obra.
3. Os residuos procedentes das obras, depositaranse nos elementos de contención previa autorización do concello. Prohíbese o abandono, vertido ou depósito directo na vía pública, soares ou descampados, de calquera material residual de obras ou actividades viarias. Estes residuos deberán ser retirados das obras polos seus responsables e xestionados de maneira adecuada.
4. O transporte de formigón con vehículo formigoneira requirirá o peche da boca de descarga cun dispositivo apto para impedir o vertido de formigón na vía pública. A limpeza das formigoneiras deberá ter lugar na propia planta de formigado ou no punto de destino do formigón, e en ningún caso na vía pública. Do incumprimento do anterior serán responsables solidariamente o propietario e o condutor do vehículo, quedando obrigados á limpeza do formigón que se vertera e da vía pública afectada, sen prexuízo das sancións que correspondan.
5. Os promotores e os contratistas das obras de edificios en construción, rehabilitación, reforma ou derribo serán solidariamente responsables da limpeza da área da vía pública que se vexa afectada por aquelas.

Artigo 15. Animais na vía pública.

1. A tenencia de animais na vía pública deberá axustarse ás prescricións contidas na correspondente Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais, así como a calquera outra disposición que a modifique ou substitúa. Considéranse animais domésticos os afectados pola citada ordenanza.
2. Necesidades fisiolóxicas:
 - 2.a) En ningún caso se permitirá que os animais realicen as súas necesidades fisiolóxicas sobre fachadas, portais, mobiliario público (farois, bancos, papeleiras) monumentos, edificios ou espazos públicos catalogados ou protexidos.
 - 2.b) A persoa condutora ou propietaria de cans ou outros animais, está obrigada a impedir que estes fagan as súas deposicións sobre as rúas, beirarrúas, calzadas, zonas verdes e demais espazos públicos. En último extremo, de non terse cumprido as indicacións anteriores, deberán recollese as deposicións do animal en bolsa que, unha vez pechada, se depositará nas papeleiras ou nos contedores, así como proceder á limpeza (con disolución xabonosa ou con auga nos espazos verdes) da zona que con tal motivo, se tivera ensuciado.
3. As persoas propietarias son as responsables dos danos ou afeccións a persoas e cousas e de calquera acción que ocasione suciedade na vía pública por animais da súa pertenza. En ausencia da persoa propietaria, será responsable subsidiaria a persoa que condúcese ó animal no momento de producirse a acción.
4. Ante a situación de que un animal causase suciedade na vía pública, e con independencia das sancións a que dese lugar, a autoridade municipal está facultada en todo momento para esixir do propietario ou condutor do animal a reparación de seguido da afección causada.
5. En aras a ineludibles consideracións de índole sanitaria e limpeza urbana, queda prohibida a dispensación de alimentos na vía pública a animais sin dono coñecido, e, en particular, a gaivotas, cans e gatos. Agás as persoas autorizadas para elo.



Concello de Viveiro

6. Queda prohibida a limpeza e o aseo de animais na vía pública, así como o abandono de animais mortos.

Artigo 16. Elementos publicitarios.

1. Carteis.

Prohíbese fixar carteis ou adhesivos publicitarios, salvo en lugares, e nas condicións, previamente sinalados polo concello.

Prohíbese esgazar, ensuciar ou arrancar aqueles carteis ou anuncios situados os lugares ou emplacements autorizados para o efecto.

A colocación de carteis ou de pancartas na vía pública sen autorización poderá dar lugar á súa inmediata retirada, coa imposición de sancións e cargo dos gastos ocasionados pola limpeza aos responsables, entendendo por tales ós anunciantes.

2. Distribución de panfletos ou similares.

Prohíbese espallar e arroxar sobre a vía pública toda clase de panfletos, textos impresos ou materiais similares.

Os servizos municipais correspondentes procederán a limpar a parte do espazo urbano que se vise afectado pola distribución ou dispersión de panfletos ou folletos, e imputaráselles aos responsables o custo dos servizos extraordinarios prestados, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan.

A distribución de publicidade nos edificios deberá facerse utilizando os medios con que contén estes. Prohíbese de xeito expreso a distribución de publicidade que implique, dalgún xeito, o amoreamento temporal na vía pública ou na parte exterior ás portas dos portais de entrada aos edificios.

Queda dispensada da prohibición contida no presente artigo a propaganda efectuada en tempo de campaña electoral. O concello de Viveiro habilitará, durante os períodos electorais legislativos, naqueles espazos públicos máis estratéxicos das parroquias do concello, soportes temporais (paneis, taboleiros, etc.) ou permanentes, acordes coa estética da contorna, para que os partidos e/ou agrupacións políticas que se presentan ás convocatorias electorais podan colocar a súa propaganda e/ou publicidade electoral, con suxeición, en todo caso, ás disposicións do concello e demais administracións competente.

Artigo 17. Pintadas

1. Prohíbense toda clase de pintadas na vía pública, tanto sobre os seus elementos estruturais, rúas, beirarrúas e mobiliario urbano, como sobre os muros, paredes, estatuas, monumentos e calquera elemento externo da cidade.

2. Serán excepción, en relación co apartado 1 anterior:

- a) As pinturas murais feitas sobre os valados dos terreos edificables, peches de obra, paredes medianeiras vistas e elementos con carácter provisorio, para as que será preciso a previa autorización do seu propietario.
- b) Aquelas feitas sobre elementos expresamente dispostos para este fin polo Concello.

3. En calquera momento, a través dos servizos municipais correspondentes, o Concello poderá proceder ao borrado ou eliminación das pintadas que non contén con autorización.

4. Será responsabilidade das persoas propietarias dos edificios, muros, ou elementos en xeral, a limpeza das pintadas realizadas sobre eles, aínda que non estean relacionados coa autoría, e con independencia das posibles reclamacións ou denuncias que poidan interpoñer contra os seus autores.



Concello de Viveiro

Artigo 18. Execución subsidiaria.

Sen prexuízo da imposición das sancións que procedan por incumprimento das normas que se establecen nos precedentes artigos, o concello poderá realizar subsidiariamente os traballos que non executen os obrigados, a costa destes.

Capítulo III.- Limpeza de soares e demais terreos de propiedade privada.

Artigo 19. Obrigas xerais.

1. Os propietarios de terreos situados no termo municipal, sen prexuízo das obrigas que estableza a normativa urbanística ou de prevención de incendios, deberán mantelos limpos, libres de desfeitos, maleza e residuos e nas debidas condicións de hixiene, accesibilidade, salubridade, seguridade e ornato público. Para iso, realizarán as tarefas de mantemento necesarias co fin de que permanezan limpos de maleza, plásticos ou basoira e outro tipo de residuos, evitando que as augas de escorrentías e as ramas das árbores afecten ao espazo público.

Esta obriga comprende tamén a esixencia de desratización e desinfección dos citados terreos, cando estean próximos ás vivendas.

En solos clasificados como solo urbano ou de núcleo rural, os soares, parcelas ou terreos deberán manterse permanentemente limpos.

En calquera tipo de solo que linde co dominio público, deberá manterse o seu estado vexetal de xeito que non invada o dominio público. Deberá quedar, en todo caso, expedito o voo sobre o dominio público nunha altura mínima de 4 metros, permitindo o paso de vehículos de emerxencia.

2. Nos soares sen edificar o Concello poderá ordenar o peche perimetral cunha valla, cando se detecte que a ausencia do dito peche provoca o incumprimento das obrigas de conservación da propiedade establecidas no apartado anterior.

Artigo 20. Titularidade.

Para os efectos desta ordenanza, salvo proba en contra e sen prexuízo da inscrición contida no Rexistro da Propiedade, considéranse propietarios dos terreos os titulares catastrais. En caso de discrepancia entre o titular catastral e o que conste inscrito no Rexistro da Propiedade, terase en conta a titularidade que resulte do Rexistro, agás que a data de inscrición sexa anterior á da recollida no Catastro.

En caso de que o propietario do terreo resulte descoñecido ou ben que, intentada a notificación a este, resulte imposible a súa práctica, por motivos de interese público, o Concello poderá proceder á limpeza e/ou peche, repercutindo, se é o caso, ao propietario o custo que tal actuación xere.

Artigo 21. Comprobacións.

1. Constitúe persoal da Inspección Municipal:

- a) Os axentes e mandos da Policía Local, polo seu carácter de axentes da autoridade.
- b) Os funcionarios e traballadores dos servizos técnicos municipais de obras, urbanismo e medio ambiente, que, no referido ás prescricións desta Ordenanza, actúan coma axentes da



Concello de Viveiro

autoridade.

c) Os funcionarios con atribucións de inspección tributaria, que teñen a consideración de axentes da autoridade, condición que se estende ás funcións derivadas desta Ordenanza.

2. A Policía Local e os vixiantes e técnicos municipais, poderán inspeccionar de oficio ou por pedimento dun particular os terreos do termo municipal para os efectos de comprobar o disposto nos artigos anteriores.

Artigo 22. Procedemento.

O Concello, nos supostos recollidos neste título e atendendo á normativa vixente que resulte de aplicación e logo do trámite de audiencia aos interesados, requiriralles para que, no prazo que se lles indique, realicen as obras ou operacións necesarias para manter os terreos nas debidas condicións de hixiene, accesibilidade, seguridade, salubridade, ornato público, e, de ser o caso, valado.

O incumprimento da orde de execución municipal determinará a execución subsidiaria ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr a execución do ordenado, sen prexuízo, se cómpre, da apertura do correspondente expediente sancionador.

En caso de emerxencia debidamente acreditada, o Concello poderá proceder á limpeza e á adopción das medidas provisionais oportunas, sen prexuízo dos trámites e das sancións que correspondan.

Artigo 23. Da limpeza das zonas próximas ás masas forestais.

Os propietarios das masas forestais e dos terreos lindantes con estas estarán obrigados a adoptar as medidas de prevención de incendios forestais establecidas na normativa estatal, autonómica e municipal que resulte de aplicación nesta materia.

Capítulo IV.- Limpeza de espazos e inmobles privados.

Artigo 24. Disposicións xerais.

1. As persoas propietarias de inmobles ou, subsidiariamente, as persoas usuarias, sen prexuízo das obrigas establecidas na normativa urbanística, teñen a obriga de mantelos nas debidas condicións de seguridade, accesibilidade, salubridade, limpeza e ornato público.

2. É responsabilidade das persoas propietarias manter nas debidas condicións de limpeza, accesibilidade, seguridade, salubridade e ornato público as beirarrúas, patios interiores, patios de luces, galerías comerciais, rúas e zonas verdes de urbanizacións privadas, soares e terreos e, en xeral, todas aquelas zonas de dominio e uso particular, en especial todas aquelas partes das edificacións ou instalacións visibles desde a vía pública, en especial, fachadas, entradas, escaleiras de acceso e medianeiras. Para estes efectos, as persoas propietarias deberán proceder aos traballos de mantemento, limpeza, revocado e estucado ou pintado, cando por motivos de ornato público sexan necesarios ou así o ordene a Autoridade Municipal, previo informe dos servizos municipais competentes.

3. Así mesmo, é obriga da propiedade do inmovible manter en condicións adecuadas as chemineas, baixantes e canles de auga, acometidas de saneamento, tellados, antenas de televisor, pararraios e calquera outra instalación complementaria.



Concello de Viveiro

4. O Concello exercerá o control sobre estas obrigas e poderá esixir aos seus titulares a adopción das medidas necesarias. Así mesmo, poderá previo trámite de audiencia aos interesados, requirirles para que, no prazo que se sinale, realicen as obras ou reparacións necesarias advertíndolles que, en caso de incumprimento da orde de execución das obrigas previstas nesta ordenanza, se procederá á execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr a execución do ordenado, sen prexuízo, se é o caso, da apertura do correspondente expediente sancionador.

5. No caso de ausencia das persoas propietarias e cando existan razóns de interese público, derivados das condicións de insalubridade dos terreos, o persoal acreditado do Concello poderá acceder á parcela e solicitará, de ser o caso, a previa autorización xudicial. Os servizos municipais imputarán aos propietarios os custos das operacións de mantemento, reparación e limpeza dos elementos e partes exteriores dos inmobles, a carga, retirada, transporte e eliminación dos materiais residuais abandonados así coma cantas operacións fosen precisas para a conservación e mantemento de bens de natureza privada, así coma as que se deriven da devolución ao seu estado inicial e a sanción correspondente por incumprimento e abandono.

No suposto de incumprimento das obrigas establecidas neste artigo, así como nas previstas ao respecto na lexislación en materia urbanística, levaranse a cabo en cada caso os correspondentes procedementos establecidos na normativa vixente de aplicación.

TITULO III

RESIDUOS MUNICIPAIS

Capítulo I. Recollida de residuos.

Artigo 25. Residuos municipais.

1. Considéranse residuos de competencia municipal os residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos, así como, cando así o estableza o concello, os comerciais non perigosos.

2. Corresponde ó concello:

- a recollida dos residuos municipais xerados e depositados no municipio na forma establecida na presente Ordenanza e nos termos previstos na lexislación de residuos estatal e autonómica e na lexislación de réxime local; así coma o seu traslado e descarga na instalacións de xestión adecuadas.

- a potestade de vixilancia e inspección e a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.

3. O concello poderá:

- aprobar, no ámbito das súas competencias, e en coordinación co plan nacional marco e os plans autonómicos de xestión de residuos, o seu propio programa de xestión de residuos e/ou o seu programa de prevención de residuos.

- xestionar os residuos comerciais non perigosos e os domésticos xerados en áreas industriais, nos termos que se establecen na presente Ordenanza.

4. No caso de que non se cumpran os obxectivos establecidos na presente ordenanza ou os previstos na normativa de residuos vixente respecto aos residuos competencia municipal, o Concello poderá proceder á modificación das medidas establecidas en esta ordenanza para garantir que se cumpran os mesmo.



Concello de Viveiro

Artigo 26. Sistemas de recollida.

Segundo a orixe e a clase de residuos, así como as características urbanísticas das diferentes zonas do municipio, a recollida de residuos realizarase dalgunha das seguintes formas:

- Recollida por medio de contedores instalados na vía pública.
- Recollida por medio de contenerización soterrada.
- Recollida mediante sistema quita e pon
- Recollida porta a porta comercial

Artigo 27. Recollida separada e depósito de residuos.

1. O concello ten implantada e fomentará, mediante campañas informativas e cantas actuacións foran precisas, a recollida separada de residuos.

Así mesmo realizará campañas en materia de hábitos de consumo e redución na xeración de residuos, sobre as consecuencias negativas para o medio ambiente do consumo excesivo de bolsas e materias plásticas dun solo uso e as consecuencias do seu abandono.

A tal fin procurará, entre outros medios, subscribir convenios e acordos de colaboración con suxeitos públicos e privados, tales como organizacións sen ánimo de lucro u outras entidades que teñan entre os seus fins a protección ambiental, sistemas colectivos de xestión de residuos ou asociacións de produtores.

2. Os usuarios que xeren residuos municipais deberán separar en orixe as diferentes clases de residuos:

- envases lixeiros
- vidro.
- papel e cartón (envases de papel-cartón e papel non envase).
- biorresiduos
- aceites vexetais usados.
- roupa e zapatos usados.
- residuos de medicamentos e os seus envases.
- pilas.
- fracción resto.
- animais mortos.
- voluminosos: mobles ou enseres.
- residuos de aparellos eléctricos ou electrónicos.
- vehículos ó final da súa vida útil.
- residuos de construción e demolición procedentes de obras menores.
- residuos sanitarios asimilables a domésticos.
- podas e outros residuos de xardinería

A anterior clasificación poderá ser modificada polo concello co obxecto de mellorar o tratamento dos residuos, e/ou para dar cumprimento ós cambios normativos.



Concello de Viveiro

3. O depósito das distintas fraccións nas que se teñan separado os residuos, farase segundo se indica:

- A fracción “resto” depositarase en contedor, ou contedor de recollida soterrada de color verde.
- Os envases depositaranse en bolsa e pregados, en contedor ou de recollida soterrada de color amarelo.
- O papel e o cartón depositarase pregado ó máximo posible en iglú ou buzón de recollida soterrada de color azul,
- O vidro depositar en contedor de color verde con forma de iglú ou buzón de recollida soterrada.
- Os biorresiduos depositaranse en bolsa compostable no contedor de color marrón, con uso de chave.
- As pilas depositaranse nos contedores destinados ó efecto, ubicados, ben na vía pública ou no Punto Limpo, ou contedores de interior ubicados en centros administrativos e outros.
- A roupa e o calzado depositará nos contedores de téxtil ubicados na rúa ou no Punto Limpo.
- Os residuos de medicamentos e os seus envases depositaranse nos puntos SIGRE das farmacias.
- O aceite vexetal usado de orixe domiciliario depositarase nos contedores de color verde e laranxa.

4. Obrigas dos usuarios:

- Manter en adecuadas condicións de hixiene e seguridade os residuos mentres permanezan no seu poder e ata o momento do seu depósito na forma regramentada.
- Depositar os residuos urbanos dentro dos contedores, seguindo as normas establecidas, e, en particular, contidos en bolsas ou recipientes debidamente cerrados.
- Reducir o volume dos residuos e depositalos de xeito que se aproveite ao máximo a capacidade das bolsas e contedores. Comprimir e pregar, na medida do posible, as caixas e obxectos voluminosos que se depositen nos contedores.
- Os residuos de papel e cartón deberán depositarse limpos, e o máis pregados que sexa posible. En particular, as caixas de cartón serán cortadas e dobradas de forma adecuada para a súa introdución e disposición nos contedores. Previo ó depósito de papel ou cartón, deberá eliminarse todo resto metálico, de plástico ou parte sucia do mesmo.
- Respectar os horarios de depósito dos residuos establecidos no Artigo 28.6.
- Ante a presenza dun contedor cheo, deberán absterse de efectuar o depósito dos residuos nese contedor concreto ou na vía pública, debendo en tal caso levar os residuos aos contedores máis cercanos da fracción correspondente, ou agardar ao seu vaciado.

5. Prohíbese:

- O abandono de residuos na vía pública.
- O depósito de residuos en contedores distintos ós específicos de cada clase, así como a mistura con outro tipo de materiais ou residuos, e calquera acto ou omisión que dificulte ou impida a finalidade propia da recollida selectiva.
- O depósito a granel nos contedores dos residuos.
- O vertido de residuos líquidos ou susceptibles de licuarse.



Concello de Viveiro

- O depósito de residuos nos contedores cando, polo seu tamaño, bloquee a boca de recepción.
- O depósito de obxectos metálicos ou doutra clase que poidan obstaculizar o normal funcionamento do sistema mecánico dos vehículos de recollida.
- Manipular contedores e/ou desplazalos fóra das súas ubicacións.

6. Si, como consecuencia dun manexo ou depósito inadecuado dos residuos por parte dos usuarios, se produciran vertidos, o causante será responsable da limpeza da suciedade ocasionada dos danos producidos.

7. Cando o usuario deba desprendese de residuos obxecto de recollidas domiciliarias en cantidades maiores ás que constitúen a produción usual diaria, non poderá depositalos xuntamente cos residuos habituais. Neste caso deberá poñerse en contacto cos Servizos Municipais, para asegurar o correcto depósito e traslado daqueles.

8. Unha vez depositados os residuos nos contedores, aqueles pasan a ser de propiedade municipal, quedando prohibido retiralos dos contedores excepto si se dispón de licencia expresa outorgada polo concello.

Artigo 28. Sistemas de recollida de residuos domésticos e asimilados.

1. Recollida mediante contedores.

Os contedores utilizados para a recollida de residuos domésticos e asimilados instalaranse na vía pública. No caso da recollida de Biorresiduos, ésta levase a cabo mediante contedores con chave.

A determinación do número de unidades a empregar en cada zona e a súa ubicación corresponde ó concello, baseándose no informe dos servizos técnicos, quen así mesmo poderá establecer reservas de espazos ou retranqueos nas beirarrúas para a ubicación dos contedores. En ningún caso os usuarios poderán manipular os contedores, nin alterar a súa colocación.

Tampouco se permite o estacionamento de vehículos en lugares que dificulten o traslado dos contedores ou as operacións de carga e descarga dos mesmos.

O concello procurará que a colocación dos contedores teña lugar onde resulte menos molesta para os usuarios, tendo como premisa que entre os colectores e os domicilios ou lugares de produción exista a menor distancia posíbel atendendo sempre ás características urbanísticas, paisaxísticas e de poboación de cada zona, así como á operatividade dos servizos de recollida.

Todas as parroquias deberán contar como mínimo cun colector de cada tipoloxía.

2. Limpeza e mantemento de contedores.

- O Concello realizará as labores de limpeza, conservación e mantemento dos colectores de uso colectivo, dos seus elementos de suxeición e dos espazos que ocupan a través das correspondentes empresas concesionarias coa periodicidade precisa.
- A limpeza e desinfección de colectores para a fracción resto e envases lixeiros, será realizada periodicamente durante todo o ano (tres veces no verán, e cinco veces distribuídas proporcionalmente no resto do ano), e tamén se realizará puntualmente cando algunha circunstancia especial así o determine. Para os outros tipos de colectores será, cando menos, unha vez ao ano.
- A limpeza realizarase de acordo coa normativa vixente.
- Nos casos demostrados de fin de vida útil dos elementos ou desaparición, falta ou deterioro grave dalgún deles -como rodas, tapas ou suxeicións- serán repostos coa maior brevidade



Concello de Viveiro

posíbel por parte do Concello.

Pola súa parte, os usuarios e cidadáns en xeral deben observar unha conducta adecuada para a conservación e mantemento dos contedores nas debidas condicións de hixiene e seguridade, sendo responsables do deterioro que os recipientes poidan sufrir por a súa culpa, negligencia ou imprudencia. A mesma obrigaón se establece respecto das barras protectoras, pivotes, barrotes, etc., e marcas fixadas das zonas de recollida se as houbera.

3. Contedores de uso exclusivo.

No caso de establecerse nalgunha zona do Concello o sistema de recollida de residuos denominado “porta a porta”, as comunidades de propietarios de cada inmovible ou, no seu caso, os residentes no mesmo e os titulares dos establecementos de negocio disporán de contedores ou cubos para os residuos da fracción orgánica e “varios ou resto” dentro do propio edificio, nun recinto ou lugar axeitado para eles. Será responsabilidade das comunidades de propietarios de cada inmovible o, no seu caso, dos residentes e os titulares dos establecementos de negocio sitios no mesmo, sacar os contedores ou cubos á rúa unha hora antes da fixada para o paso do vehículo de recollida, así como de retiralo posteriormente ó interior dos recintos. Nesta caso, as vivendas de nova construción deberán dispor dunha reserva de espazo no que poida construírse un almacén de contedores para o suposto de que algunha das fraccións de residuos pasase a recollese polo sistema de “porta a porta”, de conformidade co disposto no Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

Os grandes e medianos establecementos comerciais, así coma os establecementos de negocio que xeren gran cantidade de residuos e aqueles especializados en bens de consumo cotiá con clasificación de autoservizo, supermercado e hipermercado, así como aqueles outros que o concello puidera determinar, salvo que teñan optado por xestionar os seus residuos por sí mesmos, depositaranos en contedores o cubos de uso exclusivo, os cales albergarán en recintos do propio establecemento debidamente acondicionados para elo e que cumpran coa normativa aplicable.

Nas zonas peonís onde non se permita a circulación rodada, e por tanto non sexa posible o acceso do vehículo de recollida ós portais, os contedores haberán de emprazarse en lugares accesibles ó vehículo.

4. Sistema de recollida de residuos mediante contenerización soterrada.

O concello poderá aumentar as zonas con sistema de recollida de residuos urbanos e asimilados mediante contenerización soterrada. Para a recollida de residuos neste sistema, utilizaranse os seguintes colectores:

- Colector con listón verde, para os residuos orgánicos e outros restos de residuos domiciliarios, que se depositarán en bolsas cerradas de tamaño adecuado ó da boca do buzón.
- Colector con listón amarelo, destinado a residuos de envases lixeiros.
- Colector con listón azul, para os residuos de papel, que, no seu caso, deberán ser pregados o troceados adaptando o seu tamaño ó da boca do buzón.
- Colector con listón verde, para os residuos de vidro.

5. Sistema de recollida de residuos mediante “QUITA E PON”.

Dentro do Casco Histórico a recollida realizase polo sistema de quita e pon, todos os días a partires das 18:00 horas colocaranse ós contedores nos puntos sinalados, e serán retirados a partires das 06:00. A recollida da fracción resto será diaria, e as fraccións de biorresiduo, papel-cartón e envases lixeiros iranse intercalando ao longo sa semana.

6. Condicións

Os residuos domiciliarios deberanse colocar nos colectores da vía pública para a súa recollida polo servizo municipal a partir das 21.00 horas no verán e das 20:00 horas no inverno.



Concello de Viveiro

O Concello poderá establecer horarios especiais en virtude de convenios de colaboración con determinados sectores ou colectivos.

Os residuos das fraccións de papel-cartón, envases lixeiros e pilas poderán depositarse a calquera hora do día nos colectores específicos dispostos na vía pública para este fin.

O vidro poderá depositarse ao longo do día, entre as 8.00 e as 22.00 horas, nos colectores específicos situados na vía pública para esta tipoloxía de residuos.

Calquera modificación no horario fixado adoptarase mediante Bando da Alcaldía, e será comunicada ós usuarios polos medios que faciliten a maior difusión posible.

Artigo 29 .- Concienciación Cidadá.

1.- O Concello promoverá a colaboración cidadá para a óptima separación en orixe e recollida selectiva de residuos municipais mediante campañas informativas e divulgativas, dirixidas tanto á poboación en xeral como a colexios, institucións, asociacións veciñais, colectivos, comunidades de propietarios, etc.

2.- O Concello Impulsará medidas de concienciación e da posta en práctica da compostaxe doméstica.

3.- Así mesmo, o Concello elaborará guías de boas prácticas dirixidas tanto ao público en xeral como ao comercio, hostalería e outros sectores de actividades económicas representativas.

4.- Sí mesmo realizará campañas en materia de hábitos de consumo e redución na xeración de residuos, e sobre as consecuencias negativas para o medio ambiente do consumo excesivo de bolsas e materias plásticas dun solo uso e as consecuencias do seu abandono.

A tal fin procurará, entre outros medios, subscribir convenios e acordos de colaboración con suxeitos públicos e privados, tales como organizacións sen ánimo de lucro u outras entidades que teñan entre os seus fins a protección ambiental, sistemas colectivos de xestión de residuos ou asociacións de produtores.

Artigo 30. Punto Limpo.

1. O Punto Limpo é un centro de recollida, clasificación e almacenamento temporal dos residuos xerados nos fogares que polo seu volume ou outras características non puideran ser depositados nos sistemas de recollida da vía pública, ou cuxa eliminación mediante tal sistema ou mediante o vertido á rede de saneamento, puidera dar lugar a deterioro nas instalacións de tratamento e/o eliminación, ou danos ó medio ambiente.

2. O concello determinará, mediante a correspondente ordenanza, a relación exacta de residuos que poden depositarse no Punto Limpo, así como o volume ou cantidade de cada residuo que pode ser admitido a través deste sistema. Estarase ó disposto na correspondente ordenanza.

Artigo 31. Prohibición de arroxar residuos á rede de saneamento.

Queda prohibida a evacuación de ningún tipo de residuo sólido a través da rede de saneamento. Igualmente prohibese a instalación de trituradores domésticos ou industriais que, polas súas características, evacúen os residuos triturados á rede de saneamento.

Capítulo II. Residuos municipais especiais.



Concello de Viveiro

Artigo 32. Animais domésticos mortos.

1. Serán considerados animais domésticos mortos os cadáveres ou restos de animais de compañía que convivan no fogar co mesmo obxecto. Quedan excluídos desta ordenanza os cadáveres ou restos de animais mortos procedentes de vacarizas, cortes, cuabras e currais de gando e aves; nestes casos, os seus propietarios ou posuidores están obrigados a xestionalos consonte o disposto na normativa correspondente.

2. Queda expresamente prohibido:

2.1 Abandonar ou depositar cadáveres ou restos de animais de calquera especie na vía pública, en soares e en calquera clase de terreo público ou privado.

2.2 Depositar cadáveres de animais nos colectores de residuos ou nos de obras, e nas súas proximidades, así como nas papeleiras.

3. Os posuidores de animais domésticos mortos, deberán xestionar ditos residuos mediante a súa entrega a xestor autorizado ou a un recolledor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado.

3. Deberá comunicarse o Concello se se atopa un animal morto na vía pública, ben a través da Policía Local ou mediante aviso ao Departamento de Medio Ambiente.

Artigo 33. Recollida de residuos voluminosos.

1. Enténdense por tales os residuos domésticos integrados polos, mobles, colchóns, somieres e utensilios vellos que proveñen das actividades domésticas de reparación ou substitución do equipamento da vivenda que polo seu tamaño ou características morfolóxicas especiais non poden ser retirados polo servizo de recollida convencional, sendo necesario un servizo de recollida específico. Quedan excluídos dos residuos anteriormente indicados os que como consecuencia dunha normativa de orde superior teñan regulada unha xestión ou recollida diferente.

Clasifícanse en:

- Voluminosos de liña branca: lavadoras, lavalouzas, neveiras e similares.
- Voluminosos de liña gris: televisores, ordenadores e similares.
- Voluminosos de liña marrón: colchóns, somieres, sofás, armarios e demais mobiliario e equipamento

2. A cidadanía poderá depositar estes residuos no punto limpo ou instalación intermedia fixa que se determine. No punto limpo serán admisibles este tipo de residuos nas condicións de entrega que para iso se establezan. O Concello poderá establecer unha taxa fiscal pola utilización deste servizo.

3. As persoas que desexen desprenderse de residuos domésticos voluminosos poderá comunicalo á empresa concesionaria do servizo, acordando en cada caso, e previamente, os detalles da recollida, que se tratará de acomodar, na medida do posible, ás posibilidades do servizo e á dispoñibilidade do particular.

3.1 O usuario do servizo colocará os residuos sobre a beirarrúa, ao lado dos colectores domiciliarios colectivos máis próximos e nos horarios acordados coa empresa concesionaria do servizo, para que poidan ser retirados.

3.2 Non se permite o depósito daqueles elementos que para o seu manexo sexa necesario o emprego de medios mecánicos tales como guindastres, poleas, etc., ou aqueles que non están preparados para o seu inmediato traslado. Nestes casos, o seu propietario ou posuidor deberá xestionalos pola súa conta.

3.3 Queda expresamente prohibido o depósito destes residuos na vía pública sen



Concello de Viveiro

comunicación previa e confirmación por parte empresa concesionaria do servizo. Tal feito será considerado como falta grave.

3.4 Queda prohibido o abandono deste tipo de residuos na vía pública ou en soares ou terreos tanto públicos como privados, agás os que estean á espera de seren retirados polo servizo especial de recollida.

4. A recollida de electrodomésticos realizarase segundo o disposto no artigo 34.

Artigo 34. Recollida de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

1. Estes residuos son os provenientes de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs), así como os seus materiais, compoñentes, consumibles ou subconxuntos que os compoñen. Sólo poden ter a consideración de residuos municipais os dalgunha das seguintes clases:

- Grandes electrodomésticos.
- Pequenos electrodomésticos.
- Equipos de informática e telecomunicacións.
- Aparellos eléctricos de consumo.
- Ferramentas eléctricas ou electrónicas.
- Xoguetes ou equipos deportivos e de tempo libre.

2. Segundo a súa procedencia, os RAEEs poden ser:

- a) De orixe particular, cando procedan de domicilios particulares e de fontes comerciais, institucionais e doutro tipo que, pola súa natureza e cantidade, son similares ós procedentes de fogares particulares, polo que teñen a consideración de residuos domésticos de responsabilidade municipal.

O posuidor de residuos desta natureza pode depositalos no Punto Limpo ou facer uso do sistema de recollida domiciliaria.

- b) De orixe profesional, cando empresas, locais, oficinas, etc., decidan renovar ou desfacerse de aparellos eléctricos ou electrónicos que se atopen deteriorados e/ou obsoletos, que pola súa natureza ou cantidade non poidan ser considerados como procedentes de fogares particulares, así como os de distribuidores ou fabricantes que ofrezan entre os seus servizos a retirada dos RAEEs dos seus clientes. Non son considerados residuos municipais, polo tanto a súa xestión deberá realizarse a través de xestores autorizados.

Artigo 35. Vehículos abandonados.

1. Queda prohibido o abandono de vehículos en calquera tipo de terreo do término municipal.

2. A efectos do establecido nesta Ordenanza, presumirase que un vehículo está abandonado, adquirindo a condición de residuo doméstico dacordo coa Lei 7/2022 e co Real Decreto 265/2021, nos seguintes casos:

- a) Vehículos na vía pública, cando permanezan estacionados por un período superior a un mes no mesmo lugar e presenten desperfectos que faigan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lles falten as placas de matriculación.
- b) Cando se encontre en situación de baixa administrativa e estea situado na vía pública.
- c) Vehículos en depósito municipal, cando transcorran máis de dous meses dende que o vehículo fora depositado trala súa retirada da vía pública pola autoridade competente; e o titular non tivera presentado alegacións.



Concello de Viveiro

2. A autoridade municipal poderá proceder, dacordo co establecido na lexislación vixente, si o obrigado non o fixera, á retirada do vehículo da vía e o seu depósito, nos seguintes casos:

- Cando constituía perigo ou cause graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns ou ó funcionamento dalgún servizo público ou deteriore o patrimonio ou ornato público.

3. O titular dun vehículo queu vaia desprenderse do mesmo queda obrigado a entregalo nun centro autorizado para o tratamento de vehículos ao final da súa vi útil (CAT), ben directamente ou a través dunha instalación de recepción que acredite que o seu destino final foi un CAT.

4. O concello recollerá os vehículos abandonados e os entregará a un CAT para a súa descontaminación e tratamento, sen perxuízo do cumprimento da normativa sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

4. En todo caso, os propietarios dos vehículos ou dos restos destes deberán soportar os custos de recollida, transporte, e depósito e tratamento de descontaminación a que sexan sometidos os mesmos e os custos derivados das operacións de limpeza da vía pública, de ser o caso.

5. Estarase nestes supostos, en todo caso, ao establecido na normativa vixente de aplicación.

Artigo 36. Residuos procedentes de obras menores e reparacións domiciliarias.

1. Considéranse residuos domésticos aqueles residuos inertes procedentes de pequenas reparacións domiciliarias, cuxa xestión será, en consecuencia, de competencia do concello.

2. Estes residuos poderán depositarse no Punto Limpo, previa presentación de copia, ou resgardo de pago da taxa correspondente, da licenza obra ou título habilitante. Salvo so residuos que conteñan amianto, que serán entregados a xestor autorizado.

3. O resto de residuos de obra (fundamentalmente os xerados en obras de excavación, nova construción, reparación, remodelación, rehabilitación e demolición), así como as terras procedentes de vaciados ou movementos de terras, non se consideran residuos domésticos ou municipais, e deberán ser xestionados directamente polos seus produtores, que os tratarán e eliminarán nas instalacións especificamente autorizadas para este fin. A xestión deste tipo de residuos deberá acomodarse ás normas contidas no Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

Se a xestión deste tipo de residuos requirira a instalación de contedores na vía pública, ésta terá lugar previa a obtención da pertinente autorización municipal, debendo situarse diante da obra á que serven ou o máis preto dela que fora posible.

O emprazamento dos contedores terá que cumprir coas instrucións da Policía Local, sen que en ningún caso se obstaculicen bocas de incendios, tapas de rexistro, contedores ou buzóns de residuos urbanos, ou mobiliario urbano en xeral, nin se interfira no normal desenvolvemento dos servizos públicos.

os contedores para residuos de obras de construción e demolición non poderá depositarse ningún outro tipo de residuos, debendo o produtor efectuar a selección e separación previa de aqueles que non teñan este carácter, en particular os perigosos, os cales terán que xestionar dacordo coa normativa que lles sexa aplicable. A carga de residuos non excederá do borde superior do contenedor e deberán utilizarse coas proteccións necesarias para que o seu contido non se esparza por ningunha circunstancia, incluídas as atmosféricas.

Os contedores non deberán permanecer cheos por prazo superior a 48 horas, e con carácter xeral, retiraranse da vía pública cando así o requira o concello por razóns xustificadas (Semana Santa, Nadal, carnaval...)

Artigo 37. Recollida de restos de poda e xardinería.



Concello de Viveiro

Os propietarios e responsables de pequenas áreas axardinadas poderán optar entre depositalos no contedor marrón para a fracción orgánica, sempre que o seu volume non exceda de 20 litros, de superarse este volume deberán ser trasladalos ó Punto Limpo.

Artigo 38. Residuos de pilas usadas.

1. As pilas usadas deberán segregarse do fluxo de residuos convencional e depositarse:

- a) Nos colectores específicos para este tipo de residuos situados en centros comerciais e centros colaboradores do Concello para este fin.
- b) Nos colectores específicos situados na vía pública.
- c) No punto limpo.

2. Calquera establecemento comercial de venda de artigos que impliquen o uso de pilas, institucións públicas, centros educativos, asociacións e similares poderán solicitar ao Concello a súa consideración como centros colaboradores.

O Concello subministrará gratuitamente os colectores axeitados, que serán recollidos, unha vez cheos, logo do aviso telefónico á empresa concesionaria do servizo.

Artigo 39. Residuos de aceites e graxas vexetais de orixe domiciliaria.

1. Consideran como tales os definidos no Artigo 4 (número 23) da presente Ordenanza.

2. Os usuarios poderán desprenderse dos residuos deste tipo procedentes dos fogares, previamente contidos en botella de plástico perfectamente cerrada, utilizando os contedores de color verde e laranxa ubicados na vía pública, ou no Punto Limpo.

3. Queda prohibido o depósito de residuos de aceites e graxas vexetais nos contedores de recollida domiciliaria, ou o seu vertido na rede de saneamento.

Artigo 40. Residuos sanitarios sen risco ou inespecíficos.

1.- Enténdese por actividades sanitarias produtoras de residuos sanitarios as desenvolvidas en clínicas, hospitais, consultas médicas, centros sociosanitarios, laboratorios de análises clínicas, de investigación ou de saúde pública, centros de atención primaria e de planificación familiar, centros podolóxicos e calquera outro que teña relación coa saúde humana. Inclúense tamén as correspondentes a centros, servizos e establecementos veterinarios asistenciais e centros de investigación animal.

2.- Consonte a clasificación destes residuos e ao abeiro da actual normativa autonómica, os residuos de clase I serán considerados, para os efectos da súa xestión, como residuos ordinarios e deberán ser separados nas correspondentes fraccións de orgánico ou restos, papel-cartón e vidro para a súa recollida e posterior tratamento. Son residuos municipais e non requiren esixencias especiais de xestión nin dentro nin fóra do centro xerador.

Este grupo de residuos inclúe materiais como cartón, papel, envases baleiros de plástico, vidro, metal, e materia orgánica. É dicir, son os que non proceden directamente das actividades asistenciais.

3.- Os residuos sanitarios pertencentes as clases II, III e IV deberán ser directamente xestionados



Concello de Viveiro

polos seus produtores ou posuidores a través dos correspondentes xestores autorizados.

Artigo 41. Residuos textís (roupa, zapatos usados e outros textís do fogar)

A cidadanía depositará obrigatoriamente os residuos textís nalgún dos seguintes puntos para a súa recollida separada, reutilización e valorización.

- a) Nos contedores dispostos polo concello ou por determinadas organizacións sen ánimo de lucro autorizadas por este.
- b) Facendo entrega dos mesmos no Punto Limpo, fixo ou móvil).
- c) Nos locais de entidades públicas ou privadas, preferentemente entidades de economía social, sempre que éstas estean autorizadas polo concello, sen perxuízo do resto de exigencias requiridas pola Lei 7/2022.

Artigo 42. Residuos de medicamentos e os seus envases.

Os restos de medicamentos, medicamentos caducados e os seus envases deberán segregarse do fluxo de residuos convencionais e depositarse nos colectores especiais situados nas farmacias denominados “puntos SIGRE”. A súa xestión é responsabilidade dese sistema integrado de xestión.

Artigo 43. Biorresiduos.

1. Os produtores de biorresiduos deberán separalos obrigatoriamente en orixe e alternativamente:

- a) realizar o tratamento “in situ” dos birresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou compostaxe comunitaria.
- b) Depositar os biorresiduos en bolsas compostable no contedor amrrón

Artigo 44. Residuos comerciais non perigosos e residuos domésticos xerados en industrias.

1. Os produtores deste tipo de residuos poderán utilizar o servizo público de recollida dos mesmos prestado polo concello, ou ben optar por asumir a súa xestión, por sí mesmos ou encomendándolla a xestor autorizado.

2. De optar por acollerse ó sistema público de recollida, o produtor quedará obrigado a cumprir coas instrucións sobre forma e horarios de entrega dos residuos que lle sexan indicados polos servizos municipais, así como, no seu caso, a abonar a contraprestación económica que o concello poida establecer pola prestación deste servizo.

3. Os produtores e posuidores destes residuos, cuxa recollida non sexa realizada polo servizo de recollida de residuos municipais, son igualmente responsables da súa correcta xestión. A tal fin, deberán:

- a) Manter os residuos en condicións adecuadas de hixiene e seguridade mentres estean no seu poder.
- b) Entregar os residuos nas condicións adecuadas de separación por fraccións ós xestores de residuos, dacordo co que dispoña a normativa aplicable.
- c) Dispoñer do documento acreditativo da correcta recollida e xestión de residuos.

4. En caso de incumprimento polo produtor ou posuidor das súas obrigacións, o concello poderá asumir subsidiariamente a xestión e repercutir ó obrigado o custe real da mesma, sen prexuízo das responsabilidades en que aquel poida ter incorrido.



Concello de Viveiro

Artigo 45. Separación en orixe das fraccións de recollida separada obrigatoria en eventos públicos.

Na organización de eventos públicos de carácter puntual que, a xuízo do Concello, impliquen a concentración dun elevado número de persoas, resultará obrigatoria elaborar un plan para a prevención e adecuada xestión dos residuos que se xeneren durante a celebración do evento. Neste plan incluírase como mínimo, o número, tipo e ubicación dos contedores, ou sistemas equivalentes

Artigo 46. Residuos excluídos da recollida municipal

Quedan excluídos do servizo obrigatorio de recollida de residuos domiciliarios as seguintes categorías de residuos:

- Os residuos sanitarios non asimilables a domésticos.
- Os residuos industriais que pola súa cantidade ou pola súa calidade non sexan asimilables a domiciliarios.
- Os envases ou residuos de envases procedentes de actividades industriais ou comerciais que non sexan asimilables ós de formato doméstico, salvo que, no caso dos comerciais, os seus produtores se tiveran acollido ó sistema público de xestión.
- Os residuos procedentes de excavacións, derrumbes, gabias, demolicións, obras de construción de todo tipo de infraestruturas e inmobles.
- Os residuos perigosos, e calquera outro material residual (líquido ou sólido) que, en función do seu contido ou forma de presentación poida calificarse de perigoso segundo a lexislación en vigor.

TITULO IV REXIME SANCIONADOR

Artigo 47. Fundamento.

O incumprimento dos preceptos previstos na presente Ordenanza determinará o inicio do expediente administrativo sancionador, tramitado de conformidade co disposto na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais normas que a complementen ou substitúan. Estarase así mesmo ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como nos Regulamentos de aplicación en materia sancionadora.

Artigo 48. Potestade sancionadora.

1. Corresponde á Alcaldía a resolución dos expedientes administrativos sancionadores, no exercicio da competencia que lle é atribuída a tal fin polo Artigo 21.1.n) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
2. A potestade sancionadora exercerase conforme ós principios previstos no Título IV de Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 49. Relación coa orde xurisdiccional penal.

O procedemento administrativo sancionador está supeditado á orde xurisdiccional penal, de modo que, cando exista identidade de suxeito, feito e fundamento, terá preferencia o enxuciamiento penal, debendo o órgano administrativo, no seu caso, suspender a tramitación do procedemento, actuando



Concello de Viveiro

segundo o establecido na normativa vixente.

Artigo 50. Responsables.

Sen prexuízo dos supostos concretos de atribucións de responsabilidade contemplados nalgún dos preceptos desta Ordenanza, rexirán, con carácter xeral, as seguintes normas sobre responsabilidade:

1. Serán responsables directos das infraccións a esta Ordenanza os seus autores materiais, excepto nos casos nos que sexan menores de idade ou concorran neles algunha causa legal de inimputabilidade, en cuxo caso responderán por eles os pais, tutores ou quen teña a súa custodia legal.
2. A responsabilidade será solidaria cando sexan varios os responsables e no sexa posible determinar o grado de participación de cada un deles. Igualmente serán responsables solidarios dos danos causados as persoas físicas ou xurídicas sobre as que recaia o deber legal de previr as infraccións administrativas que outros poidan cometer.
3. Cando os danos causados se produzan por acumulación de actividades debidas a diferentes persoas, poderá imputarse individualmente esta responsabilidade e os seus efectos económicos sempre que fose posible coñecer o grado de implicación de cada unha.
4. Cando se trate de obrigas de carácter colectivo, como a limpeza, mantemento e conservación de zonas comúns dos inmobles, a responsabilidade exixirase á correspondente comunidade de propietarios, ou ó conxunto de habitantes do inmovible se aquela non estivese constituída.

Artigo 51. Tipificación de infraccións.

Os actos ou omisións que contraveñan o establecido nesta Ordenanza terán a consideración de infraccións administrativas. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

1. Infraccións leves.

Consideraranse infraccións leves a efectos da presente Ordenanza, sen prexuízo do resto de infraccións tipificadas na Lei 7/2022, de 8 de abril e demais normativa sectorial de aplicación:

a) En xeral:

- Todas aquelas condutas que non estean tipificadas na presente Ordenanza como infraccións graves ou moi graves.

b) En materia de convivencia e limpeza viaria:

- Arroxar á vía pública residuos tales como cabicha, papeis, chicles, envoltorios ou calquera outro desperdicio similar.
- Non limpar o tramo de vía pública contiguo a quioscos ou establecementos susceptibles de producir residuos.
- Non manter limpa a superficie da vía pública que se ocupe con veladores ou cadeiras de terrazas de cafés, bares, restaurantes e establecementos análogos.
- Non recoller os vendedores de mercados e mercadillos os residuos xerados pola súa actividade.
- Non limpar as partes que sexan visibles dende a vía pública de edificios, fincas, vivendas e establecementos de dominio particular.
- Sacudir alfombras, roupas, escobas ou similares sobre a vía pública.
- Tender roupa en balconadas, ventás ou espazos orientados á vía pública.
- Regar plantas ou macetas colocadas nos balcóns, fiestras ou terrazas si con



Concello de Viveiro

elo se producen encharcamentos ou goteos sobre a vía pública ou sobre calquera dos seus elementos.

- Cuspir, ouriñar ou defecar na vía pública.
- Non recoller as feces dos animais domésticos cando estes as realicen sobre as rúas, beirarrúas, calzadas, zonas verdes e demais espazos públicos.
- Non limpar con disolución xabonosa (ou con auga nas zonas verdes) os espazos ensuciados como consecuencia dos excrementos e **ouriños** dos animais.
- Dispensar alimentos a animais sen dono coñecido, e, en particular, a gaivotas, pombas, cans ou gatos.
- Realizar calquera operación que poida ensuciar a vía pública e, de forma especial, o lavado e limpeza de vehículos ou maquinaria, a manipulación ou selección de chatarras ou residuos urbanos, o vertido de augas procedentes de calquera tipo de limpeza ou as reparacións de vehículos na vía pública.
- O almacenamento de materiais ou produtos de calquera tipo na vía pública. No caso de terrazas en vía pública estarase ao disposto na ordenanza municipal correspondente.
- Non respectar as obrigas de limpeza e de evitar a produción de polvo establecidas nos casos de execución de obras.
- A realización de actividades de transporte, carga e descarga sen respetar a obriga de limpeza que se exige.
- Colocar calquera tipo de cartel, pancarta ou adhesivo en lugares non autorizados, cando non supoña unha infracción grave.
- Realizar calquera das condutas sinaladas nos artigos 8 e 9, a excepción de que a conduta se atope contemplada como infracción grave ou moi grave.

c) En materia de xestión de residuos municipais:

- Apropriarse de calquera clase de residuo depositados nos contedores públicos, salvo que se conte coa autorización do concello.
- Realizar calquera tipo de manipulación nos contedores situados na vía pública.
- A invasión, por parte de calquera vehículo alleo ó servizo de recollida de residuos, de vados ou reservas previstos polo concello para a colocación de contedores de residuos, así como estacionar en lugares que dificulten as operacións de carga e descarga dos mesmos.
- Depositar residuos dentro dos contedores situados na vía pública fóra das horas previstas.
- Depositar os residuos domiciliarios nos contedores colocados para a contención dos residuos procedentes de obras.
- Depositar dentro dos contedores colocados na vía pública para a recollida selectiva de residuos calquera tipo de residuos diferentes ós que corresponda.
- Depositar os residuos sen efectuar a separación de fraccións de recollida selectiva.
- Abandonar calquera tipo de residuo fora dos recipientes colocados polo concello na vía pública para a súa recollida, salvo nos casos en que exista autorización previa do propio concello.



Concello de Viveiro

- Depositar nos contedores situados na vía pública contedores que conteñan residuos líquidos ou susceptibles de licuarse.
- Non depositar os residuos orgánicos en recipientes adecuados.
- O libramento, sen autorización do concello, de residuos en cantidades anormais.
- O incumprimento das súas obrigas polos produtores e/ou posuidores de residuos a que se refire o Artigo 35.

2. Infraccións graves.

Consideraranse infraccións graves, a efectos da presente Ordenanza, sen prexuízo do resto de infraccións tipificadas na Lei 7/2022, de 28 de xullo e demais normativa sectorial de aplicación:

a) Con carácter xeral:

- Todas aquelas infraccións da presente Ordenanza que, sen constituír infracción moi grave, teñan atentado contra a integridade física de terceiros e/ou a seguridade ou salubridade públicas.
- A reincidencia en infraccións leves (tres leves no prazo dun ano).
- Impedir ou obstaculizar as labores de inspección propias do concello que teñan por obxecto asegurar o cumprimento das prescricións da presente Ordenanza.

b) En materia de convivencia e limpeza viaria:

- Permitir que os animais realicen as súas necesidades fisiolóxicas sobre fachadas, portais, mobiliario público (farois, bancos, papeleiras) monumentos, edificios ou espazos públicos catalogados ou protexidos.
- Colocación masiva de carteis ou adhesivos en lugares non autorizados, entendendo por tal a colocación de máis de cincuenta elementos na vía pública, debidamente acreditada mediante informe da Policía Local ou vixiantes; así como a colocación non autorizada ou en lugares especialmente sensibles (entorno de monumentos ou lugares de interese turístico) de pancartas ou elementos de gran tamaño.
- Guindar material publicitario, octavillas ou similares na vía pública, ou a súa colocación nos vehículos aparcados.
- Non limpar o espazo público utilizado para a celebración de actos ou eventos.
- Realizar pintadas na vía pública sobre elementos estruturais, calzadas, beirarrúas, mobiliario urbano, muros e paredes.
- Realizar cambios de aceite ou doutros líquidos nos vehículos ou efectuar calquera reparación que conleve o vertido de combustibles, aceites ou calquera outro produto de carácter perigoso á vía pública.
- Incumprir, os propietarios ou titulares de establecementos, as obrigas sinaladas no artigo 8.
- Non manter permanentemente limpos os soares, parcelas ou terreos de propiedade privada situados en solo urbano ou de núcleo rural, incluídas beirarrúas, pasaxes, prazas, patios o calquera outra zona común das urbanizacións de dominio e uso privado.
- A invasión do dominio público desde parcelas privadas polo seu estado vexetal e non respectar a obriga de manter expedito o voo sobre o dominio público nunha altura mínima de 4 metros.



Concello de Viveiro

c) En materia de xestión de residuos municipais:

- Queimar residuos, desperdicios, ou material de calquera tipo.
- Depositar dentro das papeleiras ou dos contedores materiais en combustión ou a unha temperatura tan elevada que poidan deterioralos.
- Depositar residuos voluminosos na vía pública sen comunicación previa e confirmación por parte empresa concesionaria do servizo.
- Depositar nos contedores obxectos metálicos ou outros materiais que poidan avariar o poñer en perigo o sistema mecánico dos vehículos de recollida.
- Deteriorar, en xeral, calquera tipo de elemento situado na vía pública para o depósito de residuos urbanos.
- O abandono de animais mortos ou a súa inhumación en terreos de dominio público.
- O abandono incontrolado de residuos de construción e demolición.

3. Infraccións moi graves.

Consideraranse infraccións moi graves, sen prexuízo do resto de infraccións tipificadas na Lei 7/2022, de 28 de xullo e demais normativa sectorial de aplicación:

a) En Xeral:

- A reincidencia en infraccións graves (Dous graves nun ano).
- Calquera infracción das normas da presente Ordenanza nos que se constate que causaron danos ou deterioros graves para o medio ambiente ou puxeron en perigo grave a saúde ou a seguridade das persoas.

b) En materia de limpeza:

- Ensuciar a vía pública durante as actividades de manipulación, carga e transporte dos residuos perigosos ou dos residuos industriais.

c) En materia de residuos:

- A creación e/ou utilización de vertedoiros incontrolados.
- O abandono, vertido, enterramento ou incineración de residuos perigosos en lugares non autorizados para elo o seu depósito en conteres de residuos municipais.
- Non respetar as normas de xestión previstas para os residuos de servizos médicos, veterinarios ou de investigación asociada.
- A mistura de residuos de parques e xardíns con outros residuos que poidan dificultar unha posterior xestión e, en particular, con residuos perigosos que supoñan un risco na manipulación ou afecten negativamente nos distintos tratamentos a seguir nas Plantas de Tratamento de Residuos.
- Abandonar ou almacenar en lugares non autorizados para elo, así como enterrar ou incinerar calquera tipo de residuo industrial, salvo que exista autorización previa do órgano competente.

Artigo 52. Sancións.

1. As infraccións ós preceptos da presente Ordenanza serán punibles da seguinte forma, sen prexuízo das sancións establecidas na lexislación sectorial aplicable, que deberían tramitarse



Concello de Viveiro

segundo o establecido na mesma.

-infraccións leves: multa de 50,00 hasta 750,00 €.

-infraccións graves: multa de 751,00 a 1.500,00 €.

-infraccións moi graves: multa de 1.501,00 a 3.000,00 €.

2. Para graduar a contía e o alcance das sancións, atenderase ós seguintes criterios:

- A gravidade da infracción.
- O perxurio causado; a súa repercusión ou transcendencia na saúde ou seguridade das persoas, no medio ambiente ou outros bens ou intereses legalmente protexidos.
- As circunstancias do responsable, tales como a importancia ou categoría da súa actividade económica, ou a súa capacidade económica, así como o seu grado de culpabilidade, intencionalidade ou participación.
- O beneficio obtido: na imposición da sanción terase en conta que, en todo caso, a comisión da infracción non resulte mais beneficiosa que o cumprimento das normas infrinxidas.
- A reincidencia, pola comisión no termo dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así teña sido declarada por resolución firme.
- A reiteración, pola comisión no prazo de dous anos anteriores a que se cometa ou comezara a cometerse a infracción, dunha infracción da mesma norma e distinta natureza, cando así teña sido sancionada por unha resolución firme.
- Terán a consideración de atenuantes a adopción espontánea, por parte do responsable da infracción, de medidas correctoras con anterioridade á incoación do expediente sancionador, así coma o cese da actividade infractora de modo voluntario.
- Terán tamén a condición de agravantes ou atenuantes os establecidos expresamente para cada infracción na presente ordenanza.

Artigo 53. Obrigación de reparación, execución subsidiaria e multa coercitiva.

1. Sen prexuízo da sanción que se impoña, os infractores estarán obrigados á reposición e restauración das cousas ó estado en que se encontraban con anterioridade á infracción cometida, na forma e condicións que determine o órgano competente para sancionar.

2. Se os infractores non procederan á reposición ou restauración dacordo co establecido no apartado anterior, os órganos competentes poderán acordar a imposición de multas coercitivas con arranxo ó Artigo 117 da lei 7/2022, de Residuos e Solos Contaminados, en relación co artigo 103 da lei 39/2015, unha vez transcorridos os prazos sinalados no requirimento correspondente. A contía de cada unha das multas non superará un terzo da sanción fixada pola infracción cometida. En función do tipo de conducta, para a imposición de multas coercitivas estarase á normativa sectorial que resulte de aplicación.

3. En caso de incumprimento dos deberes que lles corresponden, e sen prexuízo das multas que se lles puideran impor, tras requirimento ó efecto, poderase efectuar a execución subsidiaria polos Servizos Municipais, por conta dos responsables.

4. Non será necesario requirimento previo, podendo procederse de modo inmediato á execución, cando da persistencia da situación puidera derivarse un perigo inminente para a saúde humana ou o medio ambiente.

Artigo 54. Prescrición.

1. As infraccións descritas prescribirán polo transcurso dos seguintes prazos:



Concello de Viveiro

- As infraccións leves prescriben ós 6 meses.
- As infraccións graves prescriben ós 2 anos.
- As infraccións moi graves prescriben ós 3 anos.

Para as infraccións tipificadas pola Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados, seguiranse os prazos de prescripción regulados na mesma. Para o suposto de infraccións previstas en normativa específica seguirase o establecido na normativa de aplicación.

2. As sancións prescribirán polo transcurso dos seguintes prazos:

- Moi graves: 3 anos.
- Graves: 2 anos.
- Leves: 1 ano.

Para as sancións previstas na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados, seguiranse os prazos de prescripción regulados na mesma. Para o suposto de sancións previstas en normativa específica seguirase o establecido na normativa de aplicación.

3. En relación coas infraccións, a prescripción interrompese coa iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador estivera paralizado máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.

4. O prazo de prescripción das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel en que adquiera firmeza a resolución pola que se impón a sanción. A prescripción interrompese, neste caso, pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo si aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó infractor.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

A entrada en vigor do artigo 5, apartado 3-d) da presente ordenanza queda aprazada por un período de seis meses dende a entrada en vigor da presente ordenanza, con fin de facilitar a adaptación previa necesaria para o sue cumprimento. Finalizado o aprazamento, o artigo entrará en vigor con plena eficacia.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Unha vez aprobado definitivamente este regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto integro no BOP de Lugo e transcorra o prazo de 15 días a que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da LBRL.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Quedan derogadas cantas disposicións de carácter municipal contradigan o disposto na presente Ordenanza

Segundo.- Publicar o texto íntegro da Ordenanza, no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

2ª PARTE: **PARTE DECLARATIVA**

1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO PARA INVESTIR NA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

Vista a moción presentada por o grupo municipal do PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO que se transcribe a continuación:



Concello de Viveiro

INSTAR AL GOBIERNO MUNICIPAL A INVERTIR EN LA RED DE ABASTECIMIENTO DE AGUA LAS PARTIDAS ECONÓMICAS PRESUPUESTADAS Y NO CONSUMIDAS EN ESTOS 6 MESES DEL 2024 DESTINADAS A LA POLICÍA LOCAL

EXPOSICIÓN

A finales del mes de Febrero el cuerpo de la Policía Local dejaba de prestar sus servicios, pues todos sus efectivos, incluido el inspector jefe, se encontraban en situación de baja médica. La alcaldía convocaba el 1 de Marzo una junta de portavoces y resolvía:

PRIMERO.- Acordar la apertura de un procedimiento informativo y de actuaciones previas con el fin de conocer las circunstancias que derivaron en la situación excepcional acaecida.

SEGUNDO.- Solicitar al servicio de prevención de riesgos laborales la emisión de informe de evaluación de riesgos psicosociales de los puestos de trabajo del Cuerpo de la policía local del Concello.

TERCERO.- Ante la magnitud de la situación solicitar la colaboración de la Diputación provincial de Lugo para que por parte del SERVICIO DE ASISTENCIA Y ASESORAMIENTO JURÍDICO Y TÉCNICO a CONCELLOS, SE LLEVE A CABO LA TRAMITACIÓN DEL EXPEDIENTE INFORMATIVO Y DE ACTUACIONES PREVIAS.

En la misma Junta de portavoces la alcaldesa confirmaba que la Dirección Xeral de Emerxencias había declinado enviar instructor y que sería la Diputación de Lugo la que asesoraría y apoyaría al Concello en el procedimiento por considerar que forma parte de sus competencias.

Desde entonces nuestro grupo ha preguntado en pleno en más de una ocasión y el Gobierno bipartito ha manifestado públicamente que el procedimiento estaba en marcha, que ya se habían nombrado instructor y la documentación había sido remitida, ensalzando a la Diputación y denostando a la Xunta de Galicia como es habitual en el proceder de este Gobierno.

El CSIF, sindicato de los funcionarios, también ha salido al paso de las declaraciones de la alcaldesa y ha cuestionado la labor y los avances de la señora Loureiro y su socia de gobierno para esclarecer el asunto y solucionar el problema, cuestionando sus métodos y su gestión.

En el presupuesto del 2024 la partida destinada para la Policía Local asciende a una cifra considerable, lo que supone que durante estos 6 meses que llevamos sin efectivos municipales se liberaría una cuantía importante de presupuesto que queda disponible para realizar redistribuciones entre diversas aplicaciones de gasto con distinto nivel de vinculación a través de transferencias y consignar créditos en las correspondientes aplicaciones.

Nuestro grupo cree que la obligación de un gobierno es valorar las necesidades de los ciudadanos y cubrir en la medida de lo posible sus necesidades básicas, garantizando los servicios de primera necesidad como el agua. Los vecinos y vecinas de Galdo y Landrove sufren constantemente cortes en el suministro que les impiden realizar sus tareas diarias como el aseo personal, labores de limpieza en sus hogares, negocios, o algo tan necesario como dar de beber a los animales o regar sus huertos.

Es por eso que:

-Instamos al gobierno municipal a invertir el resultante de las cuantías reservadas en el presupuesto 2024 para la policía local, en la puesta a punto de la red de abastecimiento de agua en las parroquias de Galdo, Landrove y Magazos por considerar que su situación es crítica, y la intervención urgente y necesaria.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal "gestiona" que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D Pablo Varela Sanchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, solicitando, ao amparo do artigo 25 do ROM a ampliación dos tempos de intervencións para este asunto.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, para preguntar se esta ampliación de tempos é so para este punto en concreto ou para todos os puntos que quedan por debatir no pleno.



Concello de Viveiro

Intervén a Sra. Alcaldesa informando que só sería para este punto en concreto procedendo á lectura do artigo do ROM que establece esta posibilidade. Procédese á votación da proposta aprobando por unanimidade a ampliación dos tempos para o debate deste punto.

Intervén D Pablo Varela Sánchez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, dando lectura á moción presentada.

Intervén a Sra. Alcaldesa considerando que a moción fai referencia a dous ámbitos, facenda e obras, polo que apunta que polo tanto primeiro vai dar a palabra á concelleira de obras e despois ao concelleiro de Facenda.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, matizando en primeiro lugar que non se denostou á Xunta de Galicia, simplemente se dixo que por parte do servizo de Emerxencias se respondeu ao concello que non ían colaborar co concello nese asunto, polo que se deron datos obxectivos. Con respecto á obra informa que contan con un orzamento para a reparación dende a potabilizadora de Landrove ata o cruce de Landrove duns 184.000 €. Considera que a obra é moi necesaria, pero engade que primeiro hai que obter as autorizacións sectoriais, polo que é un proceso que leva tempo, e non vai resultar viable acometela no 2024, pero engade que se intentará conseguir financiación para poder licitala no 2025.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, manifestando que está de acordo coa moción xa que considera que as roturas son moi frecuentes e hai moitos prexuízos para os profesionais e para os veciños. Informa que con respecto ás partidas orzamentadas para a Policía Local dende marzo ata agosto tívose un gasto de 262.000 € e devolveuse por parte da Seguridade Social 108.000 €. Engade que nos primeiros seis meses de baixa laboral os empregados do Concello de Viveiro perciben o 100% do salario amparados polo seu convenio, a Seguridade Social paga o 75% e o concello o outro 25%. Explica que como o abono da Seguridade Social foi de 108.000 €, quedaba un remanente para modificacións de crédito de 153.000 €. Explica que ao longo do ano fixéronse tres modificacións de crédito, e desta partida na primeira modificación de crédito, de data 16 de abril, utilizáronse 12.000 € para a auditoría do plan de accesibilidade e revisión de proxectos de obra, na segunda modificación, de data 26 de xuño, utilizáronse 3.417 € para abastecemento de maquinaria e para o tratamento de residuos; e a terceira modificación, de data do 6 de agosto, utilizáronse 89.000€ desa partida dos cales 4.000€ foron para o subministro de dous cortacéspedes e 85.000 € para a partida de actividades culturais para as festas de Viveiro. Considera que con un sobrante de 4.000€ pouco se pode facer e recorda que hai máis sitios onde tamén é necesaria a actuación. Indica que tamén é necesaria esta actuación e recorda que hai un orzamento para a reparación de 16 km, por un importe de 4 millón de euros, non tendo o concello capacidade para asumir esa cantidade.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, entendendo que a moción consta de dous apartados e quere comezar a falar do tema da Policía Local, ao respecto do que di que levan 6 meses de baixa sendo un feito grave e ao que non se lle ve o fin. Considera que a Policía Local é necesaria, e cita como exemplo que os días de choiva na Avenida Cervantes pode verse que dende a fronte da terraza do Muro ata o Espantalliño está todo cheo de coches, cando alí non se pode aparcar. Matiza que considera que o abastecemento de auga é un servizo básico e é lamentable hoxe en día estar nesa situación, considerando que se trata dun tema peliagudo con un contrato de moi longa duración, recordando que houbo un acordo dos dous grandes partidos para esa renovación. Indica que é difícil de entender que en todos estes anos non se teña mirado o papeleo das sectoriais e recorda que agora os orzamentos van xustos pero fai anos había alegrías orzamentarias e púidose ter acometido esta actuación en anos pasados, e non tan pasados. Reprocha que se se mira o que se leva gastado este ano en recoñecementos extraxudiciais referentes a gastos do ano 2023 parece que algo non cadra xa que parece que se preferiu gastar noutros conceptos e esqueceuse este, habendo un capitulo importante de gasto para as festas, preguntándose como serían as festas se a Policía Local estivese de alta. Remata solicitando que se arranxe o abastecemento de auga para que non se produzan máis roturas.



Concello de Viveiro

Intervén D Pablo Varela Sanchez, en representación do Grupo Municipal Partido Popular de Viveiro, indicando que a súa obriga é atender as necesidades dos veciños e traelas a pleno para encontrar unha posible solución, recordando que os veciños de Galdo están fartos de tantos cortes. Apunta que no verán case todas as semanas tiveron cortes, estando algún día sen auga todo o día, todo isto, sen previo aviso e co prexuízo que ten para a vida rutinaria. Recorda que este problema non é nada novo, xa que se arrastra dende hai moitos anos, aínda que matiza que este ano foi a outro nivel, afectando a negocios turísticos tamén. Alude a que o pasado 2 de agosto o Concello de Viveiro publicou nas súas redes sociais un comunicado no que aludía á reparación dun tramo de 500 m. no que cifraba o arranxo en 200.000 € e indicaba que se estaba a traballar para conseguir ese orzamento para o 2025, recordando que acaban de aprobar o orzamento de 2024, e a continuación publícase que traballan para arranxar os problemas coa maior brevidade, reprochando que actuar así non é considerar ese problema como prioritario. Entende que se o consideraran prioritario o que debería de facerse sería ir ao orzamento do 2024, ver a partida de Policía Local e restar desa partida a contía de multas, quedando a partida nuns 510.000 €, cun cálculo de seis meses sobre 260.000 €, polo tanto remata indicando que se o consideraran grave habería partida orzamentaria para paliar ese problema. Matiza que se xa están a confeccionar o orzamento do ano que ven e teñen unha partida para este asunto, estaría ben sabelo todos, por enriba de todo os veciños. Segue a súa intervención comentando que non se chegaría a esta situación de dispoñer dese orzamento, e alude a que non se recorda unha xestión da problemática da Policía Local tan lamentable, aludindo a que o un de marzo saltou unha noticia na que toda plantilla da Policía Local estaba de baixa por ansiedade, como din eles “por non sentirse apoiados...”, recorda que o CSIF, sindicato que aclara non está vinculado á Xunta, publicou un informe no que insta ao Concello a que se solucione o problema, froito da situación tóxica e o ambiente ditatorial “sibilino acoso” e “malas formas” e preguntalle á Sra Alcaldesa se sabía algo de eso. Engade que a baixa completa da plantilla sucede debido a cuestións, di o sindicato, que se remontan ao menos a tres anos atrás. Recorda que a competencia da alcaldía con respecto á Policía Local é indelegable, e entende que antes de abrir o procedemento o que debería facer era mediar e iniciar as dilixencias que fosen precisas para resolver o conflito, sendo esa a súa obriga.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, indicando que o compromiso co arranxo da rede de abastecemento é claro e se fose sinxelo estaría resolto. Recorda que hai que conseguir un proxecto, as sectoriais e a licitación e todo iso é imposible facelo neste ano 2024, polo que se intentará conseguir que a documentación estea preparada este 2024. Matiza con respecto á partida anual da Policía Local que na intervención do PP parece que están a dispoñer de toda a partida e aclara que a Policía Local pódese darse de alta en calquera momento e están dando por suposto que non se van incorporar no que resta de ano, recordando que as baixas médicas as dá un médico e non o equipo de goberno e hai que prever que en calquera momento as baixas poden rematar e xa poidan incorporarse. Informa que as avarías soluciónanse coa maior brevidade, esta claro que as avarías e danse sen previo aviso xa que non se coñece cando van romper, engadindo que para o seu arranxo o persoal de Viaqua ten desdoblado quendas, feito horas extras e incluso traballar de noite para arranxar o antes posible as avarías.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, reiterando que como dixo na primeira intervención, hai moitos veciños afectados polas roturas. Con respecto ás baixas da Policía Local reitera que o Goberno Municipal non está facultado para dar baixas como ben dixo a Primeira Tenente de Alcaldía, e son os facultativos médicos os que as dan, referindo que tamén hai unha inspección médica. Informa que o Concello de Viveiro non ten ningunha reclamación por escrito por parte de ningún policía local dos feitos que di o concelleiro, entendendo que pouco se pode facer con respecto á instrución do procedemento da policía local, xa que prevé que todo posiblemente vaia acabar no xulgado e por facer un expediente non cree que vaia a haber altas se contan cunha enfermidade. Informa que deste ano quedan catro meses e non se poden liberar os importes dos salarios da policía local que están sin consumir xa que poden darse de alta en calquera momento. Finaliza informando que van votar en contra da moción.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, entendendo



Concello de Viveiro

que despois dos argumentos que dá o equipo de goberno parece deixar claro que non se vai a realizar esta obra neste ano, tanto por tempo como por orzamento. Considera que nun orzamento de 15 millóns de euros non debe de ser tan difícil meter 200.000 €, reprochando que aínda non se fixese e polo tanto cree que non se pensou no abastecemento de auga a priori. Solicita que debe de quedar claro o compromiso do equipo de goberno de incluír no orzamento do 2025 esta actuación.

Intervén a Sra. Alcaldesa entendendo que o concelleiro pediu a ampliación do tempo non para falar do punto principal do acordo senón para poder falar do tema da Policía Local e repróchalle que non todo vale en política. Por alusións toma a palabra para explicar que respecto á policía local deuse de baixa toda a plantilla en marzo, abriuse un expediente informativo, asesorados polos técnicos municipais, e entendiase que a Dirección Xeral de Emerxencia era a competente para resolver ese conflito. Recorda que dende a Xunta dixeron que se remitise á Deputación, e recorda que a administración é lenta. Informa que na tramitación van a chamar a cada un dos policías para testificar e vai a haber unha resolución. Aclara que isto non quere dicir que cando se resolva vaian incorporarse, aínda que o concelleiro do PP dixó o motivo da baixa, apunta non ter o Concello constancia do motivo xa que o motivo da baixa é confidencial. Informa que o equipo de goberno dende que está ela de alcaldesa sempre se chegou a acordos no campo laboral coa policía local. Entende que non poden tomar ningunha medida sin ter nada por escrito, e informa que o acoso é un delito que hai que demostrar. Considera que tanto polo PP como polo CSIF non poden dicir que hai un acoso cando aínda non se tramitou ese expediente, podendo falar de malestar ou conflito polo que se veu cos acontecementos. Informa que sen policía local se fai como se pode coa colaboración de protección civil, policía nacional, garda civil, pasando a Semana Santa, o Resu e Naseiro. Afirmo que hai carencias no día a día pero niso traballan cada día, abriuse un expediente, hai un instrutor que fará unha resolución, pero entende que esa resolución ao mellor non é o fin do problema e non vai ser unha resolución definitiva que determine que xa se incorporen. Reprocha que se remita a responsabilidade das baixas á alcaldesa, sendo un médico o que da as baixas. Reitera que cando se fala de acoso debe de haber probas e o concello non as ten, ao contrario o concello sempre mediou.

Intervén D Pablo Varela Sanchez, en representación do Grupo Municipal Partido Popular de Viveiro, informando que ten dereito a un minuto de peche das intervencións segundo o ROM. Segue a súa intervención aclarando que as palabras que reproduciu antes son sacadas dun sindicato independente de funcionarios, e non son do PP. Fai alusión ao que di o sindicato sobre o instrutor e comenta que para poder nomear un instrutor hai que aprobar un convenio e tardaron 2 meses en aprobalo, con respecto a iso preguntase o sindicato se é froito da incompetencia ou dun interese intencionado. Entende que non se avanzou en nada, están igual e recorda que todas esas palabras son palabras dun sindicato.

Intervén a Sra. Alcaldesa reprochando que cando se quere faise caso aos sindicatos, e recorda que tamén hai sindicatos en sanidade que din que non hai médicos e a iso non se fai caso. Remata dicindo que hai que ser serios.

Non existindo mais debate procédese á votación, con 7 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PP, 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo PSOE e BNG e 1 abstención correspondentes aos concelleiros de Por Viveiro.

Procedese a unha segunda votación con 7 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PP, 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo PSOE e BNG e 1 abstencións correspondentes aos concelleiros de Por Viveiro. na que queda rexeitada a moción co voto de calidade da Sra. Alcaldesa.

3ª PARTE: **PARTE DE CONTROL**



Concello de Viveiro

INCLUSIÓN DE ASUNTO POR URXENCIA.

Proponse ao pleno a inclusión do acordo da designación das festividades locais dado a premura por desinalos para poder dar traslado do acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en prazo.

Procedese á votación da inclusion do asunto por urxencia, apróbanse por unanimidade.

DESIGNACIÓN DAS FESTIVIDADES LOCAIS DO 2025.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Local celebrada en data 4 de setembro de 2024, tras a realización segundo acordo da propia Comisión Informativa de modificacións na proposta, segundo consta na acta da referida Comisión, quedando co seguinte contido:

“Primeiro.- Establecer como festividades locais no Concello de Viveiro para o ano 2025 os seguintes días:

Martes de carnaval: 4 de marzo de 2025.

Festividade de San Xoan: martes, 24 de xuño de 2025.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcaldesa, sinalando que a proposta da alcaldía é para designar como días festivos locais o día 24 de xuño (día de San Xoan) no canto do día 16 de agosto que é sábado e o martes de carnaval. Informa que na comisión informativa ditaminouse favorablemente co voto a favor do BNG, PSOE e Por Viveiro e o voto en contra do PP.

Intervén D^a. Maria del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro, reprochando que houbo unha xunta de voceiros para falar do tema e despois desa xunta entendeu que había un acordo consensuado sobre os días festivos, para fixar o 16 de agosto e o martes de carnaval. Engade que veu á comisión informativa coa idea do 16 de agosto, engadindo que na convocatoria da comisión informativa había unha proposta da alcaldía para o 16 de agosto e o martes de carnaval, e nesa comisión urxente, celebrada 15 minutos antes do pleno propúxose unha modificación da proposta. Sinala que o Partido Popular non vai a cambiar a festividade do co-patrón de Viveiro a non ser que o 16 de agosto sexa domingo, considerando que o sábado hai moita xente que traballa e sieo día grande cae sábado e os veciños queren celebrar o día grande debe manterse festivo.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, informando que el non estivo na reunión anterior, que preguntou e lle dixeron que a comisión estaba prevista para 15 minutos antes do pleno. Afirma que había un pre-acordo para as datas do 16 de agosto e martes de carnaval, pero ás veces hai que darlle máis voltas ás cuestións, entendendo que pónase o festivo que se poña sempre vai haber prexudicados. Alega que se se pon San Roque festivo, matizando que defende tanto o San Roque como o Santo Tomás, no 2025 habería 3 festivos seguidos e os supermercados non poden estar pechados tres días festivos, polo que van abrir algún día, como pasa en Semana Santa. Finaliza informando que están a favor da designación do 24 de xuño como festivo local no canto do 16 de agosto.

Intervén D^a. Iria Cotelo Cociña, en representación do Grupo Municipal do BNG, aclarando que



Concello de Viveiro

entenden que cando cae domingo xa se fai por defecto pero como cae sábado houbo moitas dúbidas. Informa que faláron con moitos sectores e dicían que serían tres días festivos seguidos. Considera que o ideal era que os traballadores puidesen desfrutar dos días festivos. Recorda que este ano nesas datas houbo só 2 días festivos e abriron un deles, considerando que no 2025 ao ser 3 días festivos a alimentación terá que abrir o domingo con traballo a destallo e logo traballar de domingo a sábado, polo que se lles prexudicaría. Segue a súa intervención recordando que hai moitas empresas que traballan de luns a venres, non só funcionarios, e outras que traballan a quendas, nese caso tendo que traballar na quenda que a cada un lle toque, pero reivindica que todos os empregados deben ter 14 días festivos ao ano. Entende que é unha situación excepcional que haxa tres días seguidos e considera que hai que pensar no beneficio das persoas traballadoras de Viveiro, e alega que Viveiro tamén ten máis dunha parroquia, cada unha cos seus patróns e oxala que todas as familias puideran celebrar o seu patrón da parroquia nun festivo.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, recordando que na reunión de voceiros o seu grupo manifestou que debería haber unanimidade na decisión, en efecto indica que cando se saíu da reunión saíuse co acordo do día 16 de agosto e martes de carnaval, afirmando que hoxe presentouse outra opción e o Grupo Municipal de Por Viveiro votará coa mesma opinión que tiña o pleno pasado sendo a daquela a opción de martes de carnaval e 24 de xuño. Reitera que é moi importante que os traballadores poidan desfrutar dos 14 días festivos, matizando que os traballadores a quendas están vinculados pola súa quenda de traballo, con independencia de cando sexan os festivos.

Intervén a Sra. Alcaldesa recordando que este asunto xa foi ao anterior pleno e a proposta de alcaldía era a mesma que agora. Informa que na reunión previa á comisión informativa foi motivo de debate e falouse con moitos sectores. Tamén considera que Covas é un grupo importante no concello e o outro núcleo grande é Celeiro que ten o seu propio festivo. Indica que lles gustaría que o acordo fose por unanimidade pero entende que os 14 festivos non se terían para unha maioría moi ampla dos veciños se a proposta é o 16 de agosto.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a proposta con 8 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSOE, BNG e Por Viveiro e 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo PP, quedando redactado o acordo co seguinte contido:

Primeiro.- Establecer como festividades locais no Concello de Viveiro para o ano 2025 os seguintes días:

Martes de carnaval: martes, 4 de marzo de 2025.

Festividade de San Xoan: martes, 24 de xuño de 2025.

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía, incorporando ao expte do presente pleno listado das referidas resolucións.

2.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 01/09/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-2715).

Intervén D^a. Saray Ventura Fernández, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

"En el pleno del 6 de Marzo el PP llevaba la siguiente moción :



Concello de Viveiro

- MOCIÓN PRESENTADA POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO PARA IMPULSAR LA SOLICITUD DE LOS OBRADOIROS PARA DESEMPLEADOS, INCLUYENDO LOS DE GARANTÍA JUVENIL, PARA SU POSTERIOR PROMOCIÓN.

La moción salió adelante y se aprobó por unanimidad.

Rogamos nos expliquen los avances en el proyecto a presentar en la próxima convocatoria, así como las mejoras que el gobierno de Viveiro ha realizado en las instalaciones municipales o en su caso las gestiones de otros espacios para que en un futuro no lejano nuestro concello pueda contar con obradoiros para desempleados.”

Intervén D^a Iria Cotelo Cociña, Concelleira delegada de emprego, informando que dende marzo non foi imposible adecuar ningunha instalación municipal. Informa que se está falando con Educación para habilitar aulas, engadindo que teñen en mente un obradoiro de xardíns pero estase vendo a viabilidade técnica. Indica que están valorando todos aqueles obradoiros que están encamiñados á rehabilitación das contornas urbanas e medio ambientais e a recuperación do patrimonio artístico histórico ou natural. Engade que outra problemática que se tratou no debate da moción foi que non eramos concello emprendedor e avanza que hai intención de traer ao vindeiro pleno a adhesión.

Intervén D^a. Saray Ventura Fernández, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestando a súa lelicia pola adhesión a concello emprendedor e recorda que no pleno anterior tamén se dicía que estaba pendente de incorporarse o Técnico de emprego, polo que solicita información sobre se xa está incorporado ou cando se vai a habilitar esa praza. Comenta que dse dixo que non era factible nos orzamentos do 2024 a reparación desas instalacións e pregunta se no 2025 hai proxectado incluír nos orzamentos a reparación de instalacións a estes efectos.

Intervén D^a Iria Cotelo Cociña, Concelleira delegada de emprego, agardando que a incorporación sexa axiña xa que o proceso de estabilización ten que rematar a finais de ano e polo tanto ten que ser nestes meses.

Intervén a Sra. Alcaldesa reiterando que o proceso de estabilización ten que estar rematado antes do 31 de decembro e informa que a fase de oposición ten fixado o exame para este mes de setembro.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 01/09/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-2715).

Intervén D^a. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

“En el pleno de Octubre el partido popular presentaba la siguiente moción:

IMPULSAR LA REHABILITACIÓN DE LA PLAZA DE ABASTOS Y DINAMIZAR SU ACTIVIDAD

Y aunque la moción se aprobó por unanimidad , casi un año después, la situación se ha complicado perdiendo placeros y sin visos de pliegos para poder acceder a los puestos vacantes.

Por todo ello Rogamos nos expliquen en qué situación se encuentran los pliegos de licitación y las líneas de ayuda que el concello ha solicitado para este ejercicio.”

Intervén D^a. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, lendo o rogo e informando que ese mesmo día tiveron unha reunión coa Dirección Xeral de Comercio e comenta que aínda que ela xa o ten contestado nesa reunión, considera que a información debe darse igual publicamente.

Intervén D^a Iria Cotelo Cociña, Concelleira delegada de Comercio e Mercados, informando que a



Concello de Viveiro

subvención de mercados excelentes solicitouse en tempo e forma, ten dúas fases a fase A e a fase B e para poder acceder á fase B, que é a da reforma, hai que ter feita a fase A. Solicitáronse 12.100 € para realizar a diagnose, situación e usos do mercado; 2.400 € para a formación das praceiras, e este ano ten a novidade que hai a posibilidade de financiar o anteproxecto de reforma que está orzamentado en 9.680 €. Polo tanto en total, están solicitados 24.180 €, dos cales a Xunta subvenciona un 80% e Concello asume o outro 20%. Informa que estase á espera da resolución e que hoxe dixéronlles que no prazo de 15 días saberíase algo. Engade que de forma previsora como non sabían se ían conceder a subvención, gardáronse 14.000 € no orzamento para poder ir facendo a diagnose. Respecto aos pregos, informa que a diagnose estuda os pregos de licitación. Comenta que agora mesmo hai na praza tres peixeiras e as tres sen contrato en vigor e comenta que a demora dos pregos ven derivada porque se está a buscar a forma xurídica de que esas peixerías poidan continuar xa que son peixerías que algunha delas leva catro xeracións e teñen un valor que hai que manter, indicando que na diagnose estanse realizando tamén valoracións. Remata informando que por parte da consultora que a esta a facer dinlle que estará acabada a mediados de mes.

Intervén D^a. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, considerando a situación crítica tanto a nivel estrutural como a nivel dos praceiros. Reprocha que se non hai postos ocupados a xente non visita o lugar. Considera que non solicitar a fase B foi un atraso xa que hai que esperar ao ano que ven para poder solicitala a non ser que se pidiran outras axudas que non sexan da Xunta. Prevé que a execución da obra levará case 3 anos, e entende que é demasiado tempo para non buscar solucións aos espazos baleiros para os praceiros.

Intervén D^a Iria Cotelos Cociña, Concelleira delegada de Comercio e Mercados, informando que houbo unha reunión cos praceiros en agosto e estase mirando a forma de ocupar inmediatamente a praza, estase valorando, pero aínda non é firme, a posibilidade de ofertar os postos a calqueira que poida estar dado de alta e que poida ocupalos de inmediato, xa que é preciso dinamizala o mais axiña posible e cando se saiba que se pode facer anunciárase.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 30/08/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-5561).

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura do rogo.

“Fonte de Cadafalso

A fonte do Cadafalso que, ademais de ser unha das mais emblemáticas do noso concello presta un importante servizo a toda a veciñanza da súa contorna, leva practicamente todo o mes de agosto sen botar auga polos seus canos.

Por todo o exposto, rogamos ao equipo de Goberno a explicación en pleno das causas que provocaron que a Fonte do Cadafalso non bote auga, das xestións realizadas para que a volva a estar operativa e dos motivos de tanta demora.”

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, recordando que o mes de agosto é un mes no que o persoal do Concello colle vacacións e polo tanto non hai moito persoal e a esto súmase que o proceso de estabilización non está rematado e que os fontaneiros tamén axudan noutros postos, polo tanto non se dá feito máis. Informa que non había auga xa que rompeu a traída.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, reprochando que está sen auga dende hai un mes e pregunta cando se solventará. Entende que para arranxar un problema, analizar o que pasa é importante pero para solucionalo tamén é importante a rapidez en arranxalo.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, recordando que estivo pouco mais de 15 días sen auga e xa está funcionando; reitera que as brigadas non dan feito e indica que



Concello de Viveiro

hai que priorizar e por desgraza a fonte tivo que agardar.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 30/08/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-5562).

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura do rogo.

Contedores de lixo na avenida García Doriga.

Os contedores do lixo da avenida García Doriga levan meses emitindo un cheiro nauseabundo, feito que se acentúa nos meses de verán, que resulta moi molesto para os veciños e veciñas que residen na devandita avenida e tamén para os que transitan por ela.

Por todo o exposto, rogamos ao equipo de Goberno a explicación en pleno de que medidas pensa tomar para a eliminación destes feitos e para que non se volvan a producir no futuro.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que o servizo de limpeza substituíu eses colectores por outros limpos en datas 10 e 14 de agosto e limparon a zona. Informa que non se sabe que ocorre alí e aproveita para facer un chamamento para que se aporten probas para saber o que pasa. Informa que na ordenanza de convivencia que aprobaron hai medidas sancionadoras para o uso incorrecto dos colectores. Engade que a quen lle bota a culpa do problema falouse con eles e manifestan que non teñen nada que ver co problema.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, considerando que non é moito de recibo pedirlle aos veciños que fagan de Policías e propón que se poñan colectores de quita e pon nesa zona como no Casco Histórico para saír de dúbidas de se son os colectores ou non.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcalde, comentando que teñen pendente traer ao pleno os datos do volume de recollida de quita e pon e como esa medida fixo que subira o volume nos colectores do aro do Casco Histórico e polo tanto ten dúbidas de se esa será unha medida acertada. Remata informando que ao concello veñen moitos veciños a queixarse de cousas é con fotografías polo tanto non é novidoso que se aporten probas.

RESPOSTA ROGO ORAL PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NO ANTERIOR PLENO

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que o rogo oral estaba relacionado coa falta de aparcamento no que se propoñía eliminar as prazas de taxi en Cantarrana. Informa que dende a concellería de mobilidade estase a facer un estudo de solares libres, e así poder valorar ofrecer un contrato de arrendamento para ocupar esas parcelas e así o Concello ofrecer aparcadoiro público. Entende que Covas está saturada urbanisticamente e nas parcelas que se ven libres e parecen axeitadas, non é posible, xa que a porcentaxe verde reservada non o permite e as da zona do río teñen afección e é inviable Contactouse co propietario dunha parcela que cumpre e a primeira vez non estaba disposto. Engade que as que son máis apropiadas en Viveiro teñen donos descoñecidos e quere deixar claro que se esstá a traballar para conseguir eses solares. Viveiro está nun val e non ten a onde medrar e considera que o correcto é apostar polo transporte público e que os veciños deixen de usar os vehículos privados. En cando a eliminar o sinal de taxi informa que a ordenanza reguladora dos taxis é de 2016 tras a lei do transporte publico de 2013 cun texto que procede dun acordo marco da deputación, sendo unha tarefa pendente a súa modificación, e nese contexto tomarase esa decisión.

Intervén D. Domingo González López, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, comentando que se di que se fixeron xestións e informa que previamente a asociación Beiras de Viveiro fixo unhas peticións con propostas de fincas e falouse co concello para condonar o IBI ou



Concello de Viveiro

outra fórmula. Recorda que houbo un aparcamento en Covas dun particular, que se vendeu na prensa que o concello estaba negociando para que fose aparcadoiro público e ó final non chegou a nada. Pregúntase canto se van demorar as negociacións cos propietarios das fincas. Con respecto as paradas dos taxis informa que esa sinal onde se puxo non é usada por ningún taxista.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, recalcando que non hai demora, que se están buscando solucións pero se os propietarios non queren non se pode facer nada. Con respecto á quitar a sinal non ve apropiado sacala sen consultar co sector.

ROGO ORAL PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, informando que o rogo ven a colación do mal uso dos colectores de lixo e suxire buscar unha forma de actuar alternativa ao quita e pon, apuntando á forma de actuar que se ten neste intre para algún tipo de establecementos como son as peixerías, suxeríndoe que cada establecemento teña o seu propio colector e que o quite e o lave el e así reducir os malos olores. Informa que hai unha en Covas que o fai e que funciona ben. Propoñen ao equipo de goberno que faga esa xestión para eses puntos conflictivos.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21:00 horas do día 4 de setembro de 2024, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

